

Revista Galega de **TRABALLO SOCIAL**

fervenzas –19–



Revista Galega de **TRABALLO SOCIAL**

fervenzas –19–



Xunta de Goberno Marta Capeáns Outeiro, Presidencia
Gonzalo Saborido Martínez, Vicepresidencia
M^a Isabel Ríos Paz, Secretaría
Jesús Pérez Pérez, Tesourería. Responsable de Publicación
Beatriz de la Torre Bermúdez, Vogalía
David Saavedra Pino, Vogalía
Carlota Obelleiro Madroñal, Vogalía
Patrica Blanco Riveiro, Vogalía

Responsable da edición Marta Capeáns Outeiro

Coordinadora da edición Ana M^a Fungueiriño Carneiro

Mesa de redacción M^a Elena Puñal Romaris, M^a Xosé Vázquez Vázquez, Inés Moreira Brenlla,
Ana M^a Rodríguez González, Begoña Sánchez Roura, Francisco Xabier
Aguiar Fernández

Edita Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia
Rúa Dublín, 6, baixo, porta 3
15707 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 56 81 00 | Fax: 981 94 18 98
E-mail: fervenzas@traballosocial.org

Data da Publicación: Decembro 2016
Imprime Gráficas Mera

ISSN 1698-5087
ISSN electrónico 2254-7657

Dep. Legal C-1.884/97

*Fervenzas non se responsabiliza das opinións expresadas das/dos autoras/es,
nin se identifica necesariamente cos contidos dos textos publicados.*

S U M A R I O

LIMIAR	Páx.	5
1. Violencia de xénero e menores: situación actual e modificacións legislativas recentes en España. <i>Ana María Rodríguez González</i>	Páx.	9
2. Acumulación domiciliaria: síntoma, significativo e modo de proceder. <i>Luis Rodríguez Carmona</i>	Páx.	21
3. A autodeterminación dxs menores trans. Un reto desde o eido social. <i>Cristina Palacios Castro</i>	Páx.	45
4. Aspectos políticos e xurídicos da transexualidade en España, unha ollada desde o Traballo Social. <i>Nerea Paula Rodríguez</i>	Páx.	55
5. Análise dos factores socioeconómicos dos mozos e mozas máis vulnerables do medio urbano. <i>Mónica Ureña Jiménez</i>	Páx.	69
PREMIOS DÍA MUNDIAL DO TRABALLO SOCIAL 2016		
Modalidade Boas Prácticas:		
• Rede Lucense de Voluntariado «Enredando tecido social». <i>Tania Covas González, Carla Carballeira Fernández e Eloína Injerto López</i>	Páx.	93
• O proxecto INclúe: Innovación para a Inclusión Social en Galicia, de Emaús Fundación Social. Maio 2014 - setembro 2015. <i>Juncal Blanco Granado, Nerea Kortajarena Ibáñez e Virginia Romero Sobral</i>	Páx.	113
Modalidade Investigación:		
• Análise do pensamento crítico do estudantado de traballo social. <i>Ana Isabel Souto Gómez e Miguel Angel Talavera Valverde</i>	Páx.	135
EN REDE		
Asociación para a prevención da exclusión social (APES). <i>M^a Inmaculada Victorino</i>	Páx.	159

EN REDE		
Asociación galega de hemofilia (AGADHEMO). <i>Mónica Ureña Jiménez</i>	Pág.	163
ESPAZO ABERTO		
Coidados paliativos e exclusión social. <i>María Jesús Lago Vilaboa</i>	Pág.	169
ENTREVISTA		
Laura Bugallo <i>Eva Salgado</i>	Pág.	173
RECENSIÓN DE PUBLICACIONES		
Homosexualidad y trabajo social. Herramientas para la reflexión e intervención profesional. <i>Francisco Xabier Aguiar Fernández</i>	Pág.	177
NORMAS DE PUBLICACIÓN DA REVISTA GALEGA DE TRABALLO SOCIAL FERVENZAS	Pág.	181

S U M A R I O

Temos a satisfacción de presentarvos o número dezanove da nosa Revista Galega de Traballo Social, que nos achega a diferentes áreas da intervención social profesional a través das aportacións de diferentes persoas que traballan en primeira liña cada día para axudar a mellorar a calidade de vida das persoas e a súa presenza na sociedade.

Ana María Rodríguez González achéganos á violencia de xénero dende o punto de vista dos menores, amosándonos a situación de risco na que se atopan e os avances legislativos recentes recoñecéndolles o dereito como vítimas de xénero en aras de loitar contra a situación de fragilidade na que se vían inmersos dende o punto de vista legal.

Luis Carmona, formúlanos a interrogante sobre que é o que desencadena que a situación dun determinado domicilio chegue a provocar a calificación de quen o habita como unha persoa con síndrome de acaparamento compulsivo ou de dispoofobia, e como intervenir ante estas situacións, tras anos de traballo de campo ao respecto.

Da man de Cristina Palacios, presidenta de ARELAS, asociación de familias de menores trans de Galicia, adentrámonos nos retos que se presentan desde o eido social no relativo á autodeterminación dos menores trans partindo da propia experiencia das familias que forman parte da Asociación ARELAS, que dende case dous anos está a reivindicar, visibilizar e sensibilizar ós poderes públicos e a cidadanía en xeral sobre as situacións de discriminación, transfobia e acoso as que han de facer fronte cada día moitas persoas por mor da súa identidade de xénero.

Completamos o tema coa aportación de Nerea Paula Rodríguez noutro artigo que analiza os aspectos políticos e xurídicos da transexualidade en España desde a perspectiva do Traballo Social, buscando coñecer o papel que ocupa este colectivo na axenda política española.

Mónica Ureña adéntranos nos factores socioeconómicos dos mozos e mozas máis vulnerables do medio urbano, tratando de responder á cuestión de se a formación adquirida funciona da mesma maneira para os mozos e as mozas de orixe popular á hora de atopar traballo e promocionarse nunha determinada empresa.

Incluimos tamén, na sección de artigos deste número, un apartado especial adicado aos traballos premiados na convocatoria dos II PREMIOS DO DÍA MUNDIAL DO TRABALLO SOCIAL 2016:

Como experiencias de boas prácticas:

- Con Tania Covas González, Carla Carballeira Fernández e Eloína Injerto López coñeceremos á rede lucense de voluntariado que xurde no ano 2007 para dar resposta á necesidade de impulsar e promocionar o voluntariado organizado, sustentado na idea de colaboración e de cooperación das entidades que desenvolven proxectos de acción voluntaria na cidade de Lugo.
- Con Juncal Blanco Granado, Nerea Kortajarena Ibáñez e Virginia Romero Sobral, veremos como a través do Proxecto Inclúe a Fundación Social Emaús reclama unha reflexión que, a través da innovación, nos leve a un novo modelo de atención para a inclusión social, centrado na persoa y que supere barreiras interinstitucionais.

Na modalidade de investigación:

- Ana Isabel Souto Gómez e Miguel Angel Talavera Valverde, analizan o pensamento crítico dos estudantes de traballo social.

O apartado EN REDE, achéganos a dúas realidades asociativas:

- Asociación para a prevención da exclusión social (APES), constituída no ano 2008 na provincia de Ourense, que traballa principalmente con persoas en risco de exclusión social apoiando ás persoas privadas de liberdade nos procesos de reinserción sociolaboral, especialmente en tres ámbitos, o penitenciario e legal, a prevención de condutas predelictivas, na infancia e xuventude, e a inclusión social de colectivos vulnerables, co emprego como principal fonte de motivación.
- Asociación Galega de Hemofilia (Agadhemo) que nace o 6 de xuño de 1988, coa intención de velar pola defensa dos dereitos individuais e colectivos das persoas con hemofilia e con outras coagulopatías conxénitas e para proporcionar unha serie de servizos complementarios e especializados que dean cobertura integral a tódalas necesidades e demandas que o colectivo citado poida presentar.

Noso ESPAZO ABERTO, ábrese nesta ocasión ás situacións de coidados paliativos e exclusión social da man de María Jesús Lago Vilaboa, que defende que a abordaxe psicosocial de pacientes paliativos require de servizos e recursos sociais áxiles, útiles e específicos para dar unha resposta eficiente ás situacións que viven os pacientes paliativos, e que tendo en conta que hoxendía o tratamento social é igual o de outros pacientes cunha expectativa de vida que non amosa as mesmas limitacións, resulta imprescindible unha carteira de servizos sociais específica e cunha tramitación rápida.

Neste número de Fervenzas ENTREVISTAMOS A Laura Bugallo, que é unha coñecida e recoñecida activista galega, feminista, trans, lgbtq+, loitadora na defensa dos dereitos humanos e pola soberanía do povo galego, a favor das presas, sitúase ao marxe, ao marxe do nepotismo e dos poderes fácticos, do patriarcado, do capitalismo... a favor das que menos teñen, das que nada teñen; profesionalmente adica o seu labor ao apoio ás persoas migrantes.

E, finalmente, na nosa sección de COMENTARIO DE PUBLICACIÓN, incluímos tamén unha recensión sobre Homosexualidade e Traballo Social.

A mesa de redacción agradece a adicación e esforzo de todas as persoas que fixeron posible este novo número e anima a que aumenten as colaboracións para que esta revista galega de traballo social siga medrando.

Un saúdo cordial
A mesa de redacción

VIOLENCIA DE XÉNERO E MENORES: SITUACIÓN ACTUAL E MODIFICACIÓN LEXISLATIVAS RECENTES EN ESPAÑA

Ana María Rodríguez González

*Traballadora social no Centro de Saúde de Altamira e Centro de Saúde de Liébana,
Servizo Cántabro de Saúde*

RESUMO:

Este artigo centrarase na importancia de recoñecer os menores como vítimas da violencia de xénero nos fogares. A súa consideración como tal fará que se visibilice a dominación, control e poder baixo o que están sometidos, así como a situación de vulnerabilidade na que se atopan.

Partirase dunha contextualización mediante a definición dos termos realizada dende diferentes organismos. A continuación analizaranse os datos estatísticos de violencia tanto da nosa comunidade coma do resto do Estado español. Posteriormente, recóllense os cambios legislativos levados a cabo no ano 2015 en materia de violencia de xénero e de menores. Polo tanto, mediante este traballo quérese amosar a situación de risco na que se atopan os menores e os avances legislativos recentes recoñecéndolles o dereito como vítimas de xénero para loitar contra a situación de fragilidade na que se vían inmersos dende o punto de vista legal.

PALABRAS CLAVE:

Menores, violencia de xénero, núcleo familiar, violencia doméstica.

RESUMEN:

Este artículo se centra en la importancia de reconocer a los menores como víctimas de violencia de género en los hogares. Su consideración como tal hará que se visibilice la dominación, control y poder bajo el que están sometidos, así como la situación de vulnerabilidad en la que se encuentran.

Se partirá de una contextualización mediante la definición de los términos realizada desde diferentes organismos. A continuación se analizarán

los datos estadísticos de violencia tanto de nuestra comunidad como del resto del Estado español. Posteriormente, se recogen los cambios legislativos llevados a cabo en el año 2015 en materia de violencia de género y de menores. Por lo tanto, mediante este trabajo se quiere mostrar la situación de riesgo en la que se encuentran los menores y los avances legislativos recientes reconociéndoles el derecho como víctimas de género en aras de luchar contra la situación de fragilidad en la que se veían inmersos desde el punto de vista legal.

PALABRAS CLAVE:

Menores, violencia de género, núcleo familiar, violencia doméstica.

ABSTRACT:

This article focuses on the importance of recognizing children as victims of gender-based violence in homes. Its consideration as such, it will be visible the domination, control and authority which they are subject. As well as the position of vulnerability in which they are.

A contextualization should be provided by the definition of terms of different institutions. Then it will analyse the statistics of violence both our community and the rest of the Spanish State. Subsequently, legislative changes carried out in 2015 on gender-based violence and children are collected. Therefore, through this article, we want to show the situation of risk in which children are and recent legislative progress in which the rights as victims of gender are recognized in order to fight against the situation of fragility in which were involved from the legal point of view.

KEYWORDS:

Children under 18 age, violence of gender, nuclear family, violence domestic.

1. INTRODUCCIÓN:

A violencia sempre implica unha situación de poder que busca asoballar, ademais de mostrar unha situación de desigualdade entre as partes implicadas. Nas situacións nas que se produce violencia estanse a vulnerar os dereitos humanos e as liberdades fundamentais. Ademais de atacar a propia dignidade da persoa. Para intentar concienciar e loitar contra esta situación, no ano 1996 (OMS) declarouse a violencia como un importante problema de saúde pública.

Nas sociedades está xeneralizada a idea de que a violencia é un compoñente ineludible da condición humana (OMS, 2002). Esta foi definida pola OMS (2002) como «o uso intencional da forza física ou o poder contra un mesmo, cara a outra persoa, grupos ou comunidades e que ten como consecuencias probables lesións físicas, danos psicolóxicos, alteracións do desenvolvemento, abandono e incluso a morte».

Dentro da violencia, é a exercida dentro do ámbito doméstico aquela que permaneceu invisible ao longo da historia por producirse no ámbito privado. Seguindo a Gorjón (2010), este tipo de violencia non é un fenómeno recente, senón que existe dende a orixe da sociedade patriarcal e para definila utilizouse o termo de violencia doméstica incluíndo todos aqueles actos violentos que se producen reiteradamente no fogar e que as súas vítimas son os membros máis vulnerables do núcleo de convivencia (mulleres, menores e persoas dependentes). Así, foi na II Conferencia Internacional sobre as Mulleres (ONU, 1980) onde se declarou por primeira vez que a violencia que se exerce contra as mulleres na familia é o crime máis encuberto do mundo e formulouse a importancia de visibilizar esta problemática publicamente. No ámbito europeo, a Recomendación nº R (85) do Comité de Ministros do Consello de Europa aos Estados Membros sobre a violencia dentro da familia (1985) recolle a definición como «todo acto ou omisión que atente contra a vida, a integridade física ou psíquica ou a liberdade dunha persoa, ou que poña gravemente en perigo o desenvolvemento da súa personalidade, considerando que tal violencia afecta en particular, aínda que en condicións diferentes, por una parte ás nenas e nenos, e pola outra ás mulleres».

Posteriormente, utilizouse para sinalala o termo violencia de xénero que non só se limita ao ámbito doméstico, senón que recolle todos aqueles actos violentos aos que está sometida a muller polo simple feito de ser muller. A violencia contra a muller foi definida na Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller (OMS, 1993) como «todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller; así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública coma na vida privada».

No noso país, a Lei orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, define a violencia de xénero como «todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade». Posteriormente, na nosa comunidade, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, define violencia de xénero no artigo 1.2 como «calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren

no ámbito público como na violencia familiar ou privada». As medidas establecidas en ambas as leis non combaten toda a violencia doméstica, senón que se centran unicamente na relación de dominación home-muller.

A exposición dos menores á violencia de xénero supón un impacto negativo para o seu desenvolvemento. A dita experiencia lévaos a crear un patrón de dificultades de adaptación similar ao dos menores que sofren abuso dos pais e nais (Janoff-Bulman e Frieze 1983). Ademais, medrar nun contexto de violencia é debilitante para eles, xa que se ven afectadas as áreas de implicación, apoio, control e monitorización parental (Holden, Stein, Ritchie, Harris e Jouriles, 1998). Seguindo a Sani (2007), os menores son vítimas ignoradas porque se minimiza ou incluso chega a non comprenderse o dano psicolóxico que experimentan.

Neste artigo préstaselle especial atención á situación dos menores dentro do contexto da violencia de xénero. Ao longo deste preténdese realizar unha análise do contexto actual e recoller as modificacións lexislativas recentes nesta materia.

2. DATOS ESTADÍSTICOS:

Logo de analizar os últimos datos estatísticos do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade vemos como o número de mulleres vítimas mortais de violencia de xénero no noso país segue a ser un dato preocupante. Como se observa na táboa 1, o número de vítimas non decrece paulatinamente segundo pasan os anos, senón que en determinados anos obsérvanse picos de vítimas mortais. Ademais, hai que ter en conta os casos que actualmente se atopan en investigación e que aínda non aparecen computados como vítimas de violencia de xénero.

Con respecto aos menores, nos últimos catro anos rexístrase o número de nenas e nenos que quedan orfos por este motivo. Esta situación, debido á súa magnitude e importancia que vai ter no desenvolvemento biopsicosocial do menor, resulta moi preocupante. Á vez, é un dato que é imprescindible que se rexistre e saía á luz xa que son vítimas produto da violencia de xénero e faise preciso tanto atender ás súas necesidades como tomar medidas de intervención de cara a diminuír a súa incidencia.


Táboa n.º 1: Mulleres vítimas mortais de violencia de xénero en España.

Ano	Vítimas mortais	Menores orfas e orfos	Casos en investigación
2016*	29	19	6
2015	60	51	1
2014	54	41	3
2013	54	42	0
2012	52	sen datos	1
2011	61	sen datos	2
2010	73	sen datos	--
2009	56	sen datos	--
2008	76	sen datos	--
2007	71	sen datos	--
2006	69	sen datos	--
2005	57	sen datos	--
2004	72	sen datos	--
2003	71	sen datos	--

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

No caso da nosa comunidade autónoma, os datos non son máis alentadores. Así, como observamos na gráfica 2, aínda que en épocas anteriores houbo unha diminución de vítimas mortais, tanto no ano 2014 coma no 2015 creceu o número de vítimas dunha forma considerable.

Gráfico n.º 1: Mulleres vítimas mortais de violencia de xénero en Galicia.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Os menores de idade son vítimas mortais directas e indirectas da violencia de xénero. Na táboa 2 obsérvase o número de vítimas mortais dos últimos catro anos. Especialmente, o ano 2015, con casos aínda en investigación, preséntase como un ano negro para este colectivo.

Táboa n.º 2: Menores vítimas mortais de violencia de xénero en España.

Ano	Vítimas mortais	Casos en investigación
2016	1	1
2015	4	5
2014	4	1
2013	6	0

*Datos contabilizados ata 30/6/2016

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

3. MODIFICACIÓNS LEXISLATIVAS:

No ano 2015 producíronse unha serie de cambios legislativos no ámbito da violencia de xénero para adaptarse á realidade actual e recoñecerlle dereitos aos menores vítimas de violencia de xénero que ata o momento estiveron relegados a un segundo plano.

Dende o punto de vista penal cómpre salientar a Lei orgánica 1/2015, do 30 marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do *Código Penal* que incorpora o xénero como motivo de discriminación na agravante 4.ª do artigo 22. Ademais, regula a non esixencia do requisito de denuncia previa nos casos de infraccións relacionadas coa violencia de xénero e doméstica, nin tampouco denuncia nos casos para a persecución do delito de acoso. Nesta lei, tense en conta a posibilidade de prexudicar economicamente a vítima e os menores. Polo tanto, no artigo 84 especifica que nos casos de penas de multas por delitos neste ámbito só se imporán cando se acredite que entre ambos non existen relacións económicas derivadas dunha relación conxugal, de convivencia ou filiación, ou existencia dunha descendencia común. Por outra banda, vaise tipificar dentro dos delitos de quebrantamento, as condutas de cara a facer ineficaces dispositivos telemáticos para controlar as medidas cautelares e as penas de alleamento en materia de violencia de xénero. Ademais, especificase que a liberdade vixiada tamén se poderá impoñer nos delitos contra a vida e nos de malos tratos e lesións cando se trate de vítimas de violencia de xénero e doméstica. Finalmente destacar o artigo 173 no que se recolle que «quen exerza habitualmente violencia contra quen é ou fora o seu cónxuxe ou sobre a persoa que estea ou estivera ligada a el por unha relación de afectividade aínda sen convivencia, ou sobre os descendentes, ascendentes ou irmáns por natureza, adopción ou afinidade, propios ou do cónxuxe ou convivinte, ou

sobre os menores ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección que convivan con el ou estean suxeitos á potestade, tutela, curadoría, acollemento ou garda de feito do cónxuxe ou convivinte, ou sobre persoa amparada en calquera outra relación pola que se atope integrada no núcleo de convivencia familiar, así como sobre as persoas que pola súa especial vulnerabilidade se atopen sometidas a custodia ou garda en centros públicos ou privados, será castigado coa pena de prisión de seis meses a tres anos, privación do dereito á tenencia e porte de armas de tres a cinco anos e, se é o caso, cando o xuíz ou tribunal o estimen axeitado ao interese da/do menor ou persoa con discapacidade necesitada de especial protección, inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, tutela, curadoría, garda ou acollemento por tempo de un a cinco anos». Sendo moi relevante que cando os actos de violencia se perpetren en presenza de menores, estas penas se imporán na súa metade superior.

A Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito¹ reconece no artigo 2 aos fillos e fillas como vítima indirectas nos casos de morte ou desaparición da persoa causado directamente por un delito. Ademais, no artigo 10 estipúlase o dereito de acceso aos servizos de asistencia e apoio de forma gratuíta e confidencial e as medidas de asistencia e protección para os fillos e fillas menores ou menores suxeitos a tutela, garda e custodia das mulleres vítimas de violencia de xénero ou persoas vítimas de violencia doméstica. Por outro lado, nesa lei tamén se regula o dereito ao acompañamento da vítima pola persoa que esta designe. Este dereito vén recoñecido tanto para as vítimas directas como para as indirectas. Hai que ter en conta que este apoio non é só durante o proceso, senón que ten un carácter extra procesual. Así, no artigo 4 apartado c redáctase: «A vítima poderá estar acompañada dunha persoa da súa elección dende o primeiro contacto coas autoridades e funcionarias/os». Así mesmo, no artigo 21 régúlase a protección da vítima durante a investigación penal.

A Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria² inclúe novidades relativas en materia de indignidade sucesoria que lles afectan aos supostos de violencia de xénero coa finalidade de outorgar unha mellor protección ante estas situacións. Así, vólvese redactar o artigo 756 quedando incapaces de suceder por causa de indignidade «o condenado por sentenza firme por atentar contra a vida, ou a pena grave por causar lesións ou exercer habitualmente violencia física ou psíquica no ámbito familiar ao causante, ao seu cónxuxe, persoa á que estea unida por análoga relación de afectividade ou algún dos seus descendentes ou ascendentes». Tamén se consideran incapaces aos privados por resolución firme da patria potestade, tutela ou acollemento familiar dun menor.

¹ Entrou en vigor o 28 de outubro de 2015.

² Entrou en vigor o 23 de xullo de 2015.

Novamente, dende o punto de vista económico cómpre salientar o Real decreto-lei 9/2015, do 10 de xullo, de medidas urxentes para reducir a carga tributaria soportada polos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras medidas de carácter económico onde no artigo 1 se modifica a Lei 35/2006 e decláranse exentas as axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual e, en particular, a vítimas de violencia de xénero. Ademais, neste real decreto é preciso subliñar o artigo 4 xa que se recoñecen as axudas concedidas ás vítimas de delitos violentos como prestación e axuda pública inembargable.

A Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo³, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial no artigo 329 recolle que nos concursos para a provisión dos xulgados de menores, os que obtiveran praza deberán participar antes de tomar posesión nas actividades de especialización en materia de menores e en materia de violencia de xénero que estableza o Consello Xeral do Poder Xudicial. Desta forma, remárcase a necesidade de formación polas características especiais do ámbito no que se actúa procurando mellorar a atención aos menores neste aspecto. Tamén destacar o artigo 479 onde se recolle que «os Institutos de Medicina Legal e Ciencias Forenses contarán con unidades de valoración forense integral, das que poderán formar parte os psicólogos e psicólogas e os traballadores e traballadoras sociais que se determine para garantir, entre outras funcións, a asistencia especializada ás vítimas de violencia de xénero e o deseño de protocolos de actuación global e integral en casos de violencia de xénero. Así mesmo, dentro dos institutos poderán integrarse o resto de equipos psicosociais que prestan servizos á Administración de Xustiza, incluíndo os equipos técnicos de menores, cuxo persoal terá formación especializada en familia, menores, persoas con discapacidade e violencia de xénero e doméstica».

No tocante á protección dos menores, a Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia na disposición final terceira modifica a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero establece que as medidas de protección integral para vítimas de violencia son tanto para as mulleres como para os seus fillos fillas menores e os menores suxeitos á súa tutela, garda ou custodia. Ademais, tamén se recolle a obriga de que o xuíz se pronuncie sobre a pertinencia da adopción das medidas cautelares e de aseguramento, nos procedementos relacionados coa violencia de xénero, sobre os seus fillos e fillas, as persoas que convivan con elas ou se atopen suxeitas a garda ou custodia. Así mesmo, regula a posibilidade de que o xuíz poida suspenderlle ao inculpado por violencia de xénero a patria potestade, a custodia, acollemento, tutela, curadoría ou garda de feito dos menores que dependan del. Igualmente, poderá ordenar a suspensión para o inculpado do réxime de visitas, estancia, relación e comunicación cos

³ Entrou en vigor o 1 de outubro de 2015.

menores que dependan del. En ambos os casos, pode suceder que non se acorde a suspensión, pero o xuíz debe pronunciarse sobre a forma que se exercerán e adoptarán medidas co gallo de garantir a seguridade, integridade e recuperación dos menores e da muller. Así mesmo, este realizará un seguimento periódico.

Na mesma liña, a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia no artigo 1 recolle que as administracións públicas serán quen vele porque as mensaxes dirixidas aos menores dende os medios de comunicación promovan os valores como a igualdade, solidariedade, diversidade e respecto aos demais, e por outra banda, eviten imaxes de violencia, explotación nas relacións interpersoais, ou que reflectan un trato degradante, sexista, ou discriminatorio. Ademais, modifica o artigo 11 introduce como principio reitor da actuación administrativa «a protección contra toda forma de violencia, incluído o maltrato físico ou psicolóxico, os castigos físicos humillantes e denigrantes, o descoido ou trato negligente, a explotación, a realizada a través das novas tecnoloxías, os abusos sexuais, a corrupción, a violencia de xénero ou no ámbito familiar, sanitario, social ou educativo, incluíndo o acoso escolar, así como a trata e o tráfico de seres humanos, a mutilación xenital feminina e calquera outra forma de abuso». Así mesmo, é especialmente importante subliñar a modificación do artigo 12 onde se garante o apoio que precisen os menores baixo a patria potestade, tutela, garda ou acollemento dunha vítima de violencia de xénero ou doméstica. Nese sentido, os poderes públicos tentarán garantir o apoio preciso co gallo de procurar a permanencia dos menores con ela, así como velarán pola súa protección, atención especializada e recuperación. Ademais, na disposición final décima introducen modificacións no ámbito das prestacións por morte e supervivencia do sistema da Seguridade Social e en favor de familiares do Réxime de Clases Pasivas do Estado nos casos de delito de homicidio doloso. Así, recóllese que os condenados por sentenza firme pola comisión dun delito doloso de homicidio non poden ser beneficiarios das prestacións de morte e supervivencia nos casos en que a vítima sexa causante da prestación.

Destacar por último a Lei 42/2015, do 5 de outubro, de reforma da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil que regula que se manterá o recoñecemento do dereito de asistencia xurídica gratuíta que se lles prestará de inmediato a vítimas de violencia de xénero, así como aos menores de idade e ás persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental cando sexan vítimas de situacións de abuso ou maltrato, independentemente da súa capacidade económica. Ademais, o artigo 6 especifica que a asistencia xurídica gratuíta incluírá asesoramento e orientación no momento inmediatamente previo á interposición da denuncia. Para reducir a posibilidade de revitimización, as vítimas serán defendidas, sempre que sexa posible, por un mesmo avogado ou avogada en todos os procedementos.

4.CONCLUSIÓNS:

É destacable positivamente que se lexisle sobre a situación de vulnerabilidade na que se atopan os menores vítimas de violencia de xénero. Desta forma, iníciase unha toma de conciencia sobre unha problemática que estaba a ser considerada secundaria dentro da violencia de xénero e trabállase para eliminar unha lagoa, existente ata o momento, na que os menores non eran considerados vítimas de violencia de xénero. Ademais, cómpre salientar tamén as modificacións en materia económica levadas a cabo, xa que supuña un dano importante para as vítimas. Malia que, aínda que as modificacións legislativas do ano 2015 supoñen un avance na materia, é preciso un traballo e intervención neste sentido co fin eliminar este tipo de violencia e para evitar os danos psicosociais que lles afectan aos menores.

BIBLIOGRAFÍA

- Il Conferencia Internacional sobre a muller (ONU, 1980). Resolución 35/136 Conferencia Mundial do Decenio das Nacións Unidas para a Muller. Aprobada o 11 de decembro de 1980 pola Asemblea Xeral na súa 35º reunión. Copenhague, 14-30 xullo de 1980. [versión electrónica] <http://www.mujeresdelsur-afm.org.uy/joomdocs/Declaraciones/1980-informe-Copenhage-ONUespanol.pdf>
- Gorjón, B. M. C. (2010). *La respuesta penal frente al género. Una revisión crítica de la violencia habitual y de género*. (Tese doutoral dirixida por Gómez de la Torre, I. B.) Universidad de Salamanca, Salamanca.
- Holden, G. W.; Stein, J. D.; Ritchie, K. L.; Harris, S. D. e Jouriles, E. N. (1998). Parenting Behaviors and beliefs of battered woman. En G. W. Holden, R. Geffner y E. N. Jouriles (eds.), *Children exposed to marital violence. Theory, research and applied issues* (pp. 293-334). Washington: American Psychological Association.
- Janoff-Bulman, R.; Frieze, I. H. (1983). A theoretical perspective for understanding reactions to victimization. *Journal of Social Issues*, 39, 1-17.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. *Boletín Oficial do Estado* 313, do 29 de decembro de 2004.
- Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. *Diario Oficial de Galicia* 152, do 7 de agosto de 2007.
- Lei 4/2015, do 27 de abril, do estatuto da vítima do delito. *Boletín Oficial do Estado* 101, do 28 de abril de 2015.

- Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. *Boletín Oficial do Estado* 175, do 23 de xullo de 2015.
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. *Boletín Oficial do Estado* 180, do 29 de xullo de 2015.
- Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria. *Boletín Oficial do Estado*, 158, do 3 de xullo de 2015.
- Lei orgánica 1/2015, do 30 marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do *Código Penal*. *Boletín Oficial do Estado* 77, do 31 de marzo de 2015.
- Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial. *Boletín Oficial do Estado* 174, do 22 de xullo de 2015.
- Lei 42/2015, de 5 de outubro, de reforma da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil. *Boletín Oficial do Estado* 239, do 6 de outubro de 2015.
- Nacións Unidas. Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller. Resolución da Asemblea Xeral 48/104 do 20 de decembro de 1993. A/RES/48/104
- OMS (1996) Prevention of violence: a public health priority WHA49.25. Forty-ninth World Health Assembly Geneva, 20-25 May 1996. [versión electrónica] http://www.who.int/violence_injury_prevention/resources/publications/en/WHA4925_eng.pdf
- OMS (2002) *Informe mundial sobre la violencia y la salud*. Ginebra: Autor. [versión electrónica] http://www.who.int/violence_injury_prevention/violence/world_report/es/summary_es.pdf
- Real decreto-lei 9/2015, do 10 de xullo, de medidas urxentes para reducir a carga tributaria soportada polos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras medidas de carácter económico. *Boletín Oficial do Estado* 165, do 11 de xullo de 2015.
- Sani, A. I. (2007). «Las Consecuencias de la Violencia Interparental en la Infancia». En R. Arce, F. Fariña, E. Alfaro, C. Civera e F. Tortosa (Eds.), *Psicología jurídica violencia y víctimas* (pp. 9-17). Valencia: Diputació de València.
- Unión Europea. Recomendación n.º R (85) 4, Adoptada polo Comité de Ministros do Consello de Europa o 26 de marzo de 1985, sobre a violencia dentro da familia.

ACUMULACIÓN DOMICILIARIA: SÍNTOMA, SIGNIFICANTE E MODO DE PROCEDER

Luis Rodríguez Carmona.

Traballador social da Unidade de Rehabilitación Psiquiátrica de Piñor (CHOU). Ourense.
luis.rodriguez.carmona@sergas.es

*«Para coñecer a xente hai que ir á súa casa»
(Goethe).*

RESUMO

Ás veces, doentes que ingresan nas unidades dun hospital de rehabilitación psiquiátrica teñen motivado o seu internamento porque a deriva do seu trastorno psíquico se estende tamén aos límites da súa propia casa, o que repercute gravemente na súa calidade de vida.

Este artigo causado pola curiosidade incurable intenta comprender a través das visitas domiciliarias as causas e as consecuencias que desencadean o comportamento na persoa que desorganiza o medio no que se protexe. É un traballo comunitario feito nun período de dez anos coa intención de coñecer os porqués desa deriva da faceta humana e traslada o relato do doente no contexto do seu medio a través da visión subxectiva do observador.

É unha información recollida no escenario domiciliario do suxeito na que os efectos da desorganización achegará unha información relevante co propósito de que un lugar tan inhóspito, coma en ocasións perigoso, reverta nun novo proxecto de vida saudable xestionándoo dende a participación directa do doente.

PALABRAS CHAVE

Patoloxía –acumulación domiciliaria– traballo social- proxecto psicosocial.

RESUMEN

En ocasiones pacientes que ingresan en las unidades de un hospital de rehabilitación psiquiátrica tienen motivado su internamiento porque la deriva de su trastorno psíquico se hace también extensible a los límites de su propia casa afectando de forma grave a su seguridad y a la calidad de su vida.

Este artículo causado por una curiosidad incurable intenta comprender a través de las visitas domiciliarias las causas que desencadenan el comportamiento en la persona que desorganiza el medio en el que se protege.

Es un trabajo comunitario realizado durante diez años con la intención de conocer los porqués de esa deriva de la faceta humana trasladando el relato del paciente en el contexto de su medio a través de la visión subjetiva del observador.

Es una información recogida en el escenario domiciliario del sujeto en la que los efectos de la desorganización aportará una información relevante con el propósito de que un lugar tan inhóspito como en ocasiones peligroso se revierta en un nuevo proyecto de vida saludable gestionándose desde la participación directa del paciente.

PALABRAS CLAVE

Patología –acúmulo domiciliario- trabajo social– proyecto psicosocial.

ABSTRACT

Sometimes patients entering a hospital units psychiatric rehabilitation have motivated their internment by the drift of his mental disorder is also extended to the limits of your own home severely affecting their safety and quality of their life.

This article caused by an incurable curiosity tries to understand through home visits the causes that trigger the behavior of the person who disrupts the environment in which it is protected. It is a community work for ten years with the intention of knowing the whys of that derived from the human side moving the story of the patient in the context of their environment through the subjective view of the observer.

It is information in the house scene of the subject in which the effects of disorganization provide relevant information so that an inhospitable and sometimes dangerous place to be reversed in a new healthy life plan managing it from direct participation patient.

KEYWORDS

Pathology - house accumulation - social work- psychosocial project.

1.- INTRODUCCIÓN

Este traballo emana dende a práctica profesional máis pura, xorde fóra do despacho institucional, e faino do mellor xeito, coñecendo o suxeito dende a súa proximidade no medio que lle é natural.

O que pretende o artigo co estudo de casos é achegar unha visión teórica non tanto protocolizada, senón que fixe determinados aspectos que se deberán ter en conta para futuras intervencións profesionais.

Actuar coa delicadeza que se require en situacións tan inexplicables como de por si preocupantes que nos atopamos ultimamente de maneira frecuente.

É necesario iniciar o traballo dende o coñecemento da causa, comprobar o nivel de deterioración instaurado no suxeito observado dende o seu compás organizativo e albiscar a súa situación caótica a través dos parámetros domiciliarios.

Abordar cuestións tan elementais como é a súa capacidade de autoxestión persoal en aspectos tan importantes como é garantir a súa dignidade e tamén a súa propia seguridade no contorno no que habita. A presenza e a participación do suxeito resulta imprescindible en todas as fases de intervención que se poñan en marcha.

As fases de diagnóstico social, de planificación e a execución do proxecto teñen intención de valorar e de avaliar o impacto subxectivo que se produce no paciente tras a súa participación na xestión do seu futuro.

Inténtase conseguir coma un obxectivo final evitar que o deterioro que o levou a esa situación non volva presentarse.

Non abundan demasiadas publicacións sobre acaparamento en persoas novas ou de mediana idade, si existe documentación numerosa sobre cidadáns diagnosticados con síndrome de Dióxenes principalmente en artigos recollidos en numerosas revistas médicas, pero sempre identificando a persoas de idade máis avanzada e con características distintas á mostra estudada neste artigo.

Este traballo sitúase en franxas por de baixo dos 70 anos de idade e dada as súas singularidades non gardan demasiada relacións coas que lle son propias a unha persoa diagnosticada de síndrome de Dióxenes. É entón necesario ser máis preciso á hora de identificalos baixo esta cualificación diagnóstica non só polas diferenzas que acontecen, senón tamén pola resposta profesional que se deriva.

Non existe por tanto literatura significativa e non por que non se produzan casos o suficientemente graves para poder ser analizados e discutidos dende aspectos clínicos, sociolóxicos ou dende o ámbito xurídico, simplemente que non son o suficientemente estudados para profundar neles.

Cada domicilio alberga características únicas, identidades propias repletas de historias personalizadas que deixan signos visibles na casa da súa propia intrahistoria.

Nos domicilios condénsanse sedimentos das experiencias de vida, as casas por tanto distínguense cada unha delas pola propia esencia de cada morador e as circunstancias que en cada momento rodearon a súa vida.

O traballo intenta estudar e analizar a través das intervencións co suxeito no seu medio por que se produce a metamorfose no individuo e polo tanto na súa casa.

Só intentando entender como e por que modificou o seu modo de vida que o levou a unha desorganización particular, poderase entender e limitar aquel síntoma que provoca a repetición continuada da conduta.

Unha conduta na que a súa vida sexa cuestionada coa lixeireza e intervencionismo habitual dos distintos poderes públicos e da sociedade en xeral.

Cada intervención profesional nun domicilio é distinta porque os suxeitos tamén o son. Preséntanse diferentes biografías, situacións clínicas ou eventos sociais singulares, polo que o resultado da acumulación observada é tamén único.

Pódese establecer un protocolo de intervención institucional cunha base de actuación común en situacións que protexan certos aspectos básicos ou humanos pero sempre coa imprescindible flexibilidade á hora de analizar, planificar ou executar un proxecto para cada situación en particular. Non se pode nin se debe mecanizar o noso proceder profesional coma se se tratase de situacións xeneralizables.

A información observada e recollida documentalmente é complementada co saber do clínico e a acción social do traballado social.

É un artigo que convida a que outros profesionais da saúde, do ámbito social ou da instancia xudicial reflexionen se as intervencións que derivan nun cambio no modo de vida de alguén é sempre o suficientemente analizada, comprendida, tratada e acertada na profundidade que require cada situación.

Trátase de considerar o traballo de campo como un escenario enriquecedor para o diagnóstico clínico e social tendo sempre en conta que fóra da oficina institucional hai determinados signos do comportamento humano que só poderán ser contados ou observados se se fai o esforzo necesario.

Acompañar o suxeito in situ ao seu medio máis inmediato e observar na proximidade a súa desorganización na súa máxima extensión humana achegará, sen dúbida, mellores fundamentos para proceder a mellorar o seu proxecto de vida.

A formación do profesional e a súa experiencia vital terá a súa importancia, crer que o problema e a súa única solución radica no propio individuo ou ben entender que todo pasa por un traballo no medio inmediato levará a unha visión profesional distorsionada e incompleta. Illar o cidadán do seu relato, non analizar o seu medio máis próximo sen observalo no lugar que almacena os efectos do seu síntoma achegará unha información empobrecida que deixará o suxeito sumido aínda máis no bucle da súa desorganización.

Esa acumulación que cando se nos presenta nos supera, sempre ten o seu comezo e o seu percorrido condensado a través dos distintos sinais que deseña a acumulación no perímetro da súa casa.

Nestas situacións tan irracionais onde as casas se converten nun lugar só habitable por eles a decisión de intervir profesionalmente ofrece en moitas ocasións o rexeitamento do profesional. Unha vez se pasa cara ao outro lado do limiar, xorde entón o caos.

É frecuente o paso á retagarda ou mesmo, ás veces, nin sequera este se produce, un advirte o que se atopará e evitará custe o que custe o encontro. Ollos que non ven. Xorde o proceder dende a distancia, co relato de fontes alleas á propia intrahistoria, outorgándolle ao suxeito o último dos tickets da roda o cal adoita chegar xa fóra de tempo para ser tido en conta.

É comprensible que en ocasións a degradación, o amoreamento ou a putrefacción activen nun determinadas respostas; a primeira desencadea asombro, a continuación repetición das mesmas frases que se fan eco sen devolución de respostas e, finalmente, unha superación dun todo que empuxa a un a fuxir non só da casa, senón que o fai tamén do suxeito.

En definitiva un traballo sorprendente, profundo, complexo, dunha duración prolongada no tempo que debe abordar cuestións que brotaron nun tempo subxectivo pasado, que sintomatiza nun presente continuo e que compromete seriamente o seu futuro.

Os 25 casos da mostra foron visitados, analizados e intervidos en primeira persoa.

Non son derivados de experiencias doutros profesionais ou recollidos a través da realización de enquisas noutros servizos institucionais.

Son situacións que se dan a coñecer tras dez anos de traballo primeiro no Hospital Psiquiátrico de Toén que tras o seu peche tivo a súa continuidade profesional na Unidade Hospitalaria de Rehabilitación Psiquiátrica de Piñor na cidade de Ourense.

1.1- O FOGAR CONTAMINADO POLA CLÍNICA.

Que desencadea que un determinado domicilio chegue a cualificarse a quen o habita coma unha persoa con síndrome de acaparamento compulsivo ou de disforxia?

A acumulación compulsiva é a tendencia á acumulación de artigos ou obxectos dunha maneira excesiva, e as estatísticas sitúana entre 2-5 % da poboación adulta mundial, sen predisposición en canto ao xénero (www.sanar.org/salud-mental/).

Actúa limitando a mobilidade do individuo na casa no que ás veces interfere nas actividades comúns da vida diaria como: cociñar, limpar, durmir ou utilizar as instalacións sanitarias.

A partir do fogar visto como un contorno dinámico, vivo e protector prodúcense situacións na que a clínica do suxeito interfere negativamente nas AVDS e acaba transformándose nun lugar inseguro, insán e caótico. Non é infrecuente que acontezan situacións de serio risco coa posibilidade de que se produzan incendios ou accidentes con obxectos punzantes.

Non é a primeira vez nin será última que a propia acumulación sepulta literalmente a quen se move entre os límites da súa estrutura.

Tamén se derivan situacións de empobrecemento do patrimonio por soste-lo tempo un modo de vida tan particular.

É o resultado do patolóxico apropiado do suxeito que acaba estendendo o seu síntoma polos límites da súa propiedade afectando á seguridade propia e á salubridade da súa vida. Con todo o que resulta preocupante para nós non o supón para quen habita estes lugares os cales cren e así o manifestan atoparse nun ambiente totalmente seguro.

1.2- NATUREZA DO PROBLEMA E RELACIÓN COA SAÚDE MENTAL

Parte da comunidade científica expón que non está de todo claro que este trastorno sexa unha situación persoal illada ou poida ser combinada cun TOC.

Frecuentemente é asociada con trastornos de ansiedade, depresión, psicose, esquizofrenia, compradores compulsivos ou cunha síndrome de Díoxenes entre outros.

Os factores que o desencadean adoitan relacionarse coa historia familiar, crecer na desorde, sufrir de privacións, satisfacerse a través dunha compra en oferta, ou situacións estresantes como sufrir a perda dun ser querido.

Hai comportamentos diarios que non son considerados como violentos, pero que lles xeran un gran malestar ás persoas que os escoitan e padecen. Os chistes sexistas ou de travestís ou «travelos», os comentarios despectivos sobre as persoas que rompen cos modelos «normativos» de xénero, as burlas, os comentarios con contido sexual, dicir que a transexualidade infantil é unha moda, que xs nenxs non saben o que senten ou queren porque son pequenxs...

Non facer nada e negar a súa identidade, tratar un menor trans por un sexo e nome que non x representa, abrigax a ter un aspecto que non quere ou a responder a determinados roles de xénero, facerlle ver que é malo e vergoñento ser trans e que será excluídx socialmente, tamén é un tipo de violencia. Estamos atacando a súa integridade, o seu dereito a autodeterminación e o libre desenvolvemento da súa personalidade, a **ter unha vida digna**.

Xs nenxs trans son persoas de pleno dereito. E por se a alguén se lle esquece: só terán unha infancia, só unha adolescencia.

Cando as familias e todxs xs profesionais que rodean un menor trans somos protagonistas directxs ou cómplices deste sufrimento, estaremos causando un gran dano, en moitos casos, irreparable. Concordaremos que todx cativx necesita sentirse segurx, aceptadx e queridx polos seus.

Neste sentido, é moi importante a aplicación da **Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia** da que se deduce que as administracións públicas deben velar porque todxs xs nenxs teñan unha infancia libre da opresión e da violencia que supón impor unha identidade e uns roles de xénero. É obriga dos adultos, das administración e en especial dos proxenitores velar para garantir ese respecto. Así, no seu artigo 2 fai referencia expresa a: *b) A necesidade de garantir a súa igualdade e non discriminación pola súa especial vulnerabilidade, xa sexa pola carencia de contorno familiar, sufrir maltrato, a súa discapacidade, a súa orientación e identidade sexual(...)*».

Especialmente importante é que se recoñecera explicitamente o dereito o libre desenvolvemento da súa personalidade conforme á identidade sexual, así no artigo 11 da lei establece: *«Serán principios reitores da actuación dos poderes públicos en relación cos menores(...) l) O libre desenvolvemento da súa personalidade conforme a súa orientación e identidade sexual»*.

Na citada lei faise referencia en varias ocasión ao **interese superior dx menor**, que no caso dxs menores trans, non é outro que conseguir que se **respecten os seus dereitos e liberdades fundamentais**, e en particular que se garante **o seu dereito á autodeterminación**, que non se menoscabe a súa dignidade como persoa, que se respecte e se faga posible o seu desexo a medrar durante a súa infancia e adolescencia conforme ao sexo sentido como propio, incluído o dereito a elixir a súa propia imaxe, adaptando esta, tanto no vestir como en calquera outro aspecto, ao xénero que sinte como propio.

Débese así mesmo, garantir que estxs menores sexan considerados no ámbito educativo de acordo a súa identidade sentida para todos os efectos, e que se lles facilite a rectificación de xénero e nome no rexistro e por tanto en toda a súa documentación identificativa e legal, e por último, débese garantir o acceso os tratamentos hormonais necesarios chegada a puberdade (bloqueadores).

As **familias que formamos parte de ARELAS** respectamos e acompañamos a identidade dxs nosxs fillxs, procurando **espazos seguros e positivos nos que crecer**, permitindo que se presenten e relacionen en sociedade coa súa identidade sentida. De feito, se algo temos constatado as familias, é que no momento no que xs nosxs fillxs comezan a vivir segundo o sexo sentido, demostran unha valentía inusual, sorrín máis, son máis felices, desaparecen todos os medos e inseguridades, ata o punto de que un menor trans que realiza un tránsito social temperá coa axuda da súa familia, pode levar a cabo unha vida tan saudable e exitosa coma a de calquera outra persoa.

Un momento moi sensible nxs menores trans é o da puberdade, ver que o teu corpo se afasta do ideal físico de home e muller que che amosa a sociedade pode provocar unha auténtica crise: sénteste home e médranche os peitos e aparece a menstruación, sénteste muller e empeza a saírche a noz, peluxe, a túa voz volvese máis grave... A realidade embárgaos ás veces con grande angustia e desesperación, e téñeno que vivir case **sempre sós, sen apoios emocionais e sen axuda dos profesionais**. Xs nosxs fillxs non poden gozar a vida igual que o resto, xa que eles e elas, teñen a presión constante da súa aparencia ante os demais, do seu aspecto físico, creando uns complexos que lles quitan a posibilidade de simplemente **ser como son e gozalo**.

De feito moitos testemuños recollidos de persoas trans adultas falan de infancias e adolescencias infelices, perdidas, por todas estas cuestións entre outras, e as familias nos resulta aterrador saber **que o 83% destas persoas, pensaron no suicidio e que a taxa dos que o intentaron é do 41%**. En cambio, énechos de esperanza coñecer resultados de investigacións máis recentes que se realizaron con mozos trans a quen se lles respectou a súa identidade, se os acompañou dende as familias e accederon a tratamentos para bloquear a puberdade, e observouse que tanto **os indicadores de calidade de vida e felicidade, como os niveis de ansiedade e preocupación**

pola súa imaxe corporal, foron similares ou incluso mellores aos da poboación non transexual da súa mesma idade.

Que nos indican estas perspectivas tan diferentes? **que ser transexual non produce dor e sufrimento**, o que produce dor e sufrimento é a falta de respecto, o abandono, o rexeitamento, o acoso e a discriminación social por ser como son.

Porque o que empuxa á morte, o que mata, é a TRANSFOBIA.

A transexualidade é unha realidade máis da diversidade humana, e por iso resulta absolutamente incomprendible que existan colectivos sociais discriminados por razón da súa identidade sexual. Máis difícil aínda de entender, é que sigan existindo relixións, grupos sociais e certos «profesionais» que se empeñen en seguir facendo apoloxía da patoloxización, a homofobia e a transfobia cara ás persoas que o único «delito» que cometeron é o de nos sentirse identificadxs co sexo asignado con base nun xenital. Unha lacra social comparable ao **machismo e ao racismo**, pero que aínda non atopa unha condena social equiparable a estes.

Dende hai case dous anos, varias familias de **ARELAS, asociación de familias de menores trans**, estamos a reivindicar, visibilizar e sensibilizar os poderes públicos e a cidadanía en xeral sobre as situacións de discriminación, transfobia e acoso aos que han de facer fronte cada día moitas persoas por mor da súa identidade de xénero, e que a inclusión da realidade das persoas trans, e en especial dxs menores no noso contorno dunha forma natural, **é unha oportunidade única para enriquecer e mellorar a nosa sociedade.**

E así, neste contexto no que nos atopamos en Galiza co gran rexeitamento e descoñecemento xeral da cidadanía e dos profesionais sobre esta nova realidade, **o labor que realiza ARELAS de acompañamento, orientación, de fonte de información próxima e fiable, así como a posibilidade de xerar espazos onde compartir inquiredanzas xunto a outras persoas**, son claves para que as familias sexan capaces de, en primeiro lugar, escoitar, acompañar e respectar o libre desenvolvemento do seu fillx, e segundo, defender ante os poderes públicos e a sociedade, o seu dereito á identidade sentida.

Unha vez que xs menores trans realizan o seu tránsito social co apoio da familia, empeza a parte de ter que comunicarlles ás distintas administracións a decisión tomada, entre elas a escola, algo que non sempre se recibe con boa disposición, xa que unha vez máis nos atopamos co descoñecemento, os prexuízos e medos do profesorado sobre o que vai supoñer tratar x menxr polo novo nome sentido, o uso de vestiario e baño que lle corresponde polo sexo sentido, a reacción do alumnado e pais/nais, algo que felizmente se emendou este ano coa elaboración por parte de ARELAS xunto ca Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria dun **Protocolo educativo sobre identidade de xénero**, onde se recolle o proceder ante a sospeita ou certeza de ter un/unha alumno/a trans no

centro, as intervencións e accións que se deben levar a cabo ante o acoso e a transfobia, así como a necesidade de información e formación á comunidade educativa, incluíndo as familias e o alumnado, baseada na aprendizaxe de valores que se baseen no respecto ás diferenzas e á diversidade sexual, e na paz social como única forma de convivencia.

Outros dos ámbitos ao que normalmente acudimos as familias a comunicar o tránsito dxs nosxs fillxs, é o sanitario. Cando comezamos a darnos conta de que algo ocorre cxs nosxs fillxs, acudimos ao noso pediatra buscando respostas e asesoramento, e atopamos novamente **descoñecemento e unha derivación a saúde mental.**

Unha vez que nos atopamos diante do psicólogo ou psiquiatra vivimos experiencias moi variopintas: o «profesional» que di que non hai nada que atender, e por tanto que ignoremos o que estamos a ver e oír ata que sexan adultxs porque non saben o que senten, o que intenta facer terapia condutista porque entende que o «problema» se pode facer desaparecer ou curar, o que patoloxiza a transexualidade falando de disforia de xénero en todo momento obviando a parte positiva da diversidade, o que minte descaradamente sobre os tratamentos hormonais, ou o que entende que a transexualidade simplemente é una variante máis da diversidade, asesorando e acompañando xs menores e as familias da mellor forma que sabe e pode. Estes últimos son os menos.

Referirse ás persoas trans como persoas «disfóricas de xénero», induce ao erro e non deixa de ser unha etiquetaxe deplorable e estigmatizante que vulnera os dereitos humanos das persoas transexuais. Neste sentido a Resolución do Consello de Europa do 22 de abril de 2015, no seu punto 3 considera unha violación dos dereitos fundamentais entre outros, o diagnóstico da transexualidade como enfermidade mental. Así mesmo, o comisario de Dereitos Humanos do Consello de Europa, Thomas Hammarberg, solicitoulle á OMS a **despatoloxización da transexualidade**, declarando que a «disforia de xénero» debe deixar de considerarse como enfermidade mental nos países do Consello de Europa e os organismos internacionais da saúde.

As familias e sobre todo xs nenxs trans deberían recibir o soporte e o reforzo dos profesionais que teñen os coñecementos e as aptitudes no eido do social. Os traballadores sociais e educadores sociais deben realizar un papel de **facilitadores e de acompañamento** no proceso, sobre todo no tránsito social, e orientar e aconsellar os pais e nais para que deixen de loitar contra os seus propios prexuízos e os seus medos internos e, así poidan aceptar sen límites xs seus fillxs.

Han de facer entender tamén a estes pais e nais e o resto de profesionais doutros ámbitos, que estxs nenxs teñen o dereito a desenvolver a súa personalidade de maneira libre, e que é o propio menor quen debe decidir co respaldo necesario, como **quere ser e vivir**: nin a sociedade, nin o Estado e nin sequera xs seus pais, poden decidir por el ou ela.

As dificultades ás que teñen que enfrontarse as persoas trans fan necesario desenvolver **accións e políticas sociais que permitan dar unha resposta adecuada** a estas persoas, ás familias e ao seu contorno. É por iso que dende ARELAS, xunto con outras asociacións LGTBI galegas, activistas e profesionais do ámbito da educación, sanitario e xurídico, estamos a preparar o borrador da futura **Lei Galega de Identidade de Xénero** seguindo a estela doutras autonomías do estado, como son Navarra, País Vasco, Andalucía, Canarias, e máis recentemente Madrid que aprobaron leis de identidade de xénero, dando un paso cara adiante para garantir non só o recoñecemento da identidade de xénero en todos os ámbitos da vida, senón tamén engadir unha carteira de servizos e políticas públicas a favor da inclusión das persoas trans na sociedade.

Neste sentido, na pasada campaña electoral obtivemos o compromiso firme e por escrito dxs candidatxs á Xunta de Galicia de En Marea, BNG, Compromiso por Galicia e Ciudadanos de que esta lei sexa unha realidade en Galicia o 2017. Non foi así cos candidatos e candidatas de PSOE e PP.

Oxalá chegado o momento de debater e aprobar esta lei no Parlamento Galego, todos os políticos estean á altura das circunstancias e do pobo galego, que de maneira maioritaria, nos está a apoiar nunha campaña iniciada a través das redes sociais (Facebook), entendendo o necesaria que é unha lei que garante os dereitos e liberdades de persoas que cada día han de sufrir as discriminacións dunha parte importante da sociedade.

Esta xeración de menores trans iniciou unha auténtica revolución á que os adultos podemos unirnos ou non unirnos, pero sen dúbida xs nosxs fillxs xa están Trans*formando a sociedade. Así é que aceptemos dunha vez por todas, que cada quen poida vivir a su vida e a súa sexualidade como queira, **é o dereito á liberdade**, e que outra sociedade é posible se entre todxs a construímos.

Non esquezamos nunca, que por riba de todos os medos, prexuízos e barreiras mentais está o maior dos dereitos dun menor: **a súa felicidade**.

REFERENCIAS LEGAIS

- Declaración internacional sobre os dereitos humanos, Declaración dos dereitos da infancia e a Convención sobre os dereitos da infancia
- Principios de Yogyakarta sobre a aplicación da lexislación internacional de dereitos humanos en relación coa orientación sexual e a identidade de xénero.
- Resolución do Consello de Europa do 22 de abril de 2015. <http://assembly.coe.int/nw/xml/XRef/Xref-XML2HTML-en.asp?fileid=21736&lang=EN>

- Constitución española de 1978, artigos 10.1, 10.2, 14 y 27.
- Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación del sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de LGTB en Galicia
- DECRETO 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, artigo 11.3.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Newton Massachusetts Education Development Center e National Center for Transgender Equality/National Gay & Lesbian Task Forc, (2013). Estudo: *Serving Transgender Children, Youth, Their Families & Communitis*. <https://multco.us/file/37070/download>
- Kristina R. Olson, Lily Durwood, Madeleine DeMeules, Katie A. McLaughlin (2016), *Mental Health of Transgender Children Who Are Supported in Their Identities*.
<http://pediatrics.aappublications.org/content/early/2016/02/24/peds.2015-3223>
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia (2016), *Protocolo educativo sobre identidade de xénero*.
http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/identidade_de_xenero_caderno.pdf
- Platero, Lucas (2014), *Trans*exualidades: acompañamiento, factores de salud y recursos educativos*», Ediciones Bellaterra, Barcelona.
- Moreno, O. e Puche, L. (2013), *Transexualidad, adolescencias y educación: miradas multidisciplinares*, Egales Editorial, Madrid.
- Puche, L., Moreno, E. e Pichardo, J. I. (2013), «Adolescentes transexuales en la escuela. Aproximación cualitativa y propuesta de intervención desde la perspectiva antropológica». En Moreno y Puche, *Transexualidad, adolescencias y educación*.

REFERENCIAS E INFORMACIÓN DE INTERESE

- Documental *El sexo sentido* (2014)
<http://www.rtve.es/television/20140609/documentos-tv-sexo-sentido/951341.shtml#kmnts>
- Cristina Palacios Castro, Charla TEDx Galicia, *Trans*formando la sociedad* (2015) <https://www.youtube.com/watch?v=UEpi5VPJmQ>

- FELGTB (2013), *Acoso escolar (y riesgo de suicidio) por orientación sexual e identidade de género: Fracaso del Sistema educativo*. Madrid.
- Informe do Valedor do Pobo de Galicia: *A situación das persoas, Lesbianas, Gays, Transexuais, Bisexuais e Intersexuais en Galicia, una análise dende o punto de vista do tecido asociativo*. Informe extraordinario 2015. Xunta de Galicia.
- Páxina do Facebook de apoio a Lei galega de identidade de xénero. <https://www.facebook.com/LEI-TRANS-Galega-909321589212121/?fref=ts>

ASPECTOS POLÍTICOS E XURÍDICOS DA TRANSEXUALIDADE EN ESPAÑA, UNHA OLLADA DENDE O TRABALLO SOCIAL.

*Nerea Paula Rodríguez.
Graduada en Traballo Social pola Universidade de Vigo.*

RESUMO

A través do presente artigo pretendemos dar a coñecer a realidade na que se atopan as persoas transexuais en España no relativo ao ámbito xurídico e da sanidade. Buscamos coñecer o papel que ocupa este colectivo na axenda política española. Ademais, mediante a realización de dous grupos de discusión analizamos tamén se a sociedade é coñecedora e está sensibilizada con este colectivo e coa súa situación. Os grupos de discusión celebráronse con persoas novas, cunha idade comprendida entre os 19 e os 26 anos, todas con formación superior. Ao estudar Traballo Social, quixemos ir un paso máis alá e establecer unha comparativa entre a poboación nova doutras titulacións e cos estudantes de Traballo Social para saber se estes últimos posúen unha maior base de coñecemento sobre diversidade sexual ou se pola contra o seu nivel de coñecementos se asemella ao da poboación nova que pertence a outros ámbitos.

PALABRAS CHAVE

Traballo social, transexualidade, xénero, sexo, diversidade sexual.

RESUMEN

A través del presente artículo pretendemos dar a conocer la realidad en la que se encuentran las personas transexuales en España en lo relativo al ámbito jurídico y sanitario. Buscamos conocer el papel que desempeña este colectivo en la agenda política. Además, mediante la realización de dos grupos de discusión analizamos si la sociedad es conocedora y está sensibilizada con este colectivo y su situación. Los grupos de discusión se celebraron con personas jóvenes, con una edad comprendida entre los 19 y

los 26 años, todas con formación superior. Al estudiar Trabajo Social, hemos querido ir un paso más allá y establecer una comparativa entre la población joven de otras titulaciones y con los estudiantes de Trabajo Social para saber si estos últimos poseen una mayor base de conocimiento sobre diversidad sexual o si por el contrario su nivel de conocimientos se asemeja al de la población joven que pertenece a otros ámbitos.

PALABRAS CLAVE

Trabajo social, transexualidad, género, sexo, diversidad sexual.

ABSTRACT

Through the achievement of the present article, we are trying to see the current situation of transgender people in Spain, as well as the most common problems they have to face. In addition, by creating two discussion groups we will analyse if the society is aware and sensitized with this group and their situation. The discussion groups were held with young people, aged between 19 to 26 years, all of them with higher education. We wanted to go one step further and establish a comparison between young people of other degrees and students of Social Work in order to see if they have a larger base of knowledge about sexual diversity or if their level of knowledge resembles that of young people from other areas.

KEYWORDS

Social work, transsexualism, gender, sex, sexual diversity.

INTRODUCCIÓN

Unha das moitas funcións do traballo social e dar voz e contribuír a visibilizar aqueles colectivos que estiveron sumidos no silencio máis absoluto. Un deses colectivos é o colectivo transexual, persoalmente considero que aínda é moi pouco o que se sabe de este tema, e creo que aínda queda moito por recorrer, pero esta pareceume unha moi boa oportunidade para profundar, aínda que sexa un pouco na realidade do colectivo transexual en España.

Falar da historia da transexualidade implica falar de loita, non podemos contar a súa historia sen deternos a facer referencia á batalla que levaron e continúan levando a cabo de maneira incansable as persoas transexuais. Unha loita que persegue o recoñecemento e a regulación da súa condición, unha guerra declarada contra a intolerancia e a indiferenza.

Imos agora a relatar como foron enmarcados e representados os dereitos deste colectivo na axenda política do noso país, para iso faremos

unha diferenciación tratando en primeiro lugar o aspecto relativo á saúde e á sanidade e, en segundo lugar, facendo referencia ao ámbito puramente político.

TRANSEXUALIDADE E SANIDADE

No que ao ámbito sanitario respecta é importante destacar que en España o acceso aos servizos sanitarios está garantido mediante o artigo 43 da Constitución. Ademais, no noso país, o Estado cédelles competencias ás autonomías en moitas materias, tamén en materia de saúde. Recae polo tanto nas comunidades autónomas a posibilidade de incluír servizos de atención específica ao colectivo transexual así como a cirurxía de reasignación sexual no catálogo de prestacións de cada comunidade (Platero, 2009).

A loita pola inclusión do tratamento da transexualidade no conxunto de servizos da sanidade foi unha constante na historia da transexualidade, converténdose nunha das principais reivindicacións deste colectivo. Nesta loita atopáronse con moitas dificultades, xa no ano 1991, a ministra de Sanidade daquel entón, M.^a Ángeles Amador rexeitaba a inclusión da transexualidade no catálogo de saúde, aludindo que non era unha cuestión prioritaria e que había moi pouca demografía. Será posteriormente, no ano 1995, cando se exclúa de maneira expresa por primeira vez a cirurxía de reasignación sexual do catálogo de prestacións, pois esta só se levaría a cabo en casos de intersexualidade patolóxica. Pero no ano 1997 esta loita atopa un apoio importante no Defensor do Pobo, un apoio que secunda as súas demandas e inflúe decisivamente na inclusión do tratamento transexual na comunidade de Andalucía no ano 1998, creando a Unidade de Trastornos da Identidade de Xénero (UTIX) no Hospital Carlos Haia en Málaga, que comeza a funcionar no ano 2000, sendo Andalucía pioneira en incluír o tratamento integral da transexualidade no conxunto de prestacións do sistema sanitario. En setembro do 2006, o Goberno elimina esta exclusión expresa do ano 1995 e déixalles ás comunidades autónomas aberta a posibilidade de incluír o tratamento á transexualidade como unha prestación básica no sistema sanitario español (Platero, 2009; Antonelli, 2007).

Nestas Unidades de Trastornos da Identidade de Xénero (UTIX) podemos atopar diversos profesionais como psicólogos e endocrinólogos que se encargan de realizar un diagnóstico, de receitar hormonas e de realizar un número de operacións limitadas ao ano. Pero as necesidades deste colectivo aínda se atopan lonxe de estar cubertas, xa que ao acceso ao tratamento da transexualidade presenta moitas diferenzas entre comunidades autónomas, aínda non se apostou por un servizo integral en todo o estado español. Actualmente existen unidades de trastorno da identidade de xénero en diferentes comunidades (por exemplo Madrid, Cataluña, Valencia) pero non todas inclúen a cirurxía, senón que se tende a asinar acordos co sistema de saúde andaluz para realizar a cirurxía nesa comunidade, o que provoca que

haxa longas listas de espera para someterse á operación (Missé & Coll-Planas, 2010; Platero, 2009).

TRANSEXUALIDADE NA AXENDA POLÍTICA ESPAÑOLA

Podemos afirmar que a transexualidade entrou na axenda política de maneira paulatina, e o fixo da seguinte forma; en primeiro lugar mediante a demanda do dereito para facerse parella de feito (1992-2002), seguido da demanda do dereito ao matrimonio de persoas do mesmo sexo (2002-2005) e en último lugar no referente aos dereitos de identidade de xénero (desde 2004 en diante) (Platero, 2007b citado en Platero, 2009).

Coa democratización do Estado español e a aprobación da Constitución ten lugar a implantación dunha nova lexislación sobre igualdade que incluíu dereitos sexuais e reprodutivos. Destacan a despenalización do acceso aos anticonceptivos (1974), o divorcio (1981), o cambio de sexo (1983), o aborto (1985), a reprodución asistida (1988) e a legalización das asociacións de transexuais (1980) (Platero, 2009).

Aínda que segundo Antonelli (2007) non existiu ningunha lexislación específica para persoas transexuais ata marzo do 2007, procedemos agora a desenvolver as principais medidas tomadas ata ese momento en materia de transexualidade.

Un feito importante ten lugar no ano 1989, cando unha resolución do Parlamento Europeo establece a obriga dos países membros de tomar medidas políticas para combater a discriminación das persoas transexuais. A importancia desta resolución radica en que é a primeira vez que se recoñece a existencia de discriminación cara a este colectivo. Ademais disto, sinalábase tamén que os países membros debían proporcionar mediante a sanidade pública un tratamento integral á transexualidade (Platero, 2009).

Segundo Rullán (2007) desde un principio as demandas do colectivo transexual foron recollidas polos partidos políticos de esquerdas, incluíndoas nos seus programas electorais e posteriormente impulsando iniciativas parlamentarias en prol dos seus dereitos. Platero (2009) neste sentido coincide con Rullán (2007), pois sostén que nos anos noventa, máis concretamente a finais desta década, os dereitos das persoas transexuais empezan a verse incluídos nos programas electorais dos partidos políticos, como é o caso de Esquerda Unida que presenta no ano 1999 un borrador no que se esixía a inclusión do tratamento transexual na carteira de servizos da sanidade pública.

Tamén no ano 1999, o PSOE presentou unha proposta parlamentaria que permitía o cambio de identidade sexual, cambiando nome e xénero ás persoas que se someteron a unha operación. Pero aquelas persoas que non se someteron a unha cirurxía só poderían cambiar o nome se seguían un tratamento médico de dous anos. As persoas transexuais seguían sen ter

dereito nin a contraer matrimonio nin a ter fillos, pois en ningún deses casos se permitiría cambiar o nome no rexistro. Esta proposta dividiu ao movemento, pois mentres que algunhas asociacións do movemento LGTB estaban de acordo e brindábanlle o seu apoio, outras consideraban que non se avanzaba nos dereitos das persoas transexuais considerando a proposta insuficiente (Platero, 2009).

No ano 2002, o Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos recoñece o dereito dos individuos transexuais a contraer matrimonio, non obstante en España tiveron que acudir aos tribunais para poder cambiar nomes e sexo nos documentos oficiais (Platero, 2009).

No ano 2004 en España ten lugar un cambio de goberno, dando paso a unha etapa socialista. Nesta lexislatura trátanse diversos aspectos sociais como a violencia de xénero, a inmigración, a dependencia das persoas maiores etc., de feito que se lle chamou a esta lexislatura a «Lexislatura Social».

Segundo Antonelli (2007) no goberno de Zapatero prodúcese importantes avances en materia social, pasamos agora a enumerar algunhas das principais medidas levadas a cabo:

- Apróbase o matrimonio homosexual no ano 2005 que equipara os dereitos das persoas homosexuais aos das persoas heterosexuais.
- O goberno elabora un anteproxecto de lei onde se recollen características de xénero e de orientación sexual como elementos para recoñecer os estranxeiros coa condición de refuxiado.
- O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais inclúe os transexuais e homosexuais nos colectivos prioritarios para loitar contra a discriminación e loitar pola igualdade de oportunidades no Plan Nacional para a Inclusión Social (2005-2006),
- O 9 de marzo de 2006, Institucións Penitenciarias, emite unha circular co obxectivo de que as presas transexuais, poidan ser ingresadas en módulos de mulleres, aínda que estas non se someteron a cirurxía de reasignación sexual.

No ano 2005 coa aprobación do matrimonio entre persoas do mesmo sexo, os dereitos das persoas transexuais convértese nunha cuestión prioritaria dentro do movemento LGTB, de feito o lema da manifestación dese mesmo ano foi «Avanzamos, agora @s transexuais». Isto facía referencia á demanda dunha lei sobre o dereito de identidade de xénero que inclúe peticións como a cobertura do proceso de reasignación sexual por parte da sanidade pública (Platero 2009).

No ano 2006 tras ver que o Goberno incumpría os prazos anunciados para a lei de identidade de xénero, a poboación sentía que os dereitos das persoas transexuais aínda non eran considerados como unha prioridade por

parte do goberno socialista daquel momento. Como mostra disto, en abril de 2006 algunhas activistas transexuais ameazan con iniciar unha folga de fame que é apoiada por asociacións de transexuais e homosexuais de todo o mundo. A partir dese momento os medios de comunicación recollen a folga de fame e as demandas da lei. Finalmente o Consello de Ministros aproba o 2 de xuño de 2006 o Proxecto de lei identidade de xénero para transexuais que permite cambiar o nome e o sexo nos documentos oficiais sen necesidade de someterse a ningunha intervención. Esta lei apróbase no congreso dos deputados o día 1 de marzo de 2007 por ampla maioría, tras ser publicada no Boletín Oficial do Estado e é asinada polo rei e o presidente do Goberno. Entra en vigor a Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas. O colectivo transexual celebra a existencia dunha normativa que recoñece por primeira vez por medio da lei uno dos seus dereitos fundamentais (Antonelli, 2007; Platero 2009).

Procedemos agora a enumerar as principais características desta lei segundo Rullán (2007):

- Recolle o dereito á rectificación da mención do sexo no rexistro civil, por medio dun expediente gubernativo, que pon así punto e final ao procedemento xudicial longo e custoso que era necesario para obter esa rectificación.
- Recoñece o dereito á rectificación de sexo e nome en documentos oficiais a todas as persoas transexuais, sometéranse a unha operación ou non.
- Para facer uso desta norma requírese un diagnóstico de disforia de xénero emitido por un psicólogo clínico ou por un médico, así como acreditar que se seguiu un tratamento médico durante polo menos dous anos para acomodar as características físicas á identidade de xénero da persoas. Ao esixir o diagnóstico da disforia de xénero continúaase coa consideración da transexualidade como unha patoloxía ou enfermidade.

Doutra banda parécenos oportuno incluír a visión da lei que achega Berenguer (2007), pois aínda que é coñecedor do avance que supón esta nova lexislación non a considera unha verdadeira «lei integral» porque considera que unha lei integral debería ser máis ampla e non só limitarse ao rexistro civil. Debería incluír aspectos como medidas de sensibilización no ámbito educativo e sanitario, nos medios de comunicación, o dereito á asistencia social integral, dereitos laborais e prestacións da seguridade social. A lei de mención relativa ao sexo das persoas non menciona os menores e non referente aos estranxeiros para modificar o rexistro deben adquirir previamente a nacionalidade española.

Belsue (2012) coincide con Berenguer (2007) en afirmar que non se trata dunha lei integral, afirma que se non se soubo aproveitar a oportunidade para crear unha lei que só faga referencia ao cambio rexistral, senón «unha verdadeira lei de xénero que vaia máis alá e inclúa contidos contra a transfobia e protección laboral».

Novamente coincidimos con Belsue (2012) na importancia que o Traballo Social debe ter no proceso de sensibilización respecto deste colectivo.

Podemos afirmar que a lei constitúe un avance moi significativo en materia de transexualidade aínda que presenta carencias. Ante estas carencias diversas comunidades elaboraron normativas respecto diso para regular esas cuestións, procedemos agora a nomealas:

- A primeira delas foi a Comunidade Autónoma de Navarra coa Lei foral 12/2009, do 19 de novembro, de non discriminación por motivos de identidade de xénero e dos dereitos das persoas transexuais que entrou en vigor o 28 de febreiro de 2010. Esta lei persegue, tal como explica a súa exposición de motivos, definir a transexualidade e a atención integral máis alá do cambio no rexistro (Belsue, 2012; Jiménez,2012)
- No País Vasco destaca a Lei 14/2012, do 28 de xuño, de non discriminación por motivos de identidade de xénero e de recoñecemento dos dereitos das persoas transexuais que se inspira na anterior.
- Tamén atopamos actividade en Andalucía, onde destaca a Lei 2/2014, do 8 de xullo, integral para a non discriminación por motivos de identidade de xénero e recoñecemento dos dereitos das persoas transexuais de Andalucía.
- En Cataluña destaca a Lei 11/2014 de Cataluña relativa ao conxunto do colectivo LGTBI.
- En Galicia atopamos algúns avances: subliñamos con carácter xeral a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- En Madrid aprobouse este 17 de marzo de 2016 a Lei de identidade e expresión de xénero e igualdade social e non discriminación da Comunidade de Madrid que como novidade introduce a preservación da identidade corporal dos menores transexuais ata que estes definan a súa identidade, para evitar que sexan operados ao nacer.

REALIZACIÓN DOS GRUPOS DE DISCUSIÓN

1. DESEÑO DE INVESTIGACIÓN OBXECTIVOS

Os obxectivos que perseguimos podemos clasificalos e dividilos en xerais e específicos:

O obxectivo xeral que nos marcabamos o comezo da investigación era profundar no coñecemento da transexualidade en España.

Os obxectivos específicos son os seguintes:

O primeiro deles é coñecer o nivel de coñecementos e a percepción social que posúe a poboación nova (de 19 a 26 anos), con formación superior (con título universitario ou cursando estudos universitarios/ciclos superiores) en materia de transexualidade en materia de sanidade e política.

Tamén perseguimos coa investigación establecer unha comparativa entre o nivel de coñecementos de estudantes de titulacións alleas a Traballo Social e de estudantes de Traballo Social (4.º ano de carreira).

En último lugar intentamos tamén coñecer se hai presenza de estereotipos, crenzas erróneas e desinformación na poboación nova estudada con formación superior.

PROCEDEMENTO

Leváronse a cabo dous grupos de discusión ou focus group, ambos con poboación nova cunha idade comprendida entre os 19 e os 26 anos de idade. Trátase de poboación cualificada, pois algúns deles xa posúen unha titulación universitaria ou ben se atopan cursando estudos universitarios ou ciclos superiores. O primeiro grupo de discusión celebrado tivo lugar con poboación nova externa ao ámbito de Traballo Social, mentres que o segundo celebrouse con alumnado de 4.º curso de Traballo Social.

Preténdense identificar os coñecementos, as actitudes e crenzas que presentan con respecto á transexualidade, analizar se hai estereotipos e transfobia. Realizáronse dous grupos diferentes para así poder establecer unha comparativa entre ambos e analizar se os coñecementos de ambos os grupos en materia de transexualidade sonsimilares ou se, pola contra, os alumnos de traballo social están máis formados nesta materia.

PARTICIPANTES

Para a selección dos integrantes do grupo, contactouse cos participantes persoalmente. No primeiro grupo de poboación externa a Traballo Social perseguíuse a heteroxeneidade do grupo e que cursasen estudos en diferentes titulacións, para así ter unha visión máis ampla e xerar unha maior riqueza.

PREGUNTA	CATEGORÍA	CONCEPTUALIZACIÓN
Sabes se hai algunha lei en materia de transexualidade?	Política Social	Aspectos políticos e xurídicos da transexualidade
Cres que as operacións de reasignación sexual deberían contemplarse no catálogo de prestacións da sanidade pública?	Transexualidade e sanidade	Aspectos políticos e xurídicos da transexualidade

(Fonte: elaboración propia)

No que respecta ao grupo de Traballo Social, contactouse con alumnado de cuarto curso, que se atopa finalizando os seus estudos. Unha vez captados os integrantes dos grupos reservouse unha aula na que tiveron lugar os grupos de discusión focalizados.

En cada grupo de discusión debateuse durante unha hora sobre diferentes aspectos relacionados coa transexualidade sendo gravados mediante unha gravadora de son, tras o consentimento por escrito.

ANÁLISE DE RESULTADOS E DISCUSIÓN CATEGORÍA: POLÍTICA SOCIAL

Pregunta: Sabedes se hai algunha lei en materia de transexualidade?

Isto permítenos coñecer se a sociedade está informada sobre os avances e a lexislación en materia de transexualidade, así como avaliar a visibilidade que se lles dá a este tipo de cuestións, pescudar se teñen un impacto na sociedade, e se é coñecedora delas.

Grupo A

A4 afirma «hai algo que recoñece que existe a transexualidade, algo me soa de ver» A5 «eu creo que se está loitando porque teñan os mesmo dereitos que o resto».

A2 afirma que «creo que agora poden casar, pero non adoptar, que poden facelo pero como monoparental como as persoas homosexuais, neste sentido non hai igualdade».

Grupo B

B2 afirma que «contémplase por exemplo na renda de inclusión social de Galicia (RISGA), creo que aparece como un dos colectivos especificados».

B6 sostén que «si, acórdome que os colectivos eran transexuais, minorías étnicas, monoparentais e persoas que saíron do cárcere».

B2 sostén que «sóame que hai algo de sanidade, que hai facilidades, que te podes poñer na lista».

B1 afirma que «creo que tardas moito, a lista de espera é moi longa».

B5 di que «creo que tamén é complicado co tema dos documentos, podes operarte de todo e non poder cambiar aínda o nome no DNI».

B6 manifesta que «si, creo que tardas moitos anos, creo que depende das comunidades tardas máis ou menos, isto complícame moito máis calquera tipo de trámite».

Abriuse un debate sobre se podías cambiar os documentos sen operarte, B5 afirma que «non fai falta operarse que eu vin casos de nenos que lles cambiaban de nome sen operarse» ao que B6 apunta «de nome si, pero non de se o sexo o cambian sen operarte», todas as demais manifestaron ter tamén esa dúbida.

B6 di que «creo que o tema do sexo é o máis difícil porque imaxino que cando che fan por primeira vez o DNI tes que levar un certificado médico que diga se es neno ou nena, entón para cambiar o sexo tamén necesitarás un informe médico ou algo».

Podemos concluír mediante o obtido nos grupos de discusión que en política social é o grupo de Traballo Social o que mostra ter unha maior base de coñecementos, mentres que o primeiro grupo considera que hai algunha lexislación en materia de transexualidade «algo hai que reconece a transexualidade, que me soa de ver na tele» (A4, muller, 22 anos), non é capaz de especificar cal, nin de que se trata. No grupo de Traballo Social xa xorde o tema da lexislación para o cambio de nome e sexo nos documentos oficiais, aínda que non saben en que consiste exactamente. Sosteen que varía dunhas comunidades a outras «dependendo dunhas comunidades tardas máis ou menos (en cambiar o nome nos documentos) isto complica moito calquera tipo de trámite» (B6, muller, 21 anos). Tamén no grupo de Traballo Social se fai referencia á transexualidade como un dos colectivos específicos contemplados nas renda de inclusión social de Galicia (RISGA). No referente á sanidade en Traballo Social saben que existe unha lista de espera pero que esta é moi longa. Isto é certo, pois tal e como se recolle no apartado de aspectos políticos e xurídicos da transexualidade, España aínda non apostou por un modelo integral para o tratamento da transexualidade. Isto provoca que existan moitas diferenzas entre comunidades autónomas, posto que unhas contemplan a cirurxía como prestación da sanidade pública mentres que outras non o fan, o que ocasiona que moitas comunidades deriven as persoas para operarse a outras comunidades na que se aparece recollida como unha prestación, dando lugar a unhas interminables listas de espera para someterse á operación.

Ningún dos dous grupos se mostra coñecedor da Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas, nin do avance que supuxo para a modificación dos datos nos documentos oficiais.

Ata hai moi pouco tempo non se creou lexislación específica en materia de transexualidade, pois Antonelli (2007) afirmaba que ata marzo de 2007 en España non existiu lexislación específica nesta materia. Como vimos no marco teórico desta investigación, Berenguer (2007) e Belsue (2012) criticaban esta lei sostendo que non é unha lei integral, senón que só se limita ao ámbito do rexistro civil, senón incluír medidas relacionadas co ámbito educativo e sanitario, medidas contra a transfobia e medidas de protección laboral. En España existen moitas carencias en materia de transexualidade estas carencias tamén se trasladan aos participantes dos grupos de discusión, pois aínda que a transexualidade está na axenda política española non o está tanto nos coñecementos dos participantes, pois ambos os grupos mostran moito descoñecemento no referente a lexislación en materia de transexualidade.

CATEGORÍA: TRANSEXUALIDADE E SANIDADE

Pregunta: Cres que a operación de cirurxía de reasignación sexual debe contemplarse no catálogo de prestacións da sanidade pública?

Isto permítenos coñecer a opinión sobre unha cuestión que suscita tanta polémica, e sobre a cal moitos movementos sociais están a loitar duramente.

Grupo A

A2 sostén que «lin que era unha cirurxía moi custosa».

A4 manifesta que «podería asumila en parte» ao que A2 contesta que «creo que en parte xa se asume».

Cando se lles pregunta se se debe asumir como unha prestación na súa totalidade, A2 afirma «creo que tal e como está agora o panorama sanitario, que só hai que ver como esta urxencias non estamos preparados para asumir iso, aínda que soe moi frío, é a realidade», e manifesta que «habería que ver se a sociedade está preparada para isto, xa que a sanidade é de todos e todos pagamos impostos».

A4 sostén que «aínda que soe mal, a min asumila totalmente pareceríame moito, pero unha parte paréceme ben, que non se pague todo pero que se lles dea unha axuda».

A2 di que «falar de custos cando falamos de cidadáns soa mal, pero se se asumise necesitaríamos máis médicos, máis partida orzamentaria».

A3 afirma estar de acordo co tema dos custos «está todo tan mal que nin se cobre o súper básico que nos deixa vivir, antes diso vai o que nos fai falta día a día, primeiro hai que mellorar a sanidade economicamente e tamén culturalmente a sociedade para

preparala». A2 coincide e sostén que «se se arranxa a sociedade a sociedade leva a que se arranxe o sistema e, se se arranxa o sistema, todos encaixaríamos mellor nel».

Grupo B

Afirman todas á vez e con gran seguridade que si, universalmente. Cando se lles cuestiona sobre o elevado custo, B6 afirma que «máis custoso é para a persoa querer ser muller e non poder porque se ten que gastar miles e miles de euros».

B4 afirma que «para min sen dúbida debe ser universal e asumida totalmente».

B6 completa isto dicindo que «débesse pagar todo, tratamento psicolóxico, tratamento hormonal, e operación. Non é un capricho é unha necesidade».

Podemos concluír que é en sanidade pública e a transexualidade, onde atopamos unha maior diferenza entre ambos os grupos. No primeiro grupo doutras titulacións ningún participante afirma que se debería contemplar inmediatamente e na súa totalidade no catálogo de prestacións da sanidade pública, senón que afirman que só se debería pagar unha parte «a min todo pareceríame moito, pero unha parte pareceríame ben, que se lle pague unha parte, que se lle dea unha axuda» (A4, muller, 22 anos). Sosteen ademais que a sociedade non está preparada para asumir estes custos, «habría que ver se a sociedade está preparada para iso, xa que a sanidade é de todos e todos pagamos impostos» (A2, home, 26 anos) facendo referencia á aceptación da transexualidade na sociedade. Tamén afirman que non se debería asumir na súa totalidade por temas económicos «está todo tan mal que non se cobre o súper básico que nos deixa vivir, antes diso vai o que nos fai falta día a día» (A3, muller, 22 anos) polo que se pode observar que non contemplan o tema da transexualidade como unha necesidade inmediata, nin vital para as persoas transexuais.

Mentres que no segundo grupo, o de Traballo Social, mostra unha maior sensibilización co colectivo transexual, pois todos os participantes non dubidan en soste que si, que se debería contemplar e ademais de maneira universal «débesse pagar todo, tratamento psicolóxico, hormonal e operación, non é un capricho é unha necesidade» (B6, muller, 21 anos). Isto quere dicir que a operación a conciben como unha necesidade inmediata e vital para as persoas transexuais.

Actualmente a Rede pola Despatoloxización das Entidades Trans do Estado español atópase loitando pola inclusión da transexualidade no sistema

sanitario español, ante esta posibilidade o estudantado de Traballo Social móstrase moito máis concienciado e sensibilizado que o estudantado doutras titulacións, pois estes últimos non defenden a inclusión total, senón que falan de axudas parciais, sen apostar pola inclusión plena no sistema de saúde.

4. REFLEXIÓNS FINAIS, LIMITACIÓNS E PROSPECTIVA

Tamén podemos dicir que nos atopamos ante un xacemento profesional para o Traballo Social aínda inexplorado, pois ata agora a atención á diversidade sexual levouse a cabo desde unha perspectiva médica, pero faise necesaria a perspectiva social e a figura dun profesional que acompañe a persoa na súa transición, sen que esta deixe de ser suxeito activo do seu propio cambio. Necesítase un profesional que poña en contacto persoas e redes de apoio, que cree e xestione recursos específicos destinados a este colectivo, que desenvolva campañas contra a exclusión e a discriminación deste colectivo, e quen mellor que o profesional de Traballo Social para desempeñar esta función?

Tras profundar no tema consideramos que o Traballo Social pode ser un importante aliado na loita que está a levar a cabo este colectivo, pero a realidade é que aínda non se incluíu a perspectiva social na atención á transexualidade. Isto podémolo observar en que no territorio español instaláronse unidades de trastornos da identidade sexual (UTIS) en varias comunidades, estas unidades funcionan mediante equipos interdisciplinares, contan con profesionais como médicos endócrinos, psicólogos clínicos, xinecólogo, psiquiatras etc., pero a presenza da figura un profesional de Traballo Social aínda non é unha realidade nestes equipos.

No referente aos obxectivos específicos que nos propoñiamos, podemos afirmar que cumprimos con éxito os obxectivos, pois mediante a realización dos grupos de discusión puidemos coñecer o nivel de coñecementos que ten algunha poboación nova con formación superior en materia de transexualidade. A poboación moza, estudante de traballo social, é a que presenta unha base de coñecementos máis sólida e ampla sobre o tema, así mesmo observamos desinformación en ambos os grupos, aínda que en menor grao entre o alumnado de Traballo Social.

En canto aos proxenitores, facer referencia as súas respectivas traxectorias profesionais. Pois, como se viu, a orixe social dos mozos e mozas está fortemente condicionada pola posición laboral dos país. O que se traduce, tanto a nivel educativo como laboral, en maiores ou menores posibilidades de ter máis éxito ou maior fracaso. Ter en conta, pola importancia que supón, o xeito de atender á maneira na que os mozos e mozas se relacionan coa súa orixe social, por exemplo, ao tentar distanciarse. E é que, «as aspiracións, non son unicamente forzadas no medio da orixe, senón que tamén, se forman e evolucionan ao fillo das carreiras escolares, profesionais e das relacións de amizade» como se viu- (Avril, Cartier e Serre, 2010: 154).

No que a sistema escolar se refire, os anos de escolarización din moito dun mozo e da súa orixe social. Moitas veces xoga en contra dos mozos de clase social máis baixa, ao carecer das mesmas posibilidades e oportunidades que o resto, dada a súa situación familiar. É dicir, moitos mozos de clases populares teñen que combinar estudos e traballo para poder saír adiante xunto coa súa familia. Inevitablemente, esta situación lévaos a estar máis anos escolarizados e, por conseguinte, a investir máis na súa formación. Non obstante, para aqueles mozos que só teñen como obxectivo centrarse nos seus estudos, os anos de escolarización vesen reducidos notablemente.

Outro aspecto relevante no guión, constitúeno as expectativas e horizontes laborais marcados polos propios mozos e mozas. Desta forma, poderase apreciar a maneira na que están arraigados á súa orixe social.

Así pois, o guión das propias historias estará centrado -en maior medida- no ámbito laboral. Con todo, incluíranse aspectos da traxectoria escolar, do núcleo familiar e do proceso de socialización polas razóns anteriormente comentadas.

UTILIDADE, APLICABILIDADE, RELEVANCIA E VINCULACIÓN COA DISCIPLINA DO TRABALLO SOCIAL. CONCLUSIÓN:

Desde anos anteriores ao que sería a miña andaina pola universidade como futura profesional do Traballo Social, a situación da mocidade interesoume de maneira considerable. Cando es unha nena sentes curiosidade por ser maior -por facer cousas que só os maiores poden facer-. Tes a necesidade de sentirte libre e en certa medida poder facer e desfacer en función ás túas prioridades. Pero, cando chegas a ser maior, chegas a ser mozo ou moza, dáste conta das diferentes formas en que pode ser vivida a mocidade. Chegas a un punto no que sentes que vivas como vivas esta nova etapa da túa vida, nunca chegas a coñecer na súa totalidade en que consiste realmente ser mozo ou moza.

A proposta de investigación aquí levada a cabo é un reflexo da importancia do coñecemento das historias de vida para chegar a entender e comprender situacións para ás que en ocasións non se atopan respostas.

Con frecuencia cúlpase aos propios mozos e mozas dos problemas que lles afectan con maior intensidade, xa sexan no ámbito laboral, social ou educativo. Dada a importancia desta situación, é necesario saber abordar todo canto lles concirne, para así facer fronte ás diferentes problemáticas que poidan presentar, tratando de romper todo tipo de barreiras que lles impiden desenvolverse con total normalidade na sociedade, logrando o seu benestar. É e precisamente desde a disciplina do Traballo Social desde onde mellor pode abordarse este xeito. Así queda recollido no artigo 5 do Código Deontolóxico de Traballo Social:

«O Traballo Social é a disciplina científico-profesional que promove o cambio social, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e a liberación das persoas para incrementar o benestar. Mediante a utilización de teorías sobre o comportamento humano e os sistemas sociais, o Traballo Social intervéñen nos puntos nos que as persoas interactúan co seu contorno» (Código Deontolóxico Traballo Social, 2012, p. 8).

Para o traballo social, a situación de vulnerabilidade na que se atopan moitos mozos e mozas, pasou a ser un foco principal de atención. A necesidade de poñer de relevo o contexto no que se desenvolve a vida dos mozos e mozas e as súas propias traxectorias vitais require dunha intervención social. As políticas de mocidade en España han de traballar para fomentar as capacidades e competencias dos mozos e mozas, favorecendo o

desenvolvemento non só das súas traxectorias persoais senón tamén colectivas, e por conseguinte, para reducir a situación de vulnerabilidade presente e futura, pois aínda que esta se experimente de forma persoal, as raíces son sociais (INJUVE, 2012).

É de suma importancia que desde o Traballo Social se comprendan os mecanismos sociais subxacentes a esta situación de vulnerabilidade na que se atopan os mozos e mozas. Os traballadores e traballadoras sociais co seu traballo ten que seguir dando resposta e atendendo aos problemas específicos que hoxe en día afectan directamente e de forma negativa tanto á mocidade, como a través dela á sociedade no seu conxunto (Arias Astray, 2012: 90).

Talvez os profesionais na materia atopáronse cunha situación un tanto peculiar, e é que partimos dunha realidade na que mozos e sociedade son dous conceptos opostos. É dicir, por unha banda expónse que os mozos fosen como o resto da sociedade. E, con todo, a mocidade busca unha sociedade que se adapte as súas prioridades. Polo tanto, é necesario partir deste punto clave para poder solucionar os problemas que disto se derivan.

Tratar de aproximarse desde o Traballo Social a todo o que a mocidade (ou máis ben mocidades) se refire, implica deixar a un lado a idea de mocidade como proceso de transición entre a vida infantil e a adulta e pensalo coa complexidade que require, de acordo co exposto nesta proposta de investigación..

Á hora de traballar con mozos e mozas, facer uso da técnica DAFO⁸ pode ser de grande axuda. Ademais, tamén sería conveniente orientar o traballo con casos cara a propostas de grupo e/ou comunitarias, que en numerosos casos adoitan ter resultados moi positivos.

Unha das razóns principais que vincula esta proposta de investigación con todo o estudado durante a miña andadura coma traballadora social, é a diversidade de situacións que se poden dar. A realidade social vívese de diferente maneira en función das traxectorias de vida e do proceso de socialización. De aí, a importancia do Traballo Social e da profesionalidade do traballador ou traballadora social á hora de levar a cabo unha intervención nesta materia. E é que desde un principio, a vida destes queda condicionada por múltiples factores que a condicionan e prefiguran de distinta maneira. Polo tanto, é fundamental á hora de traballar con mozos e mozas, xa sexa por un motivo ou outro, coñecer de primeira man a situación á que imos enfrontarnos, pois vai depender desta o curso da intervención realizada.

⁸ Cando se traballa con mozos e mozas e as súas problemáticas, «os modelos centrados nos déficits e carencias deben ser postos en cuestión, e apostar por orientacións centradas nas competencias e fortalezas» (Arias Astray, 2012: 90).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- Albertini, M. (2010): «La ayuda de los padres españoles a los jóvenes adultos. El familismo español en perspectiva comparada», *Revista de Estudios de Juventud*, n.º 90, pp. 67-81.
- Alonso Benito, L. E. e Fernández Rodríguez, C.J. (2008): «Jóvenes: precariedad laboral, precariedad de vida», *Gaceta sindical*, n.º 10, pp. 67-84.
- Alonso, L. E. (1998): *La Mirada Cualitativa en Sociología*, Madrid, Fundamentos.
- Arias Astray, A. (2012): «El trabajo (social) con jóvenes y la problematización de la categoría juventud», en *Revista Estudios de Juventud*, n.º 97, pp.77-92.
- Bourdieu. P. (1984): *Sociologie et Culture*. París, Les editions de Minuit.
- Callejo Gallego, J. e Gutiérrez Brito, J. (2012): *Adolescencia entre pantallas*, Barcelona, Gedisa.
- Callejo González, J. J. (2010): «La emergencia de una nueva concepción de la familia entre las y los jóvenes españoles», *Revista de Estudios de Juventud*, n.º 90, pp. 43-66.
- Castillo, J. J. (2008): «Una generación esquilhada: los efectos de las reformas laborales en la vida y trabajo de los jóvenes madrileños», en *La soledad del trabajador globalizado*, Madrid, Los libros de la catarata, pp. 104-129.
- Castillo, C. A. e García López, J. (2002): *Las relaciones de socialización*, Mimeografiado.
- Christelle, A.; Marie, Cartier. e Delphine, S. (2010): *Enquêteur sur le travail*, París, La Découverte.
- Corcuff, P. (1998): *Las nuevas sociologías: construcciones de la realidad*, Madrid, Alianza Editorial.
- Fernández Enguita, M. (1999): *La escuela a examen: un análisis sociológico para educadores y otras personas interesadas*, Madrid, Ediciones Pirámide.
- Fernández Steinko, A. (2002): «Las claves del botellón», http://elpais.com/diario/2002/02/14/madrid/1013689470_850215.html
- Fernández Steinko, A. (2010): *Izquierda y Republicanismo*, Madrid, Akal.
- García Montalvo, J. (2009): «El mercado laboral de los jóvenes en España», en Tezanos, J. F. (Ed.), *Juventud y exclusión social*, Madrid, Sistema, pp. 89-101.

- INE (2013): Encuesta de Población Activa, Madrid, Instituto Nacional de Estadística.
- INE (2005): Encuesta de Transición Educativa-Formativa e Inserción Laboral, Madrid, Instituto Nacional de Estadísticas.
- Instituto de la Juventud (INJUVE) (2013): Empleo, <http://www.injuve.es/empleo>
- INJUVE (2008): Informe juventud en España, Madrid, Ministerio de igualdad.
- Lahire, B. (2003): «Los orígenes de la desigualdad escolar», en Marchesi, A., y Hernández Gil, C. (Coords.), *El fracaso escolar: una perspectiva internacional*, Madrid, Alianza Editorial, pp. 61-71.
- Lemieux, C. (2010): «Problematiser», en Paugam, S. (dir.), *L' enquête sociologique*, París, Puf, pp. 27-51.
- López Calle, P. e Castillo, J. J. (2004): *Los hijos de las reformas laborales*, Madrid, UGT.
- VV. AA. (2012): *Revistas de Estudios de Juventud*, n.º 97.
- Martín Criado, E. (1997): «Los empleos y los paros de los jóvenes», *Cuadernos de relaciones laborales*, n.º 11, pp. 173-201.
- Martín Criado, E. (1998): *Producir la juventud*, Madrid, Istmo.
- Mauger, G. (2006): *Les bandes, le milieu et la bohème populaire. Études de sociologie de la déviance des jeunes des classes populaires (1975-2005)*, París, Éditions Belin.
- Ortí, A. (1998): «La apertura y el enfoque cualitativo o estructural: la entrevista abierta semidirectiva y la discusión en grupo», en García
- Ferrando, M. Ibáñez, J. e Alvira, F., *El análisis de la realidad social*, Madrid, Alianza Universidad, pp. 189-221.
- Paugam, S. (2010): *L' enquête sociologique*, París, Puf.
- Recio, A. (1995): «La segmentación del mercado de trabajo en España», en Miguelez, F. e Prieto, C. (Ed.), *Las relaciones laborales en España*, Madrid, Siglo XXI, pp. 97-115.
- Recio, A. (2004): «¿Qué fue de la clase obrera?», *Mientras tanto*, n.º 93, pp. 25-43.
- Santamarina, C. e Marinas, J. M. (1995): «Historias de vida e historia oral», en Delgado, J. M. e Gutiérrez, J. (coords), *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en ciencias sociales*, Madrid, Síntesis, pp. 257-285.

- Santos Ortega, A. (2006): «Generación flexible: Vivencias de flexibilidad de los jóvenes parados», *Cuadernos de relaciones laborales*, n.º 24 (2), pp. 63-83.
- Santos Ortega, A., e Martín Martín, P. (2012): «La juventud española en tiempos de crisis», *Sociología del Trabajo*, n.º 75, pp. 93-110.
- Urraco Solanilla, M. (2007): «La sociología de la juventud revisitada. De discursos, estudios e historias sobre los jóvenes», *Revista Sociológica de Pensamiento Crítico*, n.º 1(2), pp. 105-126.

ANEXO I

DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS

- 1) Cal é a súa data de nacemento? Que idade ten?
- 2) Nacionalidade?
- 3) Estado civil? En caso de ter parella, cal é/era a súa categoría profesional?
- 4) Ten fillo/fillos ou filla/fillas?
- 5) Cal é o seu actual municipio de residencia?
- 6) Vive actualmente coa súa familia? Cantos membros forman esta?
- 7) Cantos irmáns ten? Que lugar ocupa entre eles?
- 8) Que relación mantén cos seus pais? E cos seus irmáns?
- 9) Percibe un trato igualitario entre todos os seus irmáns e/ou irmás?
- 10) Cal é a profesión actual do seu pai? E a da súa nai?
- 11) Os seus irmáns estudan ou traballan? Se traballan... cal é a súa posición laboral?
- 12) Como é o seu grupo de amigos? Que relación mantén con eles?
- 13) Ten un único grupo de amigos ou ten varios?

SISTEMA ESCOLAR

- 14) Que estudos ten terminados?
- 15) Obtivo algún tipo de axuda durante os seus estudos?
- 16) Cal era/é a súa situación dentro da unidade familiar cando estudaba? E na actualidade?

- 17) Como definiría o seu paso polo sistema escolar?
- 18) Que materias lle resultaron máis doadas? Por que?
- 19) Que materias lle resultaron máis complicadas? Por que?
- 20) Que títulos posúe da súa etapa estudantil? Canto tempo lle levou conseguilo?

MERCADO DE TRABALLO

- 21) A que idade comezou a súa vida laboral?
- 22) En que situación laboral se atopa nestes momentos?
- 23) Cando comezou a buscar emprego?
- 24) Cal foi o seu primeiro traballo? Como o atopou? Que requisitos esixían?
- 25) Cal foi o seu primeiro salario?
- 26) Cales eran as súas expectativas a primeira vez que empezou a traballar?
- 27) Chegou nalgunha ocasión compaxinar estudos e traballo?
- 28) Gustaríalle ter a mesma profesión dos seus pais? Por que?
- 29) En que disciplina lle gustaría ser un profesional?
- 30) A relación cos seus compañeiros de traballo é positiva?
- 31) Está contento co seu posto de traballo? Por que?
- 32) Correspóndese o seu posto de traballo coa súa cualificación?
- 33) Gustaríalle atopar un novo traballo ou está satisfeito co actual?
- 34) Cre que ten posibilidades de promoción na súa empresa?
- 35) Considera que lle esixen máis que a outros compañeiros ou compañeiras no seu traballo?

REDE LUCENSE DE VOLUNTARIADO «ENREDANDO TECIDO SOCIAL»

Tania Covas González, Carla Carballeira Fernández e Eloína Injerto López

Premio modalidade Boa Práctica
Cidade de Lugo. Setembro 2007 a decembro 2015.

RESUMO

A Rede Lucense de Voluntariado ten orixe no ano 2007, froito dunha iniciativa persoal á que se foron sumando e incluíndo dez persoas máis en representación de diferentes entidades sociais e cunha meta común: darlle resposta á necesidade de impulsar e promover o voluntariado organizado na cidade de Lugo. Iniciase así unha idea de colaboración e de cooperación entre as entidades que a integran, formulando a rede como un sistema de organización aberto, como un espazo de comunicación, cunha estrutura que favoreza a participación dun xeito igualitario e enriquecedor.

Na meta hai unha crenza firme no voluntariado como peza fundamental dunha sociedade inclusiva baseada na solidariedade e na participación activa da cidadanía. Enmarcada nos programas e servizos que desenvolven as entidades sociais e que contribúen á mellora da calidade de vida das persoas destinatarias destes, e a de xerar valores solidarios e altruístas na sociedade cunha responsabilidade compartida na construción dun mundo máis xusto para todas e todos.

Esta experiencia ten percorrido no tempo, que a consolida como unha referencia de labor profesional e traballo coordinado no eido social.

PALABRAS CHAVE

Rede, voluntariado, comunidade, Lugo, participación.

RESUMEN

La Red Lucense de Voluntariado tiene su origen en el año 2007, fruto de una iniciativa personal a la que se fueron sumando e incluyendo diez personas más en representación de diferentes entidades sociales y con una meta común: dar respuestas a la necesidad de impulsar y promocionar el

voluntariado organizado en la ciudad de Lugo. Se inicia así una idea de colaboración y de cooperación entre las entidades que la integran, planteando la red como un sistema de organización abierto, como un espacio de comunicación con una estructura que favorezca la participación de una forma igualitaria y enriquecedora.

En la meta hay una creencia firme en el voluntariado como pieza fundamental de una sociedad inclusiva basada en la solidaridad y en la participación activa de la ciudadanía. Enmarcada en los programas y servicios que desarrollan las entidades sociales y que contribuyan a la mejora de la calidad de vida de las personas destinatarias de las mismas, y a generar valores solidarios y altruistas en la sociedad con una responsabilidad compartida en la construcción de un mundo más justo para todas e todos.

Esta experiencia ten recorrido en el tiempo, que la consolida como una referencia de labor profesional y de trabajo coordinado en el ámbito social.

PALABRAS CLAVE

Red, voluntariado, comunidad, Lugo, participación.

ABSTRACT

The Lucense's Volunteering Network was created in 2007. It started as a individual initiative, and it then expanded as ten people joined, each person representing a different social entity. They all had a common goal: to meet the need for boosting and promoting organised volunteering in the city of Lugo. It shaped collaboration and cooperation amongst the organisations that integrate the net, which is understood as an open system and a means of communication with a structure that promotes equal and enriching participation.

The vision lays on a strong belief that volunteering is an essential part of an inclusive society based on the solidarity and active involvement of citizens. This goal is underpinned by the programmes and services that the social associations run, which contribute to a better quality of life for the needed people. It also instils the values of solidarity and altruism in society, with a shared responsibility of making a fairer world for everyone.

This network has been running for several years now, and it is a reference for professional and coordinated work in the social field.

KEYWORDS

Networking, volunteering, community, Lugo, participation.

INTRODUCCIÓN/FUNDAMENTACIÓN

A Rede Lucense de Voluntariado (ReLuVol) ten como punto de partida a crenza e a convicción do traballo en rede como instrumento de intervención e de organización grupal, fundamentado na colaboración, o intercambio, e a participación entre varias entidades-persoas que se unen por unha causa común, neste caso: a promoción do voluntariado como xeito de participación social e compromiso solidario.

Iniciar un traballo en rede require de establecer contactos e vínculos con aqueles axentes que teñan intereses e necesidades comúns, organizándose de xeito coordinado e conxunto que permitirá resolver dificultades, incidir na consecución de cambios e acadar melloras compartidas.

«De alguna manera, las redes implican un desafío a la estructura piramidal, vertical, de la organización social y proponen una alternativa a esta forma de organización que pueda hacer frente a las situaciones de fragmentación y desarticulación que se vive en la actualidad» (Rizo, 2006).

Ao mesmo tempo ten que darse un aspecto diferencial e motivador, entre as organizacións e as persoas que se incorporen á rede, así como no propio contido de traballo. Falamos da organización entre persoas que inician un camiño conxunto e que se irá fortalecendo na medida en que se van tecendo relacións persoais, confianza e coñecemento entre os e as súas integrantes, así como se vai acadando o para que, que deus orixe á rede. Isto último impulsa o crecemento e dálle sentido a esta.

No inicio de creación da rede detectouse a necesidade de impulsar e promover o voluntariado organizado na cidade de Lugo, e de facelo dun xeito común para chegar a onde non poderíamos de forma illada. O alcance da actuación sería local, producindo unha maior aproximación á realidade do contorno.

A rede como instrumento de acción implicou un traballo previo de identificación de necesidades no que se detectaron aspectos comúns:

- Non se impulsaba o compromiso social entre a cidadanía.
- Non se reivindicaba o papel protagonista do voluntariado na cidade.
- Escasa coordinación entre entidades locais.
- As diferentes administracións non se implicaban nestas iniciativas.
- Non se celebraba o Día Internacional do Voluntariado (DIV): recoñecemento da acción voluntaria.
- Podíamos axudarnos e axudar.

- Percepcións individuais que nun momento determinado pasan a ser compartidas: tíñase un reto común.

A partir de aquí fóronse dando pasos na estrutura organizativa:

- Establecendo regras básicas de participación.
- Definición do proceso de toma de decisións.

Plan de acción e comunicación:

- A esencia e valores do grupo no inicio: o compromiso, a comunicación e o liderado compartido... perduran na actualidade como sinal de identidade.

Os obxectivos operativos dos primeiros encontros de traballo foron:

- Traballar en común co motivo do Día Internacional do Voluntariado (2007).
- Facer visible o traballo das entidades no campo da infancia e o voluntariado.
- Ao mesmo tempo iniciase o traballo en rede e nace o debate e reflexión sobre a posibilidade de crear unha plataforma de voluntariado local, de xeito que esta iniciativa non sexa unicamente con motivo do día internacional do voluntariado.

Polo tanto, era necesario fortalecer o espírito do traballo en rede, invitando a outras entidades a unirse ao grupo, integrando neste proxecto non só as que traballan no campo da infancia e a xuventude. Dende entón comezouse un traballo coordinado, enriquecido no seu desenvolvemento e que segue en constante movemento e construción.

No marco deste enfoque de traballo en rede e de participación comunitaria, ocupa un lugar destacable a participación das/dos profesionais, a entidade e as persoas voluntarias. Enredando estes elementos tecemos accións, humanízase o ámbito de traballo e sumamos espazos onde actuar, entendendo que nada mellora se non se actúa.

«Un buen profesional, una persona competente, vale tanto por lo que ‘sabe’, como por las ‘relaciones’ que tiene. Una cosa sin la otra pueden funcionar aisladamente más o menos de manera eficaz, durante más o menos tiempo, pero su combinación aumenta el potencial personal, el impacto y la proyección social» (Dorado, 2006).

OBXECTIVOS

- Fomentar o valor do voluntariado como unha forma de expresión da participación de toda a cidadanía.

- Reforzar a coordinación e a comunicación entre as entidades.
- Intercambiar boas prácticas e asesorar a outras entidades que queiran desenvolver accións de voluntariado.
- Fomentar a innovación e a calidade na acción voluntaria.
- Incidir no desenvolvemento e impulso das políticas públicas en materia de voluntariado.
- Sensibilizar e recoñecer o labor das persoas voluntarias a través da celebración do Día Internacional do Voluntariado.
- Crear e consolidar procesos de traballo en rede e espazos de encontro que permitan o desenvolvemento do tecido asociativo e voluntario.

PERSOAS DESTINATARIAS

- As persoas voluntarias.
- As persoas destinatarias das entidades que integran a rede.
- Tecido asociativo e social da cidade de Lugo.
- A cidadanía en xeral de Lugo.

METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada basease no traballo en equipo e a participación, dentro dun marco de confianza e respecto á autonomía individual. Durante o ano 2010 e 2011, estívose a traballar no desenvolvemento dunhas bases que recolleron un sentir común e de organización que marcarán o ritmo de traballo nos vindeiros anos.

A rede carece de personalidade xurídica propia e, polo tanto, de órganos de administración, representación, estatutos e orzamento. Está formada por entidades que teñen a condición de membros de pleno dereito. Aquelas outras que se atopan no proceso de adhesión reciben un estatus especial de entidades observadoras. Transcorridos 6 meses poderán participar na Comisión plenaria como membros de pleno dereito.

A rede pode compartir obxectivos comúns con outras entidades coas que establece unha colaboración de carácter puntual sen que formen parte desta. Estas entidades reciben o nome de colaboradoras.

O funcionamento que se estableceu foi mediante comisións:

- Comisión plenaria
- Comisións de traballo
- Comisión delegada

A Comisión plenaria é o órgano de funcionamento da Rede Lucense de Voluntariado, na que teñen o dereito e a obriga de participar todas as entidades membros da rede.

A Comisión delegada é o órgano que realiza funcións encomendadas pola Comisión plenaria, especialmente aquelas que polo seu carácter urgente precisen resolverse con celeridade. A súa finalidade é de carácter operativo e deberá contar cun mínimo de catro membros.

A Comisión de traballo é o órgano responsable da preparación dos asuntos específicos que deben tratarse nas reunións da Comisión plenaria.

Así mesmo, establécese unha Comisión de comunicación que é a encargada da execución da estratexia de comunicación. A súa composición é de tres persoas designadas pola Comisión plenaria que se renovarán de forma anual.

As entidades membros da ReLuVol deberán estar legalmente constituídas e desenvolver un proxecto de voluntariado en Lugo, ou estar en disposición de levalo a cabo durante o tempo que dure o proceso de adhesión á rede.

O proceso comeza coa presentación da solicitude na Comisión delegada da Rede. A nova entidade debe realizar por escrito a manifestación de interese, indicará o nome das dúas entidades que actuarán como avais e facilitará o apoio e asesoramento.

Para poder levar a cabo o traballo descrito anteriormente, a rede utiliza diferentes ferramentas de traballo:

- A creación dunha conta de correo electrónico común, redelucensedevoluntariado@gmail.com. Esta conta emprégase para a comunicación e a difusión das accións da rede.
- A creación dun grupo de traballo en liña, a través das ferramentas dispoñibles en google: google groups e google drive, co fin de compartir documentos de traballo e arquivos comúns.

DESCRIBIÓN

As accións desenvoltas estrutúranse en diferentes liñas de actuación e tempo, como detallamos a continuación:

ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E PROMOCIÓN

Dende o ano 2007 a ReLuVol, no seu propósito de achegar o voluntariado á cidadanía, toma como eixe de partida a celebración do **Día Internacional do Voluntariado** para o Desenvolvemento Económico e Social,

que foi decretado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 17 de decembro de 1985. Dende entón, os gobernos, o sistema de Nacións Unidas e as organizacións civís únense aos voluntarios/as de todo o mundo para celebrar este día, o **5 de decembro**.

A continuación expónse o desenvolvemento das distintas actuacións ao longo destes 9 anos da ReLuVol con motivo desta celebración, así como doutras actividades de sensibilización e promoción, con afán visibilizador da solidariedade e dos valores sociais:

ANO 2007. Día Internacional do Voluntariado.

Baixo este título, aínda non tendo unha visión tan ampla de rede, si nos unía a inxerencia sensibilizadora e de iniciativa común, polo que entre oito entidades (Fundación Secretariado Gitano, Asociación Valponasca, Cáritas Diocesana, USC, Aspnaís, Fundación JuanSoñador, Asociación Xuvenil Ateibo e Asociación de Mulleres Separadas e Divorciadas de Lugo) se fixo esta primeira acción conxunta.

Os actos deste día:

- Mesa redonda coa participación da escritora e fundadora da ONG de cooperación internacional, Implicadas no Desenvolvemento, María Reimóndez, «Voluntariado local de diversos ámbitos sociais».
- Concerto do grupo Stranniki. Formación multicultural que fai honor ao seu nome «Trotamundos».
- Exposición «Voluntariado lucense en imaxes».

A celebración tivo lugar no Club Cultural Babel de Lugo. O éxito foi rotundo tanto na participación (aforo completo de 250 persoas aproximadamente) como na implicación das persoas nas actividades programadas.

Sen contar con recursos económicos, solicitouse unha pequena partida orzamentaria á Subdirección Xeral de Solidariedade da Xunta, responsable das políticas nesta área, para o deseño e impresións de carteis, así como para o pagamento dos músicos e gastos relacionados co relatorio e coas exposicións.

ANO 2008. «O voluntariado, unha práctica saudable».

Un ano despois a ReLuVol medra e faíno con conciencia de continuidade e fortalecemento do traballo en rede. Neste ano está integrada xa por once entidades de Lugo que desenvolven accións no eido social e do voluntariado (Fundación Secretariado Xitano, Asociación Valponasca, Cáritas Diocesana Lugo, Universidade de Santiago de Compostela, Aspnaís, Fundación JuanSoñador, Asociación Xuvenil Ateibo, Auxilia Lugo, Down Lugo, Cogami Lugo e Xaquedrum). Ao longo deste ano, ademais de preparar unha acción

sensibilizadora máis esixente, seguíronse mantendo reunións mensuais de traballo técnico e reflexivo co obxectivo de elaborar as bases de organización da rede, coa intención de incorporar máis entidades ao longo dos vindeiros anos.

Na organización dos actos do Día Internacional do Voluntariado (en adiante DIV), fíxose un chamamento á cidadanía en xeral, ás entidades, aos voluntarios e voluntarias, e, saíndo a rúa baixo o lema «O voluntariado, unha práctica saudable» coa compañía do grupo de **Teatro Upiaska da USC**, animáronse as rúas para facer chegar a mensaxe deste día, sensibilizando sobre a idea de dar de corazón, de recibir, de facer práctica do voluntariado como un xeito de dar froito ao valor da solidariedade e contribuír na mellora da sociedade.

Coa disposición dunha carpa na Praza Maior creouse unha exposición do labor do voluntariado nas diferentes entidades que conforman a rede, para deixar testemuña do labor e da riqueza que achegan á mellora da calidade de vida de colectivos en desvantaxe social.

Contamos co apoio económico da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a Concellería de Muller Benestar Social do Concello de Lugo, a Deputación Provincial de Lugo e a **Fundación Tic**, para a gravación e difusión da xornada.

Ese mesmo ano colaborouse na organización do relatorio, dentro do Programa ConversasCon, que levou a cabo a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:

Conversas con Enrique Martínez Reguera «40 anos de percorrido con mozos e mozas en desvantaxe social» dentro do ciclo de ConversasCon. 24 de marzo 2008. Fundación Obra Social Caixagalicia. Colaboración na organización.

ANO 2009. «Construíndo redes solidarias».

Este ano, con motivo da celebración do DIV, organizáronse unha serie de charlas de sensibilización social e experiencias persoais, solicitando de novo a colaboración dos organismos públicos que teñen responsabilidades en materia de voluntariado, a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo.

- Joaquín Mendoza, médico e colaborador de Cirujanos del Mundo.
- Aquilino González, voluntario na Asociación Lucense de Axuda a Enfermos Mentais.
- Raúl Asegurado, de Banca Ética.
- Animación teatral, amenizada polo grupo Hipócrita Teatro.

A participación na celebración, que se fixo a tarde do 4 de decembro no Centro Social Uxío Novoneyra de Lugo, contou con numerosas persoas, tanto das distintas entidades participantes, como do voluntariado e da cidadanía en xeral.

Outro ano máis, volveuse colaborar na organización do Programa ConversasCon e outras actividades de sensibilización social:

Conversas con Jaime Funes Arteaga «*Ser neno, ser adolescente e atopar un lugar no mundo adulto*».

A xornada contou tamén cun contacontos a cargo de Cucarandainas e a Exposición fotográfica «*La mirada también habla*» da Fundación JuanSoñador. 1 de abril de 2009. Centro Lug II.

ANO 2010. «Unindo redes solidarias».

Con motivo da celebración do DIV, persoas integrantes de todas as entidades da rede, tanto técnicos como cargos directivos, representantes políticos, persoas voluntarias, persoas destinatarias das entidades e público alí presente puideron escoitar a lectura do manifesto do voluntariado, feito que permitiu seguir unindo redes solidarias. O acto tivo lugar na Praza Maior e congregou un público reducido pero moi atento, chamando a atención dos viandantes que se paraban a informarse da dita lectura. Un momento de unión, colaboración, solidariedade e traballo en rede, representándose alí os valores que impulsan o traballo da ReLuVol.

ANO 2011. Ano Europeo do Voluntariado.

Este ano, conmemorouse o Ano Europeo do Voluntariado, polo que se levaron a cabo unha variedade de accións de sensibilización durante ao do ano.

Con respecto a celebración do Día Internacional do Voluntariado, traballouse na difusión dos valores de respecto á diversidade, convivencia e cooperación, para avanzar na construción dunha sociedade solidaria na que conviven persoas con diferentes capacidades. A través da dinamización de varios talleres na rúa nos que se fixo uso de material reciclado, un circuíto en cadeira de rodas e actividades de deporte adaptado. Para rematar, contouse cunha representación teatral a cargo do grupo Down Lugo no salón de actos de NovacaixaGalicia, baixo o título *El club de la comedia vial*.

A asistencia de persoas, tanto das entidades, como do voluntariado e da cidadanía en xeral, fixeron que a capacidade do salón estivese completa. Contouse coa colaboración das distintas administración locais (concello e deputación), a Xunta de Galicia e as colaboracións especiais da Fundación TIC e de NovaCaixaGalicia.

A maiores da celebración do DIV, a rede colaborou na promoción e sensibilización do voluntariado a través de diferentes accións co Concello de Lugo:

- Participación nas xornadas do Ano Europeo do Voluntariado do Concello de Lugo, baixo o título EU-VoL. Proxecto para fortalecer a participación nos programas das entidades de acción voluntaria en Lugo no ano Europeo do Voluntariado (2011).
- Asistencia técnica coa Área de Participación Cidadá para a elaboración da axenda 2011 do Concello de Lugo sobre o voluntariado e as entidades da cidade que desenvolven proxectos de acción voluntaria.

Acto de sinatura do protocolo de colaboración da Rede Lucense de Voluntariado.

No mes de setembro, tivo lugar na Vicerreitoría de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo un acto onde se asinou o protocolo de colaboración que formalizou publicamente a creación da rede, por parte dos representantes das entidades que a constitúen. Este acto enmarcouse dentro do programa de actividades conmemorativas do Ano Europeo do Voluntariado e supuxo unha porta aberta para a adhesión doutras entidades de acción voluntaria en Lugo.

Esta data foi moi importante como punto de inflexión no devir da ReLuVol, así como o seu recoñecemento e lexitimación do traballo en equipo.

ANO 2012. «Voluntariado en positivo».

Este ano organizouse co motivo do DIV unha serie de relatorios con relación á acción voluntaria, na Biblioteca Nodal de Lugo. Contouse coa participación de:

- Xosé Cuns Traba, co relatorio «A análise do terceiro sector».
- Iago Pérez Santalla, co relatorio «O ilímite da achega mutua».

Foi un espazo de participación mutua e moi enriquecedor pola calidade dos relatores. Permittiunos abrir unha ventá á análise da situación, a ver como un sector pode ter tanta influencia sobre a sociedade e como a situación económica inflúe sobre el.

Facendo referencia a unha nota de prensa local titulada «Voluntad sin límites», a ReLuVol quixo resaltar que nun momento de crise como o que se estaba a vivir o papel do voluntariado debía facerse máis presente na sociedade, como unha resposta conxunta ás necesidades da sociedade e dos colectivos máis desfavorecidos. Despois de escoitar a estas dúas persoas tan experimentadas na materia, fíxose un debate aberto no que se analizaron as experiencias e os desafíos do presente e do futuro.

ANO 2013. «Tómalle o gusto ao voluntariado».

Neste ano pretendeuse darlle visibilidade á tarefa de voluntariado que realizan millóns de persoas en España en todos aqueles recursos onde se fai

necesario actuar ante a desigualdade, así como sensibilizar e promover que moitas máis persoas se unan neste labor.

Organizouse un Photocall de mensaxes solidarios na rúa e posteriormente un contacontos nun centro de convivencia da cidade, cunha chocolatada final que permitía quentarnos e repousar todo o adquirido na xornada.

O acto tivo lugar en 2 escenarios diferentes, diante do concello na parte de visibilizar e compartir coa cidadanía e nun centro de convivencia, nun día fresco pero que nos permitiu reivindicar a través de varias canles a importancia do voluntariado e de tomarlle o gusto.

Contamos co apoio de Concello de Lugo.

ANO 2014. «Froito da solidariedade. Éche outro conto!».

Neste ano pretendeuse poñer en valor a solidariedade que nos transmiten todas as persoas que nos acompañan no labor voluntario, que dedican o seu tempo e empeño en facer unha sociedade mellor, sen contos, real. Elaborouse unha peza colectiva froito da suma de moitos valores: cooperación, respecto á diversidade, respecto interxeracional, equidade, xustiza e voluntariado.

Esta iniciativa contou coa participación da Rede Museística de Lugo, o que permitiu abrir un espazo cultural e de todos, e que a solidariedade fluíse por todos os seus recunchos. A participación foi moi numerosa e case todos os participantes puideron elaborar e decorar follas que despois colgaban de varias árbores, ademais de redactar palabras ou frases que para eles representasen este ano como persoas voluntarias e ou como receptores da dita axuda. Tamén houbo diversos xogos que traballaban os valores e unha representación do Espazo de Danza da Universidade, que congregou a un público numerosísimo e animado. Como é habitual ao final fíxose a lectura do manifesto.

ANO 2015. «Emprende a túa viaxe».

Este ano a ReLuVol propúxose ampliar a súas actuacións a través de accións formativas de sensibilización e co gallo diso emprendeu unha viaxe cara a novos horizontes. Como non podía ser menos, a viaxe fixérona todas as persoas voluntarias durante o ano e tamén a través do propio día. Este centrouse nunha xornada lúdica e de sensibilización que tivo lugar o día 4 de decembro na Praza Maior. Desenvolvéronse diferentes actividades por parte das entidades que integran a rede:

- Obradoiro de elaboración de chapas, onde cada persoa deu carta libre a súa imaxinación e creatividade.
- Photocall, coa colaboración da fotógrafa Alba Valiño, elaborado con globos de diversas cores, que tivo gran impacto visual e atraeu a numeroso público, e serviron de marcos para fotografarse.

- Actuacións de baile de grupos de dúas entidades que compoñen a rede, que coa música e o movemento completaron a xornada.

Neste día quíxose destacar o valor da solidariedade, como contrapunto ao individualismo que nos rodea, para os que quixeron sumarse a descubrir, sentir e ilusionarse. Unha viaxe compartida que transforma, segundo se transmitía a través da lectura do manifesto. Esta celebración organizada pola ReLuVol dirixiuse a técnicos de entidades, persoas voluntarias, representantes das administracións, destinatarios dos proxectos e a cidadanía en xeral.

Talleres de sensibilización no ámbito educativo.

Durante o ano 2015, unha das actividades deseñadas no Plan de Acción da ReLuVol, foi a elaboración dun obradoiro de sensibilización dirixido ao alumnado dos ciclos de formación profesional co obxectivo de difundir os valores da acción voluntaria como motor de cambio social e como un recurso ao alcance de calquera, capaz de xerar ilusión para a construción dunha sociedade máis xusta, empática e solidaria.

Fixéronse os contactos oportunos para formar parte do programa do curso 2015/2016, concretamente en varios ciclos dun centro de formación profesional de Lugo. O persoal técnico das entidades serán os responsables da súa difusión.

ACTIVIDADES FORMATIVAS

As actividades de sensibilización complementáronse con actividades formativas que enriqueceron o labor das persoas voluntarias e profesionais que traballan con elas. Dentro das actividades formativas cabe destacar:

- «Unidos no ciberespacio», para a creación dun blog, baixo o lema de que a unión fai a forza. Esta ferramenta permitiu mellorar o traballo en equipo e tamén achegar ás entidades a persoas interesadas. Participaron 15 técnicos/as das entidades que compoñían a rede.
- «Móvete 09, Xornadas xuventude, lecer e participación social», organizadas dentro do Programa de Formación de Voluntariado do Servizo de Participación e Integración Universitaria. Participaron na dinamización dos obradoiros e relatorios os membros das entidades que forman a ReLuVol e o voluntariado implicado nestas.

ACTIVIDADES DE FORTALECEMENTO E APOIO

Realízanse reunións mensuais, bimensuais e/ou trimestrais, segundo proceda, de traballo técnico, de organización e programación dos plans de acción anuais. Este equipo está integrado polo menos por unha persoa que representa a cada entidade, experta na xestión do voluntariado.

Estas reunións organizaranse de xeito rotativo nas diferentes sedes das entidades que conforman parte desta. Son o instrumento fundamental do traballo operativo, coordinado e de comunicación.

Supoñen un espazo de reflexión, participación, debate, aprendizaxe, na que xorden as accións para desenvolver, na que se elaboran documentos técnicos en materia de voluntariado no ámbito interno e externo (achegas a plans formativos, ordes de convocatorias de subvencións de voluntariado, estratexia de acción voluntaria...), nas que se xeran relacións de soporte profesional nos logros e nas dificultades, onde medran as ilusións motivadoras que impulsan e consolidan a rede como ferramenta de traballo.

Así saen as diferenzas e con perspectiva no tempo as riquezas, dentro dun proceso complexo e de animación constante, para seguir traballando dun xeito organizado, innovador e poñendo o foco de atención na acción e nas persoas voluntarias.

- Díptico informativo «Emprende a túa viaxe» (2015).

Co obxectivo de difundir as accións que realizan as entidades, os seus datos de contacto e a demanda de voluntariado, a rede elaborou e deseñou un díptico informativo coa mensaxe «Emprende a túa viaxe» que incluía un mapa da cidade de Lugo co lugar onde se atopa cada sede. Este material divulgativo achéganos a idea de enfocar o voluntariado coma unha viaxe que podemos emprender e na que podemos vivir novas experiencias, ademais de ser o primeiro documento externo de difusión da ReLuVol.

- Elaboración do anuncio publicitario «Emprende a túa viaxe» (2015).

Co obxectivo de continuar coa difusión dos valores que transmite o voluntariado e o traballo das entidades que forman a ReLuVol, elaborouse en colaboración coa Asociación Cultural Curuxán Artes, o deseño, gravación e publicación dun anuncio publicitario. Neste anuncio participaron as entidades, os destinatarios e o voluntariado da rede.

COORDINACIÓN E ALIANZAS

No ámbito interno:

De xeito intrínseco a propia existencia e funcionamento da rede está a coordinación entre os diferentes axentes que a integran, de diferentes ámbitos (inclusión social, muller, infancia, xuventude, discapacidade e educación): Aliad Ultraia, Asociación Down Lugo, Asociación Raiolas, Asociación Xuvenil Ateibo, Aspnaís, Auxilia Lugo, Cáritas Diocesana Lugo, Cogami Lugo, Fundación JuanSoñador, Fundación Secretariado Gitano e o Servizo de Participación da Universidade de Santiago de Compostela.

Cabe recoller a traxectoria na súa composición:

Formaron parte da ReLuVol as seguintes entidades: Asociación de Mulleres Separadas e Divorciadas de Lugo (2007- 2008), Xaquedrum (2008) e a Asociación Valponasca (2007-2011).

Ao longo destes 9 anos uníronse á ReLuVol e continúan nela as seguintes entidades: Asociación Down Lugo (2008), Auxilia Lugo (2008) Aliad Ultraia (2013) e, por último, a Asociación Raiolas (2015). Así mesmo, hai unha nova entidade que xa solicitou entrar a formar parte da rede, Asociación Capaces Lugo.

No ámbito externo:

Coa visión e necesidade de seguir tecendo redes, establecéronse de partida alianzas coas distintas administracións públicas e organizacións locais de índole social, cultural e profesional, e así foi posible o desenvolvemento das accións conxuntas de sensibilización, contando non só coas entidades que integran a rede senón co sistema en xeral. Implicando, en primeira instancia ás administracións públicas, en responsabilidade e competencia en materia de voluntariado e xerando, pola súa vez, a coordinación interadministrativa e/ou coas entidades de acción voluntaria.

Ámbitos de coordinación no territorio e alianzas:

- No ámbito autonómico

Subdirección Xeral de Solidariedade, actualmente Dirección Xeral de Voluntariado. Coordinadora de Traballadores/as Normalización da Lingua. Gústame o galego.

- No ámbito provincial

Deputación Provincial de Lugo, Área de Benestar Social, Deporte, Igualdade e Mocidade, actualmente Área de Promoción Económica e Social. Área de cultura- Rede Museística Provincial de Lugo.

- No ámbito local
- Concello de Lugo, actualmente a través da Área de Benestar Social, Igualdade e Inclusión. Área de Xuventude.
- Ciberalia de la Obra Social Caixa Galicia.
- Fundación TIC. Escola de imaxe e son de Lugo.
- Vicerreitoría de estudantes, cultura e responsabilidade social.
- Club Cultural Babel.
- Asociación Cultural CuruxánArtes.
- Alba Valiño Fotografía.
- Colectivo Cultural «Cucarandainas».
- Grupos teatrais: Upiaska e Hipócrita Teatro.

PROMOCIÓN E DIFUSIÓN

A comunicación no ámbito externo forma parte da estratexia de sensibilización e incidencia da rede, como unha canle de difusión que permite visualizar o valor do voluntariado e os resultados acadados a través do traballo en rede. No ámbito interno é un aspecto vital dentro do proceso de rede.

Isto concrétase:

- Na difusión das accións a través de notas de prensa dirixidas aos diferentes medios de comunicación escritos, televisión, radio, locais, provinciais e autonómicos.
- A elaboración de material audiovisual da celebración dos DIVS para posterior difusión en redes no ámbito interno e externo, contando coa colaboración da Escola da Imaxe e Son de Lugo.
- A comunicación a través das redes sociais das propias entidades da rede e doutras entidades locais e autonómicas (web voluntariado galego, Socialia, 010...).
- A elaboración de carteis en soporte papel e dixital para chegar á cidadanía en xeral, ás administracións, outras entidades...
- A elaboración dun folleto informativo específico da rede para difusión das posibilidades de participar como voluntario ou voluntaria na cidade de Lugo.
- A creación dunha imaxe corporativa que identifica a rede.
- Un anuncio publicitario realizado de xeito gratuíto coa colaboración dunha Asociación Cultural de Lugo- Curuxán Artes. Ligazón: <https://www.youtube.com/watch?v=Brn2icHKPfY&feature=youtu.be>

Froito do traballo de comunicación e difusión, expoñemos os 3 últimos carteis, deseñados polas propias entidades que forman a rede.



Figura 1. Cartel divulgativo DIV 2013



Figura 2. Cartel divulgativo DIV 2014



Figura 3. Cartel divulgativo DIV 2015

PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DA COMUNIDADE

A participación é un dos principios da rede no seu funcionamento e finalidade, implicando as entidades que directamente a integran, ás persoas voluntarias, á comunidade, e a outros axentes públicos e privados.

As accións que se desenvolven e que se describen anteriormente buscan conseguir esta participación a diferentes ámbitos, dentro dunha dimensión comunitaria e de cidadanía activa e solidaria.

A rede non sería rede sen participación.

RESULTADOS E IMPACTO

Neste punto recóllense os logros acadados nun ámbito cualitativo dentro da complexidade da análise e avaliación.

- A consecución dos obxectivos das accións realizadas.

As entidades e persoas que se sumaron ao propio proceso de rede.

- A implantación no territorio e como referencia en materia de voluntariado.
- A transcendencia da rede nas persoas participantes e no tecido asociativo da cidade.
- Incremento da participación social a través do voluntariado.
- A optimización de recursos no contorno organizativo e comunitario.
- A mellora na xestión do voluntariado dentro das propias entidades.
- A mellora da capacitación técnica das/os profesionais responsables de voluntariado.
- A incidencia no ámbito político do papel do voluntariado e das competencias das administracións públicas.
- A creación de apoios e alianzas na comunidade, implicando a novos axentes.
- Incremento da cooperación interna. A suma de esforzos.
- Unha experiencia de intercambio aplicable a outros ámbitos do traballo e da acción social.
- A xeración de maior coñecemento en materia de voluntariado.
- Levar á comunidade valores cívicos e solidarios.

- A renovación de metodoloxías de traballo atendendo a novos retos e necesidades.
- Comunicación e visualización da capacidade de transformación social da acción voluntaria.
- A creación de espazos de reflexión.
- Utilización das TIC na difusión e promoción dos valores de voluntariado.

APRENDIZAXES DA EXPERIENCIA

Ao longo destes 9 anos de percorrido e experiencia, pasamos por diferentes etapas, con dificultades que se transformaron en melloras a través da crítica construtiva. Estas mesmas complementan o labor do persoal técnico de cada entidade, tanto no ámbito persoal como profesional; e a través do *feedback*, compártese coas persoas voluntarias e os seus contornos. Como todas as experiencias teñen un carácter enriquecedor, sumado o traballo en rede e compartido, procedemos a expoñer un pequeno análise destas:

Debilidades

- Ausencia dunha estrutura local de carácter formal, que impulse o voluntariado e a coordinación do movemento voluntario.
- Dispersión da acción voluntaria (non impulsada nin organizada).
- Actuacións con escasos recursos económicos.
- Pouca difusión de experiencias de traballo en rede efectivas.

Ameazas

- Baixa implicación da administración local en materia de voluntariado.
- Debilidade na continuidade da participación do voluntariado.
- Diversidade de persoas voluntarias e ámbitos de participación.
- Tempo limitado de dedicación por parte dos/as profesionais da rede.

Fortalezas

- Conciencia das entidades cara ao traballo en rede.
- Apoios puntuais da Administración autonómica en materia de voluntariado.

- Capacidade de traballo en rede e en equipo.
- Voluntariado comprometido e con formación.

Oportunidades

- Iniciativa e compromiso das entidades para traballar en rede.
- Implicación dos grupos especialmente vulnerables.
- Existencia de plans estratéxicos que poidan impulsar o traballo en rede.
- O traballo en rede supón un cambio de mentalidade na intervención comunitaria.

Toda a experiencia adquirida permitiu mellorar o coñecemento sobre o voluntariado ao longo de case unha década e reformular a visión que como a rede nos uniu nesta viaxe, que a continuación expoñemos:

- Cremos nun voluntariado aberto, participativo, interxeracional e que atende a diversidade, no que o que importa son as responsabilidades mutuas, os compromisos dunhas persoas coas outras e de todas coa comunidade; no que non hai unhas persoas que dan e outras que reciben, senón que todas dan e reciben beneficios das súas achegas.
- Cremos nun voluntariado creador de equidade, xustiza e cohesión social e, ao mesmo tempo, transmisor de esperanza e optimismo, fundamentado na dimensión solidaria das capacidades humanas.
- O voluntariado é un valor engadido que se lles dá ás persoas dende as persoas, non dende os servizos.
- Debemos seguir fomentando a participación e o empoderamento das persoas voluntarias. Son importantes axentes de cambio social, que a través da súa experiencia e convivencia con diferentes realidades sociais dan a coñecer no seu contorno unha realidade á que moitas veces se está alleo. Ao mesmo tempo promoven a transformación social a favor de todas as persoas difundindo, velando e reivindicando os seus dereitos.
- A crise que vivimos é multidimensional. É unha crise de dereitos, unha crise social e unha crise de cidadanía. Por iso cremos que o papel do voluntariado debe estar presente, agora máis que nunca, como algo vivo, como unha resposta ás necesidades da sociedade e dos colectivos máis vulnerables.
- Defendemos que o voluntariado ten que influír no discurso político, á vez que debe ser independente deste, fundamentándose no compromiso cívico, a participación cidadá, o respecto e o apoio aos movementos sociais e ao fomento do ben común.

- Avogamos por un papel máis activo das administracións, particularmente no ámbito local, para a creación das condicións axeitadas que promovan unha óptima organización da acción voluntaria.
- Na tarefa do recoñecemento público do valor do voluntariado, pedimos máis esforzo e compromiso ás administracións para explicarlle á cidadanía o valor que en si mesmo achega á sociedade, non só como axente de cambio social senón como protagonista das políticas sociais que se levan a cabo na nosa sociedade.

CONCLUSIÓNS

Dende a Rede Lucense de Voluntariado seguiremos traballando activamente para sensibilizar a sociedade acerca dos valores nos que se basea o voluntariado e da importancia de fomentar e promover unha cidadanía comprometida con todas as persoas.

Queremos seguir compartindo, sumando e mellorando todo aquilo que nos rodea. Deste xeito seguiremos camiñando, viaxando coa seguinte equipaxe:

- 1-A vontade de coordinación como un xeito de compartir e de levar a cabo proxectos comúns.
- 2-A vontade de cambio, de xeito cooperativo, participativo e implicando as organizacións e as persoas a través da acción voluntaria, na denuncia e propostas de cambio social en beneficio das persoas máis desfavorecidos.
- 3-Unha aposta polo valor da rede como punto de encontro e de integración para facer e construír xuntos, como un mecanismo de achega, como un espazo común para desenvolver unha cultura de compartir.
- 4-A vontade de compromiso que vencella a todas as entidades que formamos a rede.
- 5-A rede como parte activa da sociedade civil organizada e que busca manter unha relación de colaboración e complementariedade coas administracións públicas e entidades privadas.

Os recursos nas entidades son escasos e o traballo en Rede moitas veces non se valora do mesmo xeito que a intervención directa. Replicar e soste esta experiencia supón dedicación de recursos humanos, tempo, dedicación, ganas etc. Todo isto require tamén de apoio por parte das administracións, para que así se poida desenvolver esta función de xeito sustentable e independente. Os nove anos de camiño e celebracións animan a seguir «facendo e construíndo» en rede, en comunidade.

«Unha viaxe... Unha viaxe é ir dun lugar a outro, é facer ese percorrido que che gusta. Unha viaxe é descubrir, é sentir, é ilusionar. Non necesitas equipaxe para ir moi lonxe: a túa extraordinaria viaxe, esa que sempre lembrarás, vai contigo e con quen a compartes».
(Texto extraído do anuncio ReLuVol)

AGRADECEMENTOS

En primeiro lugar, a todas aquelas compañeiras e compañeiros das entidades que conforman a rede, aos que están e/ou estiveron, que co seu labor, inquietude e implicación conseguiron facer realidade e sostible a rede.

Ás nosas propias entidades, por crer na acción e no valor do voluntariado como axente transformador e impulsalo.

A todas as persoas voluntarias e colaboradores por crer sempre no noso traballo, por sumar esforzos na misión de facer deste mundo un espazo máis xusto e igualitario.

Queremos compartir, sumar e mellorar todo aquilo que nos rodea

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Estratexia de acción voluntaria 2015-2018. Recuperado de <http://www.voluntariadogalego.org/upload/asc/not/0-2637-d-Estratexia%20de%20accion%20voluntaria%202016-2018.pdf>
- La Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación. URL: <http://www.aneca.es/>
- Raúl Castillo Trigo.(2009). *El trabajo en red. Reflexiones desde una experiencia*. Recuperado de <http://www.zerbitzuan.net/documentos/zerbitzuan/El%20trabajo%20en%20red.pdf>
- VV.AA. (2007). *Buenas Prácticas en la gestión del voluntariado*. Obra Social La Caixa. URL: http://www.publicacionestecnicas.com/lacaixa/voluntariat/buenas_practicas/
- VV.AA. (2012). *Buenas Prácticas en voluntariado y Trabajo en Red*. URL: www.plataformavoluntariado.org
- Zavala Trías, S. (2012) *Guía a la redacción en el estilo APA*, 6.ª edición. URL: <http://es.slideshare.net/seminarioprivavera/presentacion-estilo-apa-6ta-edicion-presentacion-final>

<http://www.voluntariadogalego.org/web/>

O PROXECTO INCLÚE: INNOVACIÓN PARA A INCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA

Emaús Fundación Social.

Maio 2014-setembro 2015

Juncal Blanco Granado, Nerea Kortajarena Ibáñez e Virginia Romero Sobral

Premio modalidade Boa Práctica

RESUMO

O Proxecto INclúe desenvólvese en Galicia (maio 2014 e setembro 2015). Trátase dunha iniciativa xestada dende a colaboración interinstitucional, a partir da constitución dun partenariado conformado pola Dirección Xeral de Inclusión Social da Xunta de Galicia, de Emaús Fundación Social e da consultora EOSA (Estratexia e Organización, SA).

O proxecto conta tamén con diferentes entidades colaboradoras: 14 entidades sociais con experiencia na inclusión social en Galicia, 4 corporacións locais e O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Emaús, en calidade de entidade promotora do proxecto, asumiu o reto de identificar un novo marco conceptual de referencia, o Modelo INclúe, que redefine as claves dunha atención de calidade para todas as entidades público-privadas que interveñen no ámbito da inclusión social. Estas claves foron identificadas e definidas conxuntamente entre as entidades socias e colaboradoras (a través da dinamización de reunións de traballo participativo) e persoas afectadas por situacións de exclusión social. Entre os resultados deste traballo poden destacarse dúas publicacións: O *Modelo INclúe*, onde se describe a fundamentación teórica das claves da nova atención de calidade para na exclusión social e O *Manual INclúe*, un manual dirixido a profesionais das entidades públicas e privadas que traballen pola inclusión social. Paralelamente deseñouse unha ferramenta informática (<http://valoracion.emausinclue.com/inclue.zip>) que permite realizar unha valoración técnica e obxectiva para identificar o grao de exclusión social dunha persoa. Esta ferramenta é susceptible de ser aplicada polas entidades públicas e privadas que operan no ámbito da inclusión social en Galicia, e pode ser replicada facilmente noutras comunidades autónomas.

PALABRAS CHAVE

INCLUSIÓN SOCIAL, INNOVACIÓN, PARTICIPACIÓN, CALIDADE, IGUALDADE.

RESUMEN

El Proyecto INclúe se desarrolla en Galicia (mayo 2014 - septiembre 2015). Se trata de una iniciativa gestada desde la colaboración interinstitucional, a partir de la constitución de un partenariado conformado por la Dirección Xeral de Inclusión Social de la Xunta de Galicia, Emaús Fundación social y la Consultora EOSA (Estrategia y Organización, s.a.).

El proyecto contó también con diferentes entidades colaboradoras: 14 entidades sociales con experiencia en Inclusión Social, 4 corporaciones locales y el Consorcio Gallego de servicios de Igualdad y Bienestar.

Emaús, como entidad promotora del proyecto, asumió el reto de identificar un nuevo marco conceptual de referencia, el Modelo INclúe, que redefine las claves de una atención de calidad para todas las entidades público-privadas que intervienen en el ámbito de la inclusión social. Estas claves fueron identificadas y definidas conjuntamente entre las entidades socias, las entidades colaboradoras y personas afectadas por situaciones de exclusión social (a través de reuniones de trabajo participativo). Entre los resultados de este trabajo pueden destacarse dos publicaciones: *Modelo INclúe*, donde se analiza la fundamentación teórica de las claves para una atención de calidad y *El Manual INclúe*, dirigido a profesionales de entidades públicas y privadas que trabajen por inclusión social. Paralelamente se ha diseñado una herramienta informática (<http://valoracion.emausinclue.com/inclue.zip>) que permite la valoración técnica y objetiva de diferentes grados de exclusión social, susceptible de ser aplicada por las entidades públicas y privadas que operan en el ámbito de la inclusión social en Galicia, y que puede ser replicable en otras comunidades autónomas.

PALABRAS CLAVE

INCLUSIÓN SOCIAL, INNOVACIÓN, PARTICIPACIÓN, CALIDAD, IGUALDAD.

ABSTRACT

The INclúe project is developed in Galicia (may 2014-september 2015). It is an initiative concocted from an inter-agency collaboration scheme, from the establishment of a partnership conformed by the General Directorate of Social Inclusion of the government of Galicia (Xunta de Galicia), the Emaús Social Foundation group and EOSA consulting (technological partner of the project).

The project also has several collaborating entities: 14 social organizations with experience in the development of actions in favor of social inclusion, four Municipalities and the Galician Consortium of equality and welfare services.

Emaús, as promoter of the project, assumed the challenge of identifying a new conceptual framework, **INclúe Model**, that redefines the keys to quality care for all public and private entities involved in the field of social inclusion. These keys were worked together with partners, collaborating entities and people with social exclusion problems (through the participant working group).

The results of this work was two publications: *Model INclúe* in which it is possible to analyze the keys for a quality care and the *Manual INclúe* for public and private organizations working for social inclusion.

At the same time, the partnership has designed a **software tool** (<http://valoracion.emausinclue.com/inclue.zip>) That allows technical and objective assessment of different degrees of social exclusion, which can be applied by public and private entities operating in the field of social inclusion in Galicia, and that can be replicated in other regions.

KEYWORDS

SOCIAL INCLUSIÓN, INNOVATION, PARTICIPATION, QUALITY, EQUALITY.

INTRODUCCIÓN/FUNDAMENTACIÓN

Coa crise que sacude España, o perfil de persoa en risco de exclusión social viuse modificada, producíndose unha invisibilización aínda maior da exclusión severa.

A xestión de programas e servizos orientados ás persoas en situación e/ou grave risco de exclusión durante os últimos 30 anos, permitiron a Emaús Fundación Social o achegamento á realidade de mulleres e homes para as que a crise se prolonga desde hai máis de sete anos; para as que esta situación non é algo pasaxeiro nin transitorio, senón que son persoas establemente instaladas na exclusión extrema e que constitúen o que, nalgúns ámbitos, se empeza a denominar pobreza e exclusión estrutural. Persoas que debuxan, sen dúbida, un dos rostros máis crus e, seguramente, máis esquecidos desta crise.

Resulta moi complexo presentar un perfil claro das persoas que viven estas situacións de pobreza e exclusión máis extrema debido á carencia de indicadores obxectivos, de datos oficiais e de estudos especializados, así como pola heteroxeneidade do colectivo, polas dificultades de achegamento a estas persoas e pola súa «invisibilidade».

A complexidade das situacións e dos procesos asociados á exclusión social estrutural e as medidas e os modelos actuais para o desenvolvemento de actuacións orientadas á inclusión social, sitúannos nun escenario afastado do desexado; un escenario caracterizado por:

- A existencia dunha situación de crise brutal que se traduce nun alto grao de precariedade, de agravamento das desigualdades e importantes perdas na calidade de vida.
- A existencia de estereotipos negativos e prexuízos por parte da sociedade en xeral, e alimentada, en ocasións, desde as institucións cara a este colectivo.
- Obstáculos específicos vinculados ao xénero: as necesidades e oportunidades diferentes para mulleres e homes non son incorporadas na definición de políticas e programas e convértense, en moitos casos, en desigualdade para as mulleres.
- Risco de dependencia crónica e institucionalización.
- O cuestionamento da efectividade da actual rede e o sistema de protección social; que funcionou, máis ou menos satisfactoriamente, nos momentos de bonanza económica.
- A rede de axuda ás entidades do terceiro sector cambaléase. A crise está afectando seriamente ás entidades do terceiro sector que ven reducidos os seus ingresos de xeito notable e, consecuentemente, as súas posibilidades de actuación.
- A descoordinación das fórmulas de traballo para a abordaxe da exclusión social.
- A falta de criterios homoxéneos para abordar a atención de persoas en situación e/ou risco de exclusión social sitúanos nun escenario xerador de grandes desigualdades
- Tal e como se recoñece na *Guía de estilo: pobreza, vulnerabilidade e voluntariado* elaborada por EAPN-Madrid e EAPN-España, aínda que a pobreza está razoablemente ben medida non sucede o mesmo co fenómeno da exclusión social, xa que existe unha ausencia palpable de indicadores e estatísticas que permitan medir os factores que poden derivar nunha situación de exclusión social.
- Obsérvase con gran preocupación o retorno a actuacións caracterizadas por un corte paternalista e asistencial no que se suscitan intervencións que non atenden á individualidade de cada persoa, nin ás singularidades de mulleres e homes, no que se reduce o protagonismo das persoas no seu proceso de inclusión, no que se suscitan actuacións puntuais e parciais...

Todo isto é a xustificación da pertinencia da posta en marcha do Proxecto INclúe. Todo un reto por transformar, reposicionar a nosa práctica profesional e promover un cambio cultural no modelo de atención ás persoas en situación de exclusión social.

OBXECTIVOS

O **obxectivo xeral** do proxecto INclúe é «Favorecer a eficacia e o impacto das actuacións público-privadas na abordaxe da exclusión social, fomentando un cambio cultural orientado cara a un modelo de atención innovador, centrado na persoa, que recoñeza as necesidades diferenciadas de mulleres e homes e que este centrado na calidade de vida, os dereitos, a autonomía e a cidadanía activa das persoas en situación de exclusión social».

Para acadar este reto, propúxose como **obxectivo específico** «Promover un modelo innovador de colaboración interinstitucional no ámbito da inclusión social en Galicia, extensible a outros territorios do Estado español, que contribúa á articulación efectiva e cohesión das actuacións e que favoreza a homoxeneidade dos criterios de atención, igualdade no trato e no acceso aos recursos das mulleres e homes en situación de exclusión social».

Para máis información ver o sitio web: www.emausinclue.com

PERSOAS DESTINATARIAS

Podemos definir como persoas **destinatarias directas** do Proxecto INclúe ás persoas que se atopan en situación de exclusión social en Galicia.

Coa crise, o novo perfil de persoa en risco de exclusión é de persoa máis nova, procedente dun contexto socioeconómico máis seguro. Mozos e mozas con dificultades para atopar emprego, persoas maiores que viron minguado o valor das súas pensións e aforros e con elas a súa calidade de vida ou persoas de ‘clase media’ en situación de sobre endebedamento por poñer algúns dos moitos exemplos.

Segundo a taxa AROPE, con datos da anualidade 2012/2013, o 27,3% da poboación en España (12.866,431 persoas) atópase en situación ou risco de exclusión social. No caso do contexto galego, segundo a taxa AROPE na mesma anualidade 2012/2013, era o 24,3% da poboación (672.123 persoas) a que se atopaba en situación ou risco de exclusión social. O Modelo INclúe facilitará que estas persoas reciban unha atención diferenciada segundo cada necesidade específica, cada peculiaridade, desexos e preferencias, resultando en melloras na súa calidade de vida.

Como persoas **beneficiarias indirectas** dos resultados do Proxecto INclúe identifícase o persoal técnico, traballadores e traballadoras galegos do

ámbito da inclusión social, que poidan aplicar o Modelo INclúe na súa práctica profesional diaria.

METODOLOXÍA

Ao longo dos 17 meses de execución do Proxecto INclúe moitas foran as metodoloxías empregadas nos diferentes momentos e actividades.

Todo o traballo realizado **na fase inicial do proxecto, a fase de investigación** partiu dunha **análise da literatura científica dispoñible** ao redor das tendencias e innovacións que se veñen desenvolvendo no ámbito dos servizos sociais e, máis concretamente, no ámbito dos servizos sociais para a inclusión. Para iso, e a partir da Base de Datos Bibliográfica sobre Políticas Sociais que mantén o SIIS Centro de Documentación e Estudos da Fundación Eguía Careaga, identificáronse documentos de catro tipos:

- Documentos que analizan as bases éticas e filosóficas que sustentan os programas de intervención no ámbito da exclusión, os paradigmas imperantes na actualidade no campo das políticas sociais e os elementos conceptuais -principios, valores, criterios de intervención etc.- que deben guiar a actuación pública nesta materia.
- Guías, manuais e recomendacións que permiten trasladar os elementos conceptuais previamente definidos á práctica da intervención social.
- Experiencias de boas prácticas, de carácter suficientemente amplo e adecuadamente validadas, desenvolvidas en aplicación de tales criterios nos países do noso contorno.
- Ferramentas para o diagnóstico das necesidades das persoas en situación de exclusión e para a avaliación das intervencións dirixidas a estas persoas.

Ademais, incorporouse a esta fase, unha análise para **a incorporación e aplicación da perspectiva de xénero nos procesos de inclusión social e unha análise da inclusión social en Galicia.**

Nos encontros do Grupo de Traballo INclúe utilizouse como referencia o método de investigación e aprendizaxe colectivo da realidade, baseado nunha análise crítica coa participación activa dos grupos implicados (persoas afectadas por situacións de exclusión social e profesionais que traballan en entidades de iniciativa social consolidada) que se orienta a estimular a práctica transformadora e o cambio social. Concretamente o **método da Investigación-Acción Participación (IAP)** que combina dous procesos, o de coñecer e o de actuar, e implica en ambos os dous á poboación da realidade que aborda.

En cada proxecto de IAP, os seus **tres compoñentes** combínanse en proporcións variables.

- a) A **investigación** consistiu nun procedemento reflexivo, sistemático, controlado e crítico que tiña por finalidade **estudar aspectos da realidade con expresa finalidade práctica** (no caso do Proxecto INclúe, nesta fase contouse coa colaboración do Centro de Documentación e Estudos da Fundación Eguía Careaga -SIIS, entre os meses de xullo -novembro de 2014)
- b) A **acción** non soamente é a finalidade última da investigación, senón que ela mesma representa unha fonte de coñecemento ao tempo que, a propia realización do estudo é, en si mesma, unha **forma de intervención** (esta fase comezou no proceso de identificación da necesidade do Modelo INclúe e continuou nos procesos de debate sobre os resultados da investigación e da análise dos paradigmas propostos polo equipo técnico de Emaús nos Grupos de Traballo).
- c) A **participación**. No proceso estiveron involucradas/os non soamente persoas investigadoras e profesionais, senón a comunidade destinataria do proxecto, que non son consideradas como simples obxectos da investigación, senón como suxeitos activos que contribúen a coñecer e transformar a súa propia realidade.

Ao longo da execución do proxecto celebráronse: 2 xornadas divulgativas, 3 reunións do grupo de traballo INclúe e 1 xornada de formación sobre o uso da ferramenta de valoración de forma previa ao estudo realizado polas entidades colaboradoras.

DESCRIPCIÓN

Máis que enumerar aquí todas as actividades executadas entendemos que o axeitado é destacar as causas do bo desenlace das actividades e a adquisición de resultados esperados. O traballo de coordinación, o acompañamento e a participación por parte de todas e cada unha das entidades colaboradoras, así como das persoas afectadas por situacións de exclusión en Galicia, foron as claves do éxito do proxecto e dun excelente ambiente de traballo.

Intervencións clave e desenvolvemento destas.

O proxecto INclúe executouse ao longo de 17 meses, entre maio de 2014 e setembro de 2015 en Galicia. Moitas foron as actividades executadas para acadar os resultados previstos, e moita a comunicación entre as entidades socias e persoas implicadas no proxecto (Emaús Fundación Social, a Xunta de Galicia e EOSA) coas que se tiveron 4 reunións do «comité de seguimento do Proxecto» que eran xornadas informativas e avaliativas sobre o avance das actividades e a planificación dos próximos meses e, sobre todo, a validación dos enfoques e pasos avanzados.

O traballo de análise e de participación coas entidades colaboradoras estivo acompañado polo asesoramento do Centro de Documentación e Estudos da Fundación Eguía Careaga -SIIS, das dúas expertas en Xénero e Exclusión Social (EQUIPO EGENEX) e da asistencia técnica, para a adaptación ao contexto Galego, dun sociólogo experto en exclusión en Galicia, que acompañaron todo o proceso tanto na elaboración do modelo, coma do manual e ferramenta de valoración.

Tamén foron clave as reunións de seguimento interno realizadas entre a directora de Inclusión social de Emaús, a coordinadora da entidade en Galicia e a técnica do proxecto. Xornadas de debate e análise en profundidade sobre as claves que deben soste o Modelo INclúe, e que posteriormente foron traballadas nas sesións dos grupos de traballo coas entidades colaboradoras. Foron tres as reunións do grupo de traballo INclúe en Santiago de Compostela, no que participaron todas as entidades colaboradoras do proxecto, exemplo de consenso e participación. Estas entidades foron:

Aliad-Ultreia, Arquitectos Sen Fronteiras, Unidade de Condutas Adictivas-Asvidal, Cáritas Diocesana de Ourense, Cáritas Diocesana de Tui-Vigo, CDR O Viso (Centro Desenvolvemento Rural), Cruz Vermella, Ecos do Sur, FEAFES, Fundación JuanSoñador, Fundación Secretariado Gitano, Igaxes 3, Instituto Benéfico Social- IBS- Padre Rubinos, Plan Comunitario de Teis, Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e os Servizos sociais comunitarios básicos dos Concellos Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Viveiro.

Nestas reunións do grupo de traballo participaron persoas afectadas por situacións de exclusión social achegando a súa visión e experiencia no enfoque que se lle estaba outorgando ao modelo INclúe.


A partir dunha revisión da literatura publicada no ámbito dos servizos sociais en xeral, e dos servizos para a inclusión social en particular, seleccionáronse un total de dez grandes tendencias ou orientacións, que poderían sustentar -desde o punto de vista teórico e conceptual- un modelo innovador de atención ás persoas en situación de exclusión social severa. As orientacións seleccionadas para o Modelo INclúe son as seguintes:

- O modelo de activación inclusiva.
- A perspectiva dos dereitos.
- A individualización da atención e a promoción da autodeterminación das persoas usuarias.
- A aposta pola desinstitucionalización e a atención na comunidade.
- A perspectiva de xénero.
- O modelo de calidade de vida e de apoios.

- O paradigma da redución de danos.
- A aposta pola participación, o voluntariado e a implicación comunitaria.
- A necesidade da coordinación interinstitucional, o traballo en rede e a continuidade de coidados.
- A práctica baseada no coñecemento.

Deste xeito, a definición do Modelo INclúe parte dunha ampla base teórica e conceptual para construír, a partir dela, un modelo de planificación da intervención social e de atención á persoa que incorpore as formulacións e prácticas profesionais de carácter innovador que se derivan dese substrato teórico.

A partir da integración de todas esas perspectivas é como poderemos identificar novos camiños desde os que pensar e actuar no ámbito da intervención social e, especificamente, na área da inclusión social. A partir das orientacións seleccionadas, o Modelo INclúe baséase no seguinte esquema conceptual:



A figura anterior quere reflectir o cambio de perspectiva que implica o Modelo INclúe, que trae consigo un cambio de perspectiva e unha nova mirada en relación cos procesos de inclusión social. Nese sentido, esta nova óptica baséase nos seguintes elementos básicos:

- Na base do modelo están os dereitos das persoas, que se constitúen como o punto de partida do modelo.
- As persoas están no centro de todas as actuacións;
- O obxectivo é a calidade de vida, á que tratamos de chegar desde unha dobre estratexia: a da activación inclusiva e a participación social.
- Para iso, apóstase por tres claves metodolóxicas básicas: a coordinación, a avaliación e a perspectiva de xénero.

Sobre estas claves ou paradigmas identificados traballouse nos indicadores que debería contemplar a Ferramenta de Valoración INClúe. Este traballo partiu dunha exhaustiva análise de tres ferramentas clave que axudaron a definir a ferramenta de valoración INClúe. Estas foron as ferramentas que miden o grao de exclusión social do Goberno Vasco, a que mide a Calidade de Vida da Generalitat de Catalunya e o Informe ISI da Xunta de Galicia. A Ferramenta de valoración INClúe agrupa 97 indicadores que valora catro criterios:

- situación social
- calidade de vida
- participación social
- algunhas cuestións en clave de dereitos

A partir de catro dimensións: benestar material, saúde, desenvolvemento persoal e vida social.

O acompañamento ao longo de todo o proceso de expertos e expertas en exclusión en Galicia e no enfoque de xénero garante a calidade dos pasos dados.

A comunicación foi outra das claves do proceso, a través da web do proxecto www.emausinclue.com, do facebook e o twitter da entidade Emaús comunicábanse os avances do proxecto ao tempo que se mantiña unha comunicación constante coas entidades colaboradoras a través do correo electrónico e de chamadas telefónicas.

COORDINACIÓN E ALIANZAS

O Proxecto INClúe é unha iniciativa financiada polo Mecanismo Financeiro do Espazo Económico Europeo (EEA Grants 2009-2014) xerada desde a colaboración interinstitucional, a partir da constitución **dun partenariado conformado por tres entidades**: O Grupo Emaús Fundación Social, a Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e a consultora EOSA (Estratexia e Organización, SA), socia tecnolóxica do proxecto.

O proxecto conta tamén con diferentes **entidades colaboradoras**:

14 entidades sociais con experiencia no desenvolvemento de actuacións en favor da inclusión social en Galicia (Cruz Vermella, Arquitectos sen Fronteiras, Cáritas Diocesana de Ourense, Cáritas Diocesana de Tui-Vigo, Fundación Secretariado Gitano, FEADES Galicia, Fundación JuanSoñador, Igaxes3, Centro de Desenvolvemento Rural (CDR) O Viso, Ecos do Sur, Institución Benéfico social Padre Rubinos, Aliad-Ultreia, Asvidal, Plan Comunitario de Teis) **4 corporacións locais** e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Emaús, en calidade de entidade promotora do proxecto, asumiu o reto de identificar un novo marco conceptual de referencia, o **Modelo INclúe**, que redefinise as claves dunha atención de calidade para todas as entidades público-privadas que interveñen no ámbito da inclusión social. Estas claves foron consensuadas coa Xunta de Galicia e traballadas conxuntamente coas entidades colaboradoras a través da dinamización do grupo de traballo INclúe

O proxecto INclúe é un exemplo do traballo coordinado, en alianza con numerosas entidades diferentes que mediante o seu esforzo desinteresado apostaron en todo momento por achegar o consenso participativo. O obxectivo era claro: definir as claves dun novo modelo que mellore a atención e o coidado das persoas afectadas por situacións de exclusión social en Galicia. Os resultados, un éxito para compartir.

PROMOCIÓN E DIFUSIÓN

Emaús Fundación Social contou, ao longo do proxecto co asesoramento do Equipo de Comunicación dos Servizos Centrais de Emaús Fundación Social. Definiuse un **plan de comunicación específico para o Proxecto INclúe** no que se determinou a análise do público obxectivo do proxecto, analizouse a imaxe e o xeito de comunicar á realidade da exclusión social en coherencia coas claves do Modelo INclúe, o uso das ferramentas *on line* e *off line* etc.

Ao longo da execución do proxecto, moitas foron as notas de prensa e as noticias que se foron colgando nas diferentes redes sociais e páxina web de Emaús Fundación Social.

O proxecto deseñou unha **web específica** www.emausinclue.com que se actualizaba constantemente segundo avanzaba o proxecto.

Todas as xornadas do grupo de traballo INclúe así como as xornadas, de presentación e peche, foron publicitadas e comunicadas nas **redes sociais de Emaús Fundación Social** (Facebook, Twitter) así como na **web** da Xunta de Galicia.

A **xornada de presentación de marzo de 2015**, foi moi difundida en **diferentes espazos**, estaba dirixida a todos os axentes galegos interesados no ámbito da inclusión social, isto é entidades sociais, organizacións representativas da sociedade civil, empresas; entidades públicas, e calquera cidadán con interese na materia.

Logo de rematar o financiamento externo da EEA Grants, o proxecto visibilizarase a través da súa participación na **Conferencia Europea de Servizos Sociais da Haia**, no mes de xuño de 2016 e no **II Congreso Internacional de Traballo Social da Universidade da Rioxa**, no mes de abril de 2016.

PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DA COMUNIDADE

O proxecto INclúe, na súa aposta de cambio de modelo na atención ás persoas en situación de exclusión social, incorporou, ao longo das diferentes fases de execución do proxecto, a participación real das persoas afectadas. Así, contouse coa opinión, valoración e participación de persoas afectadas por situacións de exclusión social:

- Nas reunións do **Grupo de Traballo INclúe**. Encontros nos que ao redor de 30 persoas intercambiaban opinións e experiencias en diferentes mesas de traballo participativas. Nestas contouse coa participación de persoas afectadas por situacións de exclusión que colaboraron na definición compartida do Modelo INclúe coas entidades colaboradoras do proxecto (organizacións públicas e privadas que se implicaron no desenvolvemento do proxecto de xeito voluntario para definir a base conceptual do Modelo INclúe así como para probar a ferramenta informática que permita valorar o grao de exclusión social no que se atopa unha persoa).
- Na definición e desenvolvemento da **pilotaxe da ferramenta de valoración**.
- Nas **xornadas divulgativas do proxecto**.

Sobre a incorporación das persoas afectadas por situacións de exclusión social ao Proxecto INclúe, paga a pena destacar que outra das apostas do proxecto INclúe foi poñerlle «cara» á exclusión social, xa que unha simple busca en internet de imaxes sobre esta realidade conduce ao visionamento de deseños, pictogramas, debuxos impersoais ou realidades de subdesenvolvemento de diferentes comunidades rurais internacionais.

A **exclusión social ten rostro propio**, con nome e apelido. A implicación de persoas afectadas por situacións de exclusión social, e a cesión da súa imaxe, permitiu poñerlle cara a esta grave problemática que afecta a un grupo demasiado amplo de persoas.

RESULTADOS E IMPACTO

Os resultados do proxecto foron moi satisfactorios, non só por cumprir os obxectivos inicialmente formulados, senón tamén por construír de xeito compartido a definición conceptual do Modelo INclúe e contar actualmente con tres resultados intelectuais de peso:

- 1) A definición do propio **Modelo INclúe**: a aposta por unha atención de calidade no ámbito da inclusión social.
- 2) O **Manual INclúe**: unha ferramenta para a aplicación dun novo enfoque na atención a persoas en situación de exclusión social». Trátase dun manual de atención a persoas en situación de exclusión

social, que achega orientacións prácticas para a implantación do modelo INclúe.

- 3) Unha ferramenta informática innovadora para facilitar a valoración técnica da exclusión social con criterios homoxéneos e que sexan susceptibles de ser aplicados polas entidades públicas e privadas implicadas en combater a exclusión social. Esta ferramenta que permite valorar o grao de exclusión social no que se pode chegar a atopar unha persoa (leve, moderado ou grave) pode verificarse no sitio web: <http://valoracion.emausinclue.com/inclue.zip>

Ademais de todo iso, o feito de que estes resultados se alcancen nun marco de colaboración interinstitucional, cun alto grao de participación e compromiso por parte das entidades socias e colaboradoras, no que as persoas directamente afectadas por situacións de exclusión social participan activamente e en espazos compartidos con responsables e persoal técnico das organizacións, supón, en si mesmo, un dos factores que maior satisfacción xera nesta iniciativa.



Publicación Manual INclúe



Publicación Modelo INclúe

APRENDIZAXES DA EXPERIENCIA

A experiencia de sacar adiante o Modelo e a Ferramenta de Valoración INclúe foi un aprendizaxe profesional e coma entidade dende o momento da presentación da proposta.

Entre outras moitas, enumeramos algunhas das aprendizaxes realizadas ao longo dos meses de execución do proxecto:

- A importancia de facer partícipes as persoas afectadas por situacións de exclusión social na toma de decisións foi unha experiencia pertinente, gratificante e útil.
- As claves dun bo proxecto son unha boa comunicación e o traballo compartido e participado.

- Asesoramento de expertos e expertas que avalen o traballo realizado é unha garantía de calidade.
- É necesario pararse e reformularse como é a nosa práctica profesional diaria para melloralala.
- As persoas son as que deben estar no centro de toda intervención ou acompañamento social e é preciso e saudable reflexionar e falar con naturalidade, sen complexos, de conceptos un pouco «tabús» no noso ámbito como son: a asistencia, a cronificación, os cuidados e a importancia dos afectos e da xeración de vínculos para a construción dun itinerario de apoio efectivo e respectuoso orientado á mellora da calidade de vida das persoas en situación de exclusión social.

CONCLUSIÓNS

A complexidade das situacións e os procesos asociados á exclusión social, así como o resultado das medidas e os modelos actuais orientados a favorecer a inclusión social, fan cada vez máis evidente a necesidade dun cambio de modelo de atención ás persoas que se atopan nesta situación. Á preocupación polo incremento das desigualdades, ao alto grao de precariedade e aos efectos que a perda da calidade de vida nestes anos de crise económica tiveron sobre as situacións das persoas que se atopan establemente instaladas na exclusión súmase, por unha banda, a necesidade de identificar un novo marco conceptual de referencia que redefina as claves dunha atención de calidade para todas as entidades público-privadas que interveñen no ámbito da inclusión social e, por outra, a necesidade de reflexión, análise, reposicionamento e reparación da práctica profesional para abordar e fomentar un itinerario de cambio, dende a coherencia e a sustentabilidade do sistema actual, cara a un escenario caracterizado por unha cultura de atención que recoñeza as necesidades diferenciadas de mulleres e homes e que estea centrado na calidade de vida, os dereitos, a autonomía e a cidadanía activa das persoas.

Esta preocupación e necesidade de cambio de modelo que Grupo Emaús Fundación Social viña compartindo con outros axentes é, precisamente, a que motiva a formulación e liderado do Proxecto Inclúe: Innovación para a Inclusión Social. Unha iniciativa xerada dende a colaboración interinstitucional a partir da constitución dun partenariado entre Emaús Fundación Social, a Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e a consultora EOSA (Estratexia e Organización, SA). O Programa de Cidadanía Activa cofinanciado polo Mecanismo Financeiro do Espazo Económico Europeo (EEA Grants) e operado pola Plataforma de ONG de Acción Social, ofreceu o marco financiador que posibilitou o desenvolvemento desta iniciativa e do reto que comporta. Un reto que ao longo dos 17 meses de duración do proxecto foi tamén compartido por outras 14 entidades sociais con contrastada

experiencia no desenvolvemento de actuacións a favor da inclusión social en Galicia, catro corporacións locais e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Así, o proxecto Inclúe tivo por diante un reto importante; achegar avances na procura de solucións para un dos desafíos máis complexos aos que se enfronta neste momento a sociedade, a aposta pola atención de calidade ás mulleres e aos homes que sofren situacións de exclusión social. Todo iso, apostando por promover a innovación social como forma renovada para facer fronte ao desafío exposto.

O proxecto partiu dunha fase de reflexión, análise, reposicionamento e reparación da nosa práctica profesional que se apoiou na colaboración co SIIS, Centro de Documentación e Estudos da Fundación Eguía Careaga, para deseñar un manual de atención a persoas en situación de exclusión social, que incorpore indicadores de calidade necesarios, formulados nas claves nas que se definiu o Modelo Inclúe. Nesta reflexión, acompañáronnos o equipo EGENEX, co obxecto de ofrecer pautas para a incorporación da perspectiva de xénero na aplicación do modelo e expertos da exclusión social en Galicia co obxecto de garantir a adaptación do Modelo ao contexto galego.

Por outra banda, apoiándose no uso da tecnoloxía social e o coñecemento, priorizando a revalorización das persoas, a súa dignidade e calidade de vida, tratouse de desenvolver un manual que propón ferramentas, metodoloxías e identificación de boas prácticas que conxuguen as perspectivas técnicas que están na base do Modelo Inclúe, coas perspectivas das persoas en situación de exclusión social e que permitan o traballo conxunto entre todos os axentes implicados nos procesos de inclusión.

Neste sentido, foi clave a creación de espazos de encontro, debate e reflexión de carácter multidisciplinar que trataron de integrar a perspectiva das administracións públicas e as institucións privadas, a experiencia dos e das profesionais e o coñecemento das persoas en situación de exclusión social. Espazos que favoreceron a cocreación do modelo de atención Inclúe.

Estas foron as claves dun proceso exitoso e dunha práctica que merece ser compartida pola metodoloxía utilizada e os resultados acadados.

AGRADECEMENTOS

O noso agradecemento pola súa implicación no proxecto ás **persoas afectadas por situacións de exclusión** que nos acompañaron na definición do Modelo Inclúe e que no están a acompañar na súa aterraxe á realidade.

Tamén ás **entidades sociais**, Xunta de Galicia e EOSA, así como a aquelas de carácter público e privado que formaron parte do **Grupo de Traballo Inclúe**, pola súa implicación e compromiso. Grazas a todas elas:

Aliad-Ultreia- Arquitectos Sen Fronteiras- Asvidal- Cáritas Diocesana de Ourense- Cáritas Diocesana de Tui-Vigo- CDR O Viso- Concello de Santiago de Compostela- Concello de Ourense- Concello de Vigo- Concello de Viveiro- Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar- Cruz Vermella- Ecos do Sur- Feafes Galicia- Fundación JuanSoñador- Fundación Secretariado Gitano- IBS Padre Rubinos- Igaxes 3- Plan Comunitario de Teis.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Aguirre, B. (2013). «El acompañamiento social personalizado como fórmula innovadora de respuesta a personas con trastorno mental y en exclusión social». Zerbitzuan, n.º 54, 127-137 pp.
- Asociación Zubietxe y Fundación EDE (2013). *Proyecto piloto para el acompañamiento social personalizado como fórmula innovadora de respuesta a personas con trastorno mental y en exclusión social*. Bilbao, Asociación Zubietxe, 159 pp.
- Baptista, I. (2010). «Women and homelessness». En: *Homelessness research in Europe*. Bruselas, European Federation of National Organisations Working with the Homeless, 163-186 pp.
- Boyle, D. et al. (2006). *Hidden work. Co-production by people outside paid employment*. York, Joseph Rowntree Foundation, 98 pp.
- Buntinx, W. H. E. et al. (2010). «Models of disability, quality of life, and individualized supports: implications for professional practice in intellectual disability». *Journal of Policy and Practice in Intellectual Disabilities*, vol. 7, n.º 4, 283-294 pp.
- Cáritas Diocesana de Bilbao y Médicos del Mundo (2013). *Manual de buenas prácticas para la creación de alternativas de intervención dirigidas a la población drogodependiente en situación de exclusión social: un nuevo paradigma de intervención*. Bilbao, Cáritas Diocesana de Bilbao, Médicos del Mundo, 130 pp.
- Carr, S. (2012). «Personalisation: a rough guide». Serie: Adults' Services Scie Guide, n.º 47. Londres, Social Care Institute for Excellence, 107 pp.
- Damonti, P. (2014). «Una mirada de género a la exclusión social. VII Informe sobre exclusión y desarrollo social en España». Serie: *Documento de Trabajo*, n.º 3.1, Madrid, Fundación FOESSA, Cáritas Española Editores, 36 pp.
- **Festa infantil.** Actividade celebrada todos os anos no mes de decembro e que simboliza o peche do ano en curso. Trátase dunha xornada de convivencia de carácter esencialmente lúdico e dirixida especialmente aos usuarios e usuarias máis pequenos da entidade. Con ela búscase recoñecer o esforzo realizado durante todo o proceso que leva consigo a enfermidade. A celebración desta festa axuda a afianzar os vínculos de adhesión dos usuarios e usuarias máis novos de Agadhemo, así como permite reforzar os xa forxados con anterioridade.
- **Proxecto W.** Campaña de información, sensibilización e identificación de persoas afectadas pola enfermidade de Von Willebrand².
- **Cooperación internacional:** desenvolve o programa de axuda internacional «CooperHemos: promoción da comunidade hemofílica de Bolivia». Este proxecto permite establecer un programa de cooperación e asistencia técnica para mellorar a calidade de vida das persoas con hemofilia e outras coagulopatías no país.

Agadhemo ten sede nas catro provincias galegas, tendo a súa sede social na provincia da Coruña e a súa oficina técnica en Vigo (Pontevedra). As oficinas atópanse nos seguintes enderezos:

• **Delegación Provincial A Coruña**

Sede Social. CHUAC. Hotel de Pacientes. 4.º Planta. As Xubias, n.º 84. 15006 A Coruña.

Teléfono: 981 299 055 Fax: 981 113 545

Enderezo-e: xestion@hemofiliagalicia.com

• **Delegación Provincial Pontevedra**

Rúa Doutor Carracido, n.º128, baixo.

36205 Vigo (Pontevedra)

Teléfono: 986 281 960 Fax: 981 113 545

Enderezo-e: xestion@hemofiliagalicia.com

² A enfermidade Von Willebrand (EvW) é o trastorno de coagulación hereditario máis común que lles afecta tanto a homes como a mulleres. Calcúlase que a EvW lle afecta a cerca do un por cento da poboación, aínda que estes datos varían segundo a zona xeográfica e a orixe étnica. Con todo, é xeralmente o menos severo dos trastornos de coagulación. É ocasionada por unha deficiencia ou defecto da proteína coagulante sanguínea chamada factor Von Willebrand (FvW) que funciona como pegamento co fin de axudar as plaquetas a selar roturas de vasos sanguíneos danados. A isto chámase tapón plaquetario. Se a persoa non ten suficiente FvW ou se este non funciona correctamente, entón non poderá formarse o dito tapón e a hemorraxia persistirá durante máis tempo.

- **Delegación Provincial Lugo**
CRD Fingoi. Rúa da Luz, n.º 4.
27002 Lugo
Teléfono: 661 558 420 Fax: 981 113 545
Enderezo-e: xestion@hemofiliagalicia.com

- **Delegación Provincial Ourense**
CIS Aixiña. Rúa Recaredo Paz, n.º 7.
32005 Ourense
Teléfono: 661 558 420
Enderezo-e: xestion@hemofiliagalicia.com

Agadhemmo dispón dun servizo de **atención ás urxencias** para darlles cabida ás problemáticas que poida presentar o noso colectivo. O horario da entidade é de luns a venres de 08:00 a 15:00 horas e martes de 16:00 a 19:00 horas. De forma que durante as horas de apertura da entidade ten cubertas as súas demandas e necesidades polos diferentes profesionais. E posteriormente, e ante casos de urxencias, poderán contactar coa persoa responsable deste servizo no teléfono 661 558 420. Este servizo está dispoñible as 24 horas do día os 365 días do ano, para que o noso colectivo se sinta acompañado no proceso da súa enfermidade sempre que o necesite.

COIDADOS PALIATIVOS E EXCLUSIÓN SOCIAL

María Jesús Lago Vilaboa
Traballadora social UCP- EOXII/ VIGO

Os coidados paliativos abranguen un conxunto de actuacións de carácter integral dirixidas á atención de persoas diagnosticadas de enfermidade crónica avanzada. A través destes coidados procúrase atender as necesidades dos pacientes e a das súas familias nos eidos físico, psicolóxico, social e espiritual.

Falamos de enfermidades progresivas e irreversibles que non responden a tratamentos de curación e que contan entre as súas actuacións prioritarias o control de síntomas clínicos como a dor, o sufrimento emocional, a necesidade de mantemento dunha rede de apoio e o establecemento dun plan de coidados, así como da atención das súas necesidades espirituais. Trátase, en definitiva, de poñer en marcha, desde unha visión holística, un plan de coidados que facilite o benestar dun doente nun momento transcendental da súa vida como é a enfermidade incurable.

Neste contexto adquire, se cabe, máis valor a avaliación e dispoñibilidade dos recursos persoais, familiares e da contorna para afrontar unha situación que supera, de moito, uns parámetros de convivencia centrados na estabilidade e na normalización do xeito de vida.

Por isto cando un doente ingresa na unidade de coidados paliativos e atravesa unha situación de exclusión social faise máis relevante a intervención conxunta, o deseño dun plan de acción viable e unha atención e seguimento de calidade, onde poñer a proba os mecanismos de protección social, a axilidade dos procesos e a idoneidade dos procedementos.

Entendemos por *exclusión social* un proceso polo cal os individuos e os grupos son total ou en parte excluídos ou apartados dunha participación plena na sociedade na que viven. Non son quen de superar os atrancos que atopan para participar de xeito pleno na vida social, véndose privados dunha ou varias opcións consideradas fundamentais para o desenvolvemento humano.

É un concepto multidimensional e afecta tanto os seus recursos, como as relacións sociais e o desenvolvemento dos seus dereitos legais.

No canto á saúde existen unha morea de factores que fan que as persoas vulnerables e entre elas destacamos varios grupos de risco:

- A.- Persoas con discapacidade psíquica; persoas con enfermidade mental:** a asistencia sanitaria redúcese a control de episodios agudos, seguimento escaso ou nulo, atrancos de acceso a recursos psicosociais, pobres recursos económicos, illamento e soidade, dificultades para seguir un tratamento.
- B.- Persoas sen teito:** problemas de acceso aos recursos sanitarios, alcoholismo e adicións, «invisibilidade», marxinação, falla de apoio.
- C.- Inmigrantes fundamente vulnerables:** condicións precarias que lle afectan á saúde.
- D.- Terceira idade (vello/as):** falla de apoio, de recursos económicos, soidade.
- E.- Desempregados/as:** inseguridade laboral, ausencia de recursos.
- F.- Outro grupo importante son os/as toxicodependentes, doentes de VIH e Hepatite C, sen apoio e con probes recursos.**

E poderíamos enumerar varios outros grupos que polas súas condicións de vida e características están expostos a sufrir a exclusión dos sistemas de saúde .

Con respecto a pacientes en situación de exclusión social fixamos a nosa atención, de xeito prioritario, nas situacións nas que o sistema, no seu desenvolvemento, é facilitador de exclusión social e falta de equidade no acceso á saúde, sen esquecer as importantes dificultades que teñen os pacientes paliativos con relación á súa saída das unidades de hospitalización cando se dá unha estabilización dos seus síntomas.

Existen certas limitacións conceptuais e metodolóxicas para definir a equidade, a desigualdade e as diferenzas de saúde nos subgrupos poboacionais.

O termo *equidade* en saúde non refire un estado de saúde igual para todos, senón o obxectivo de facilitar as mesmas oportunidades a todos/as para que gocen de todo o que pode ofrecer o sistema de saúde.

A OMS ten como obxectivo a diminución das desigualdades na saúde e máis concretamente, para que persoa ningunha se atope en situación de desvantaxe á hora de conseguir este potencial de saúde.

Para iso cómpre definir con precisión o concepto *equidade* e chegar a acordos sobre o xeito de detectala, que se coñezan as súas orixes e as súas causas e que se creen programas para acadala cos medios máis efectivos.

Neste senso, temos que ser quen de abordar as variables que, desde o proceso de exclusión social, interfíren na implantación dun tratamento paliativo, as súas consecuencias e as alternativas de abordaxe psicosocial.

De nos referir a pacientes sen familia ou sen apoio familiar, cunha vivenda inexistente ou inadecuada, con escasos ou nulos recursos económicos, onde as visitas pautadas e organizadas ao centro de saúde non son parte da situación de vida, non motiva máis resposta que enfocar a atención destes pacientes invertendo a demanda. Son os servizos de saúde en coordinación coas organizacións sociais, coñecedoras das situacións de exclusión social severas, os que teñen o deber de facilitar o acceso e atención destes pacientes, así como organizar programas de seguimento psicosocial e acompañamento destas situacións.

Flexibilizar e minimizar aquelas cuestións normativas, procedimentais que dificultan a persoas en situación de exclusión social, o mantemento dentro do sistema e crear unha rede que sosteña estas persoas en momentos de especial dificultade.

Por outra banda, a necesidade de implantar programas coordinados interinstitucionais con relación a ofrecer apoio naqueles lugares onde se producen e atenden persoas con especiais dificultades como albergues, centros de inclusión social, etc. constitúen unha prioridade dos sistemas de saúde para facilitar a adherencia aos tratamentos e evitar ingresos hospitalarios que poden e deben resolverse na comunidade.

Para rematar, a abordaxe psicosocial de pacientes paliativos require de servizos e recursos sociais áxiles, útiles e específicos para darlles unha resposta eficiente ás situacións que viven os pacientes paliativos. Hoxe en día o tratamento social é igual o de outros pacientes cunha expectativa de vida que non amosa as mesmas limitacións, polo que se resulta imprescindible unha *carteira de servizos sociais específica* e cunha tramitación rápida. A data de hoxe tramítanse os mesmos servizos que para unha persoa dependente (*Lei de dependencia*) e cos mesmos procedementos. Situacións excepcionais requiren de medidas excepcionais se, francamente, se quere facer un traballo de calidade.



De corazón a corazón. Unha conversa con Laura Bugalho

Por Eva Salgado (Traballadora Social. Colexiada 1027)

LAURA BUGALHO É UNHA COÑECIDA E RECOÑECIDA ACTIVISTA GALEGA, FEMINISTA, TRANS, LGBTQ+, LOITADORA NA DEFENSA DOS DEREITOS HUMANOS E POLA SOBERANÍA DO POVO GALEGO, A FAVOR DAS PRESAS, SITÚASE AO MARXE, AO MARXE DO NEPOTISMO E DOS PODERES FÁCTICOS, DO PATRIARCADO, DO CAPITALISMO. A FAVOR DAS QUE MENOS TEÑEN, DAS QUE NADA TEÑEN; PROFESIONALMENTE ADICA O SEU LABOR AO APOIO ÁS PERSOAS MIGRANTES.

En 2009 Laura axudou a destapar un entramado que desembocou na chamada *Operación Peregrino* coa chegada de 57 persoas de orixe marroquí, traídas ao Estado español baixo a promesa dun emprego previo pago de dez mil euros, tal e como contou un dos implicados, Rabia Dahmani, ao xornal *Novas da Galiza*. Isto derivou no xuízo, que recentemente tivo lugar nos xulgados de Compostela no que se lle acusaba de falsidade documental entre a documentación aportada para a regularización de catro persoas.

• Cal é o trasfondo de dita denuncia, Laura?

O trasfondo xorde do traballo cotiá de acompañamento a persoas inmigrantes non só ás dependencias de estranxeiría de Compostela e A Coruña senón que en todas aquelas administracións (TXSS, Servizos Sociais, SERGAS, Centros educativos,...) nas que pular por unha residencia destas persoas nesta sociedade galega de acollida. Isto conlevou a coñecer moi de perto os abusos laborais e mesmo mafiosos de explotación laboral, sexual por parte de subxeitos intocábeis. Os riscos existían e após de facer a décimonovena denuncia (57 Compas inmigrantes de Marrocos aos que se lles estafara 10 mil euros a cada un) souben que viñan por min. Neste caso a mafia era inmensa, levaban aproximadamente 20 anos extorsionando a traballadores marroquies. Creo que aí, con esta denuncia, abriuse a veda da miña vida. Son consciente que o ensañamento co que me trataron na detención era por ter denunciado mafias que lles eran apetecíbeis aos que me levaron.

- **Denunciaches públicamente á mafia empresarial e policial o que te conlevou a sufrir un acoso continuado e permanente por parte da Policía**

Iso foi, estes sete anos desde o 26 de maio do 2009 até o 7 de xuño do 2016 foron tintados de azul uniformado. Quizais quixera ollar o bo resultado de recuperar os cartos dos traballadores marroquis mais mestúrase con imaxes das 48 horas que fiquei nos calabozos da Policía Nacional de Compostela e coas interrupcións cotiás que estas forzas de seguridade facian para que soubese que estaba controlada.

- **Como te sentiches durante todo ese proceso, supoño que alguna vez pensaches en que podías ir á cadea... ademáis o acoso constante, agresións, chantaxes..**

Sentinme acompañada, non, acompañadisima por moitas Compas tanto na rede como socialmente. Houbo momentos angustiados de cando recibin chamadas anónimas ao meu curre pedíndome drogas e outras pedíndome mulleres. As detencións nas rúas cando ia algunha Concentración ou Manife tamén resultaban pesadas. Mais con todo sabía que se algo me aconteceria algo máis grande ia acontecer. Pódovos dicir que as opcións de deixar o País mais dunha vez estaban presentes. A cadea, os centros penitenciarios, deben ser abolidos pois a política penitenciaria é nefasta. A Tortura existe, en carne propia pode afirmalo.

- **A campaña «Moitas Lauras precisa este país» difundida a través de facebook sumou unha gran corrente de opinión e solidariedade, sinteste realmente tan querida, pensas que a solidariedade do povo galego, particularmente das galegas, fíxose patente no teu caso?... Dalgunha maneira todas sentimos que se nos enxuizaba**

A Campaña foi inmeeeeensa, linda, chea de corazóns e de sentimentos fermosos, que non só ian para min senón que ian para todAs, para todas aquelas persoas que dalgun xeito se enfrontan á barbarie do sistema. Nunca tan real sentin o noso lema «se tocan a unha, tócanos a todas». Lindo final a sete anos de espera. E si, sentin que todas eran eu, e en cada rostro ollaba esperanza e forza.

- **Levas anos traballando a favor das persoas migrantes. Na actualidade o horizonte das políticas sociais baseanse en «Integrar dispersando» tratando de evitar guettos e estigmatización, fronte a isto o sentimento dos e das súas destinatarias é que esta dispersión non é máis que un menosprezo por parte da administración e os seus/súas profesionais a súa identidade colectiva, pensas entón, que serían máis factibeis estratexias destinadas a afrontar as necesidades especiais e o recoñecemento das identidades culturais e étnicas separadamente? Non conlevaría esta atención especializada a máis estigmatización e rexeitamento/discriminación?.**

- **Cal é a túa experiencia ao respecto?**

Humildemente fago unha achega, por que cando se falan de políticas con destinatarias non se fala coas destinatarias na análise/anamnese, diagnóstico e proxección/deseño das liñas políticas. Se ollamos de xeito consciente calquera das normativas vixentes que nos atinxen e que amplian ou constrinxen as nosas vidas, non nos preguntariamos por que é así se nós non o deseñariamos así. O desexo de participación das persoas migrantes é iso participar no deseño.

Por en canto á integración acho que axuda a dispersión mais temos que ter en conta o facto emigratorio galego, a nosa xente sentiu morriña e xuntábase para manterse en pé. Estas colectividades migrantes sinten tamén as súas saudades e queren compartir con nós as bagaxes culturais dos seus Países de orixe.

- **En 2011 recoñeceuseche o premio Nicolás Salmerón na categoría de Liberdades sexuais polo teu activismo a través do colectivo Transgaliza, qué nos podes dicir do aprendido até agora tanto na túa experiencia propia, individual como colectiva/política...**

A aprendizaxe máis significativa é a rede, a sinerxia, o TransFeminismo. A necesaria interacción, interactuación de todas para procurar unha outra sociedade que si é posíbel. O TransFeminismo é Revolución, é a suma das loitas antes parcializadas desde a base e a praxe feminista. É osíxeno para conversas e para as que aínda non acreditan.

- **Recoñeceuseche tamén os premios *Legais 2001 a Defensa dos Dereitos e Liberdades LGBTQ+* e *Triángulo de Ouro EHGAM 2009***

Estes premios son recoñecementos que quizais me deran pero que na historia deben ser lembrados como a loita pola visibilidade dxs disidentxs.

- **Teste posicionado tamén a favor da regulamentación da prostitución, o teu apoio ao Colectivo Hetaira de Madrid é coñecido, non resulta isto contradictorio cun discurso antipatriarcal e anticapitalista?**

O traballo desde o Departamento de Migración da CIG deume moitos agasallos, moitas vivencias de persoas, Compas queridas. As traballadoras sexuais que nos xuntamos por máis de cinco anos de conversa deu para instar que no tema da prostitución as que deben falar son elas, elas esixen dereitos , nós debemos acompañar a súa loita. Elas son as protagonistas e non deben ser tuteladas, infantilizadas. Hai discursos moi potentes.

- **Profesionalmente, o teu labor está moi parello ao traballo social, como pedagoga especializada en intervención social, qué consello darías a**

aquelas que coma a min, e o colectivo do que formo parte, atopámonos cos atrancos no día a día da Administración, no pesimismo colectivo, na instalación na queixa, nos recortes do austericidio brutal ao que nos ten conlevado os gobernos do PP... qué podes decirnos ao respecto?

Si, todas somos conscientes dos recortes austericidas, xenocidas actuais. Quizais sería bo comezar elaborar estratexas ás marxes do gubernamental. Considero que as iniciativas do social deben saír do mandado partidario. O ideal sería que houbera un Plan integral social e que non puidese ser derrubado, nin roubado, tan só mellorado mais creo que de existir será fóra das administracións actuais. A crise provocada por eles debe ser a orixe de novos proxectos de solidariedade e resistencia.

• Cal é hoxe o suxeito político do feminismo Laura, xa non nos vale co xenérico da loita pola igualdade, como trans-lésbica podes reflectir, dende a túa experiencia propia sobre isto, hoxe que o postmodernismo cuestiona a existencia do xénero mesmo, lonxe quedamos xa as feministas marxistas da loita contra o heterosexismo na sociedade capitalista e patriarcal...qué pensas que nos sigue unindo a todas as feministas

O suxeito do feminismo é muller, con todas as identidades que no imperio heteropatriarcal somos menospreciadas, vexadas, humilladas e mesmo asasinadas. Enténdese a Loita Transfeminista. A violencia heteropatriarcal exércese sobre todas, é hora xa de entendérmonos e na suma ser máis fortes e contundentes. Ollo con respecto as redes que fan relatorios das agresións, fartas da violencia organizémonos e como faciamos COSAL cremos Brigadas de conscienciación e loita. Estáse a facer moi palpábel «vivir nun estado de sitio, ás veces con toque de queda». É hora xa de asulagar as nosas vilas, facernos presentes.

• E por extensión a todas as persoas que pensamos que «outro mundo é posíbel»

Un outro é posíbel claro, e é necesario, urxente. Mais debemos unírnos, sementar novas ideas, iniciativas que xordan con alicerces fortes e consolídalas. O Feminismo, o TransFeminismo, son ferramentas para dar cumprida resposta ás necesidades sociais de todas nós.

• Benquerida Laura, obrigada máis unha vez, non só por toda esta experiencia combativa na construción de outro mundo e outra Galiza máis fermosa e posíbel para todas nós, senon tamén pola túa implicación e coherencia, e por servir de exemplo na combinación dos afectos e do amor coa militancia política. Quéroche Laura. «Todas somos Laura porque moitas Lauras precisa este país».



Homosexualidad y trabajo social. Herramientas para la reflexión e intervención profesional

AUTOR: Angel Luis Maroto Sáez

EDITORIAL: Consejo General de Diplomados en Trabajo social y Asistentes sociales y Siglo XXI.

ANO: 2006

ISBN: 84-323-1265-7

NÚMERO DE PÁXINAS: 400

Francisco Xabier Aguiar Fernández. Universidade de Vigo.

Comprenderá a compañeira ou compañeiro lector que o primeiro que me veña á mente ao iniciar esta recensión sexa cuestionarme polo feito de convidala a retomar, ou quizais descubrir por primeira vez, unha obra sobre homosexualidade e traballo social que nesta altura xa está de décimo aniversario. O certo é que recomendar a súa lectura nun número de Fervenzas no que se ofrecen varios traballos sobre diversidade sexual resulta máis que oportuno, e mesmo atreveríame a dicir que a obra de Maroto pódese considerar un referente imprescindible na reflexión e abordaxe da homosexualidade desde e para o traballo social. Non só pola súa singularidade ou polo feito de o autor dirixirse especialmente «aos seus compañeiros e compañeiras de profesión», senon porque auna de xeito sobresaínte a súa experiencia persoal e de militante coa reflexión teórica, as aproximacións prácticas e as ferramentas para a intervención profesional.

Esta obra, que foi elaborada e madurada ao longo doutros dez anos previos á saída do prelo, mantén intacta a súa achega teórico-práctica, valor creativo e didáctico, rigor e actualidade. Xorde da autopercepción dunha necesidade de rachar cun silencio perceptible na propia formación académica do traballo social e da inqueda por reflexionar sobre a discriminación social por motivos de orientación sexual. Apela á capacidade crítica ante as

construcións sociais interiorizadas e reproducidas polos propios profesionais e concrétese na necesidade da intervención profesional. Desde o comezo, Maroto deixa constancia de que estamos ante unha obra de carácter aberto, de orixe e finalidade dialéctica, que intenciona e busca a complicidade, a interlocución e o vínculo coas persoas lectoras co obxecto de «promover o cuestionamento, a dúbida, a provocación», poder posionalas de xeito crítico ante o «impecablemente establecido», e deste xeito «avanzar cara a novas perspectivas mentais e vitais máis auténticas» que reclaman un exercicio de revisión persoal e profesional sobre determinados conceptos, ideas ou valores.

O libro estrutúrase en tres partes. Na primeira, denominada «aproximacións teóricas», o autor recolle diversos aspectos conceptuais de utilidade para a súa lectura e comprensión e reflexiona sobre aspectos como: os presupostos que levan á exclusión e discriminación social, o proceso de construción da identidade homosexual, a diversidade en tempos de globalización ou o heterosexismo e a homofobia como dúas facas da mesma intolerancia. Abórdanse cuestións como a homosexualidade na adolescencia, a «saída do armario», a xestión familiar da homosexualidade, a marentalidade e a parentalidade homosexual ou o matrimonio homosexual, entre outras.

Nesta primeira parte tamén se inclúen apartados adicados ás bases teóricas que fundamentan a intervención profesional do traballo social. Maroto presenta as bases necesarias para unha práctica que teña en conta a complexidade e os múltiples factores implicados no proceso de identidade sexual e que promova nos suxeitos unha actitude pro-activa nos cambios desexados, considerando para isto de especial relevancia o empoderamento, o counselling ou os grupos de axuda mutua. De xeito atinado e didáctico, o autor recorre a conceptos e aportacións doutros autores como Giddens, Castells, Touraine, Freud, Hegel ou Foucault, para analizar e reflexionar sobre a situación das persoas gays e lesbianas nas sociedades contemporáneas.

Na segunda parte, denominada «aproximacións prácticas», desenvólvense algunhas experiencias profesionais: desde a creación e posta en marcha dun gabinete de traballo social ou servizo de información, atención e asesoramento de gays e lesbianas; a posta en marcha dun programa en medio aberto de homes homosexuais en situación de especial vulnerabilidade; ou o desenvolvemento dun grupo de axuda mutua para nais e pais de gays e lesbianas.

Por último, na terceira parte do libro recóllense dezasete «anexos» con informacións prácticas, nalgúns casos expostas como preguntas e respostas, relacionadas coa orientación sexual e a homosexualidade. Estes materiais inciden en aspectos e ferramentas útiles para a intervención profesional, especialmente con adolescentes homosexuais e a comunicación sexual aos seus pais e nais. Entre outros, recóllense guías prácticas,

recomendacións para profesionais, voluntariado, nais e pais de fillas e fillos homosexuais e un documento-guía de actuación para traballadoras/es sociais en relación coas persoas homosexuais.

En definitiva, trátase dunha obra con vixencia que apela a cuestionar e modificar estereotipos aínda presentes na profesión e consolidar unha postura máis aberta e informada das diferenzas na sexualidade humana, como requisito imprescindible para a súa valorización e respecto. Proporciona coñecementos e ferramentas claves para traballar tanto na sensibilización, concientización, transmisión de información e formación á poboación en xeral, como para o fundamento e desenvolvemento de intervencións de carácter individual, grupal ou comunitario coas persoas homosexuais.

O seu principal (e non único) valor é o de aquilo que se fai ou se crea desde a experiencia, o coñecemento vasto e o convencimento profundo. Un convite e unha achega valiosa para a reflexión e as intervencións en prol da igualdade, o respecto, a diversidade, a inclusión, o benestar e os dereitos humanos de todas e todos.

«Condicións para presentar artigos en *Fervenzas*, revista galega de Traballo Social»

Fervenzas é unha revista galega de Traballo Social que acepta, para a súa difusión, traballos orixinais e inéditos de interese para a disciplina e para esta profesión en Galicia. *Fervenzas* editase en galego. Poderase valorar a reprodución de traballos non inéditos se o medio de difusión, onde foron divulgados, fose de difícil acceso para os traballadores sociais de Galicia, ou ben noutro idioma diferente ó galego.

Os traballos serán publicados atendendo ó seu interese e ó seu valor científico e/ou profesional. Terán prioridade aqueles artigos que respondan a outros xa aparecidos en números anteriores da revista, ou aqueles que sexan continuación dalgunha temática de interese. Nestes casos, terase que mencionar tal cuestión ó inicio do artigo.

A responsabilidade polo expresado nos artigos corresponde na súa totalidade ós seus autores, non se fará cargo delas a revista *Fervenzas*.

Os autores posúen plenos dereitos de autor sobre os seus traballos, porén, se desexan presentar noutro medio un artigo, xa aparecido en *Fervenzas*, terán que solicitar permiso á revista por escrito e facer mención expresa do lugar orixinal de publicación do artigo.

Fervenzas acusará recibo dos traballos achegados e comunicará a súa aceptación –ou non– para a súa publicación nun tempo prudencial. De ser o caso, tamén emitirá un certificado de publicación do artigo. Por este motivo, non se devolverán os traballos recibidos, recoméndaselle ós autores que conserven unha copia deles.

As seccións en que se encadrarán os traballos son:

1. *Artigos* (investigacións, experiencias profesionais, análises teóricas, metodolóxicas e técnicas, etc.)
2. *En Rede* (presentación descritiva dun equipamento, programa, servizo, asociación, etc.)
3. *Entrevista* (entrevista a persoeiros de especial interese para o Traballo Social)
4. *Comentario de Publicacións* (comprende comentarios e opinións críticas de libros, revistas, coleccións editoriais... En definitiva, de calquera fonte documental de interese para o Traballo Social)

5. *Espazo Aberto* (incluíra comentarios de documentais, filmes, páxinas web, noticias de especial interese para o Traballo Social, etc.)
6. *Reseña de Investigación Social* (incluíra fichas-resumo de teses ou tesíñas) Os apartados que debe ter son: Título, autor/a, natureza do traballo (tese), ano de referencia, accesibilidade ao documento (biblioteca no que se pode atopar a tese ou tesíña), palabras clave, síntese do contido, método e principais conclusións.
7. *Outros* (eventualmente, divulgaranse cuestionarios, crónicas de eventos científicos de especial importancia, etc.)

A PRESENTACIÓN DOS ARTIGOS DEBE ATERSE AS SEGUINTEs NORMAS:

Os artigos teñen que ser presentados en galego, por escrito, en papel DIN-A4 (escritos por unha soa cara e con numeración correlativa) e en soporte informático (memoria USB ou CD) na sede do Colexio, ou a través do correo electrónico fervenzas@traballosocial.org, en formato Word, tipo de letra Arial, tamaño 12 e interliñado 1,5.

Con carácter xeral, deberá terse en conta o uso dunha linguaxe non sexista na redacción dos traballos.

Nunha primeira páxina aparte recollerase: o título do artigo; o nome do autor ou da autora ou das autoras e autores; a súa profesión; a institución, lugar de traballo ou campo en que desenvolve o seu labor. Se se desexa poderase remitir un resumo dunhas 10-15 liñas sobre a súa produción científica máis importante (publicacións, proxectos de investigacións, informes, etc.) ou sobre proxectos de intervención social, experiencias innovadoras, etc. onde teña participado. Tamén se indicará un número de teléfono e un enderezo postal e/ou electrónico de contacto que o/a autor/a autoriza que poida ser divulgado por Fervenzas para que as/os lectoras/es contacten con el/ela. Poderanse incluír ao pé da primeira páxina os datos do/da autor/a sempre que este o autorice expresamente ao COTSG.

Os artigos: terán que vir acompañados **obrigatoriamente** dun resumo en galego, un resumo en castelán e un resumo (*Abstract*) en inglés (cada un deles dunhas 10-15 liñas), ademais de cinco palabras clave en cada un destes idiomas, galego, castelán e inglés (*Keywords*). A Mesa de Redacción de *Fervenzas* ofrecerá asesoramento a aquelas/es autoras/es que o necesiten para a tradución dos resumos. O desenvolvemento do artigo terá como mínimo 10 páxinas e como máximo 30, incluíndo gráficos, táboas, bibliografía, etc.

Respectaranse as cursivas e negriñas que aparecen no texto orixinal do/a autor/a pero a edición non leva subliñados.

As notas a pé de páxina terán letra tipo Arial, tamaño 10 e interliñado simple.

Os cadros, táboas, gráficos e figuras terán que intercalarse no artigo e terán obrigatoriamente que presentar: numeración, título e fonte de procedencia dos datos (ó pé destes). Recoméndase presentar unha análise dos datos aparecidos en táboas, gráficos, etc.

As referencias bibliográficas do artigo presentaranse ó final do texto, por orde alfabética.

NORMAS DE PRESENTACIÓN DAS CITAS E DAS REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

AS NORMAS PARA CITAR SON AS SEGUINTEs:

Empregarase sistema *autor-data* no texto.

Primeiro apelido do/da autor/a (se é moi común pódese engadir o segundo). O/s apelido/s poden presentarse dentro ou fóra dunha paréntese, segundo como o pida o texto.

Exemplos: (Piñeiro, 2011) ou Piñeiro (2011)

- Outra posibilidade é citar o/a autor/a e o ano da obra fóra de paréntese

Exemplo: ... xa no ano 2000, Piñeiro...

Se a cita é **literal**: despois do ano de publicación da obra, seguido de dous puntos, ten que indicarse o número da páxina onde se localiza o texto citado.

- **Segundo o tamaño das citas pódense presentar de dúas formas:**

a) Cita literal curta (menor de 40 palabras): incorpórase no texto entre comiñas a seguir.

Exemplos: (Piñeiro, 2011, p. 35) ou Piñeiro (2011, p. 35)

Se se utiliza material de internet, por exemplo, onde non están indicadas as páxinas, pódese empregar tamén o número de parágrafo (parág. 35)

b) Cita literal longa (maior de 40 palabras): destácanse no texto sen o uso de comiñas. Ponse nun bloque nunha liña nova, aplicando na marxe esquerda unha sangría maior e toda a cita a dobre espazo.

Substitúense por puntos suspensivos (...) as palabras ou frases omitidas.

Débese referenciar sempre o texto que se cita.

Utilízanse os corchetes [] para encerrar material inserido nunha cita por unha persoa que non é o autor orixinal (aclaracións, por exemplo).

- **Cando hai máis dun/dunha autor/a**

a) Cando son **dous autores**ponse o 1.º apelido dos dous seguido de coma e ano (e número de páxina se a cita é literal).

b) Se son **3, 4, 5 ou 6 os autores**, a 1.ª vez póñense todos, e nas seguintes ocasións que se citenponse o 1.º e «et al.».

c) Se son **máis de 6 autores**, no textoponse o/a 1.º autor/a e «et al.».

- **Autor citado por outro autor**

Segue as pautas anteriores e engádese ao inicio o 1.º apelido do autor citado inicialmente, seguido de: como se citou en

Exemplo: (Piñeiro, como se citou en Ibáñez, 2008)

Neste caso, nas referencias bibliográficas recolleríase o libro de Ibáñez

Para citar táboas e figuras


Diferéncianse dous tipos de representación gráfica: as táboas e as figuras. Enténdese como figura calquera outro tipo de ilustración diferente das táboas, isto é: cadros, gráficos, diagramas, organigramas, mapas, fotografías, debuxos, xenogramas...

- No caso de táboas, numéranse na orde que se van mencionando no texto, con números arábigos. Ademais, colocarase o número e título na parte superior, o título situarase en letra cursiva e nunha liña inferior ao número. As notas da táboa colócanse debaixo desta, comezando pola palabra «nota» en cursiva; a fonte é un tipo de nota. Exemplo:

Táboa 1.

Individuos consumidores dos diferentes medios de comunicación

Nota: Fonte: Elaboración propia a partir do EXM 2010



- Cando se inclúe unha figura, colocárase a palabra «figura» en cursiva seguida do número desta (numeración arábigos correlativos), seguida do título.
- En canto á fonte, procederáse do mesmo xeito que nas táboas, pero suprimindo a palabra «nota».

Gráfico 6. Posición do punto na páxina




Figura 1. Posición da nova dentro da revista.

Fonte: Elaboración propia a partir do EXM 2010

A listaxe que se inclúe ao final do documento cos datos de todas as citas que se realizaron ao longo do texto denominárase REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS. Así, chámase BIBLIOGRAFÍA á listaxe doutras fontes que non estean citadas no corpo do traballo.

A BIBLIOGRAFÍA TENSE QUE ELABORAR SEGUNDO AS NORMAS SEGUINTE:

Libro

- 1) **Primeiro apelido** do/da autor/a separado por unha coma da **inicial do nome**. Se o 1.º apelido é moi común pódese engadir o segundo (pauta que rexe en calquera tipo de referencia).

Se son varios autores sepáranse por **comas** e o último únese coa conxunción **e**. Se os autores son **máis de 6** consígnanse os 6 primeiros, puntos suspensivos e o apelido do último autor.

Se se trata dunha obra colectiva a cargo dun/dunha coordinador/a, director/a, compilador/a, indícarase entre paréntese abreviado despois dos nomes.

Cando non figura o/a autor/a e o libro é editado por unha institución/organismo indícarase o nome desta como autor.

Se no libro non figuran os apelidos e o nome do/da autor/a, colócase o título na posición do/da autor/a.

- 2) **Ano** da edición entre paréntese seguido de punto.

Se a data non se atopa dispoñible, entre paréntese e seguido de punto, indícase (s. d.), que significa «sen data».

Se se fai referencia a varias obras dun/dunha mesmo/a autor/a ordénanse por orde cronolóxica, da máis antiga a máis recente, e se son do mesmo ano, empregaranse letras minúsculas para diferencialas despois do ano; ambos os datos van entre paréntese.

- 3) **Título e subtítulo** en cursiva seguido de punto. O subtítulo escríbese tras o título e dous puntos.
- 4) Cando se considere oportuno indícarase o número da **edición** entre paréntese despois do título. Se a obra está editada en varios volumes, e se considera unha información relevante para os efectos de localización, indícarase o número do volume correspondente despois do título, entre paréntese.
- 5) **Lugar da edición** seguido de dous puntos. Se non se pode determinar o lugar de edición escríbese entre paréntese (s.l.), que significa «sen lugar».
- 6) **Editorial** seguido de punto. Se é o/a autor/a o que edita despois do lugar de edición, seguido de dous puntos,ponse o termo autor. Se se descoñece o lugar de editorial e non se pode investigar, escríbese entre paréntese (s.n.), que significa «sen nome».

Exemplo:

Piñeiro, J. (2007). *O poder do pensamento*. Lugo: Terra

Se se tratase dun libro electrónico. Ao final de todos os puntos citados escribiríase: Recuperado de (URL).

Exemplo:

Piñeiro, J. (2007). *O poder do pensamento*. Lugo: Terra.
Recuperado de www.pensamientoseideas.org

Capítulo dun libro

- 1) **Primeiro apelido e inicial do nome** do/s autor/es do capítulo (nos mesmos termos que para os libros) seguido do ano de edición entre paréntese, seguido de punto.
- 2) **Título** do capítulo seguido de punto.
- 3) **Uso do enlace: En**
- 4) **Inicial do nome e apelidos** do que está ao coidado do libro en minúsculas, seguido da indicación entre paréntese do que proceda (Coord., Dir., Comp.,...)
- 5) **Título do libro** en cursiva e sen punto ao final
- 6) **Páxinas** nas que se localiza o capítulo entre paréntese e seguido de punto. Antes das páxinas escribirase o número do volume, se procede.
- 7) **Lugar** seguido de dous puntos e **Editorial**.

Exemplo:

Piñeiro, J. (2003). A forza do pensamento positivo. En C. Torrejón (Coord.) *A incertidumbre do futuro* (Vol. 2, pp. 40-55). Lugo: Terra

Tras o número de páxinas e antes do lugar, escribirase, de ser o caso, entre corchetes os elementos importantes para a identificación da obra. Exemplo: [CD], [Monografía]...

Artigo de revista

- 1) **Primeiro apelido e inicial do nome** do/s autor/es seguido do ano da publicación e referencia temporal entre paréntese, seguido de punto.
- 2) **Título** do artigo seguido de punto (nunca en cursiva)
- 3) **Nome** completo da **revista** en cursiva seguido de coma.

- 4) **Número do volume** en cursiva (sen indicar «vol.» previamente). Se fose o caso indícase a continuación o número do exemplar entre paréntese sen espazo e seguido de coma.
- 5) **Páxina inicial-final** do artigo. Posteriormente escribirase entre paréntese o número da edición, se é o caso.

Exemplo:

Piñeiro, J. (2003, 1.º semestre). A mocidade da sociedade actual. *Revista de pensamento filosófico*, 15, 40-55.

Se se tratase dunha revista electrónica, seguiría o mesmo formato, e tras a páxina indicando o inicio e final do artigoponse un punto e escríbese **Recuperado de** e a URL da páxina web de obtención da revista.

Material de congresos, xornadas, seminarios...

- 1) **Primeiro apelido e inicial do nome** do/s autor/es.
- 2) **Mes e o ano** de celebración entre paréntese e punto.
- 3) **Título do material** presentado seguido de punto.
- 4) Indícase **Comunicación presentada ao...**
- 5) **Título do congreso** en cursiva e punto.
- 6) **Nome da organización** organizadora do evento seguido de coma.
- 7) **Cidade** na que teñen lugar.

Exemplo:

Piñeiro, J. (2005, febreiro). O cambio na mocidade. Comunicación presentada ao *I Congreso Internacional de Xóvenes Pensadores*. Universidade de Santiago, Lugo.

Textos normativos recollidos en diarios ou boletíns oficiais

- 1) **Nome da publicación** en cursiva, seguido de punto.
- 2) **Autoría**: nome da institución/organismo que dita a norma.
- 3) **Número da publicación**, seguido de coma.
- 4) **Data de publicación**.

Exemplo:

Lei 39/2006, do 14 de decembro, de *promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*. *Boletín Oficial do Estado*, 299, do 15 de decembro de 2006.

Material electrónico: páxina web

- 1) **Apellido e inicial do nome do/s autor/es** se é posible a súa localización. De non ser posible, indícase o nome da **entidade responsable**.
- 2) **Ano** entre paréntese e punto.
- 3) **Título** do documento en cursiva seguido de punto.
- 4) Indícase **recuperado de** e a **dirección URL**. Aínda que non é obrigatorio, pódese sinalar, se se considera relevante, a data de obtención do documento poñendo **recuperado o** (día, mes e ano).

Exemplos:

Piñeiro, J. (2011). *Novas tecnoloxías e mocidade*. Recuperado de <http://www.jonenesactualidad.es>

Teses

- 1) **Primeiro apelido e inicial do nome do/s autor/es**.
- 2) **Ano** entre paréntese e punto.
- 3) **Título da tese** en cursiva. A continuación indícase entre paréntese -sen cursiva- (tese de doutoramento)
- 4) **Nome da institución** na que foi realizada, seguido de coma
- 5) **Lugar**
- 6) Se se obtivo en formato electrónico engadírase **Recuperado de** e a dirección URL correspondente

Para máis información consultar: www.apastyle.org.

A presentación de traballos para o resto das seccións da revista:

Axustarase a tipografía e normas solicitadas para os artigos coas seguintes indicacións específicas: *En Rede* terá como máximo 10 páxinas por achega; *Espazo aberto* e *Comentario de Publicacións* terá como máximo 3 páxinas de extensión. Ningún destes apartados necesita resumo, palabras clave ou bibliografía.

Envíen os traballos a: fervenzas@traballosocial.org

Correo postal: Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG)

Rúa Dublín 6, Baixo, porta 3. 15707 Santiago de Compostela

Para calquera outra indicación: Tel: 981 56 81 00 | Fax. 981 94 18 98

